
Queique

2009/10

1ª PARTE

voceiro neogaleguista



IES Maruxa Mallo de Ordes.

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

		PÁX
1ª PARTE	PRESENTACIÓN	4
	ENTREVISTAMOS A	
	SUSO DE TORO	5
	EMILIO PÉREZ TOURIÑO	21
	XOSÉ RAMÓN GAYOSO	39
	JESÚS VÁZQUEZ	47
	IVAN RAÑA	61
	ALBERTO BOUZAS	69
	ANGEL CARRACEDO	73
	SUSANA SEIVANE	83
2ª PARTE	QUERES SABER QUE É POESÍA?	89
	ÉCHE CONTO LONGO...	
	KEISHA	93
	COÑECINO NO TEATRO	99
	UNHA FILLA CHAMADA SARA	100
	XAQUÍN	100
	ALÍ ESTABA RAMONCIÑO	101
	QUE RARAS SON!	102
	A VECES PREFERIRIA QUE OS SOÑOS NON EXISTIRAN	102
	UN SECUESTRO PLANEADO	103
	OS 3 DÍAS	105
	O QUE FAN OS SOÑOS NON CUMPLIDOS	107
	QUE PASARÍA CONTIGO, MARCOS?	107
	DICIR A VERDADE NON SEMPRE É BO	108
	VAIA IMAXINACIÓN TEÑEN OS NENOS!	109
	A AULA ENCANTADA	110
	ONDE VAN TODOS	111
	UNHA RECEITA PARA UN DÍA DE PAIXÓN INFERNAL	111
	TRADICIÓN SORPRESA	112
	AMIGOS DE SEMPRE	113
	AMOR, VINGANZA E MORTE	114
	A SOMBRA QUE NOS SIGUE	115
	AMOR DE VERDADE	116
	NON TE NAMORES SE NON QUERES SOFRIR	117
	DANTE	118
	GRACIAS Á CABANA	119
	SECUESTRO OU ABDUCIÓN?	120
	UN NENO MOI ESPECIAL	121

INDICE

		PÁXINA
PARTE 2	UNHA NOVA VIDA CUNHA PEQUENA SORPRESA	123
	SEMPRE TE AMAREI	128
OS NOSOS DRAMATURGOS	CELESTINA 3000	129
	UN PEQUENO MOMENTO ESPECIAL	131
ENTREVISTAMOS A...	KASTOMÁ	133
	HUGO TORREIRO	135
	JESÚS MANUEL IGLESIAS VILARIÑO	137
	XOSÉ FERNANDO CONDE GIL	138
	CARMEN SEOANE MARTÍNEZ	139
	DANNIEL, voz principal da Orquesta Olympus	140
	RAMIRO RECOUSO LISTE	141
	CARLOS, SARXENTO	143
	XESUSA CASTRO MOAR	144
	SD CLUB ORDENES: tres xeracións	145
	PABLO GUILLERMO SAMARTÍN BIENZOBAS	153
	GONZALO CASTRO	155
	A VIDA DE ROSA NO INSTITUTO	161
	MARIA BODELO VEIRAS	162
	HÉCTOR ANDRÉS INOSTROZA GONZÁLEZ	163
	XOSÉ NEIRA CRUZ	167
PARTE 2	INTERVIEW BY	174

O Consello da Cultura Galega dirixiuse ao instituto o ano pasado para solicitarnos unha colección completa da nosa publicación nacida no curso 2000-2001 baixo o nome de "Kake" e rebautizada en 2007-2008 como "Queique". A carpeta que contiña a única colección completa, reunida daquela, e que entreguei en persoa a Rosa Aneiros, fica no Pazo de Raxoi desafiando ao tempo. Mais como nós hoxe non estamos para arqueoloxías, senón vivos e con ganas de marcha, temos o inmenso pracer de sacar á luz un novo número, que fai o décimo e que amosa que aínda estamos medrando, vivos e cheos de forza.

Prézome de dirixir esta publicación desde o seu cambio de cabeceira, "Queique. Voceiro neogaleguista", denominación que algún día haberá que explicar. E teño que presumir necesariamente pola satisfacción do traballo ben feito e pola plenitude que concede saber que formas parte de algo. De algo grande, difícil de definir, que te transcende como individuo.

Nun modesto centro de ensino público, con menos dunha ducia de grupos, onde só se imparten catro cursos do Ensino Secundario Obrigatorio e un Programa de Cualificación Profesional Inicial, a medio camiño entre A Coruña e Santiago de Compostela, un par de promocións de alumnos, e alumnas –sobre todos alumnas-, e o seu profesorado son quen de fundirse nun grupo de traballo que obra o prodixio de transformar en ensino superior, o ensino medio.

A primeira mostra clara da alquimia ordense viu a luz hai agora un ano, o 17 de xuño de 2009, día en que un xornal escolar bateu todas as marcas de edición –falta aínda por comunicarllo ao *Libro Guines dos records*- cos 10.000 exemplares d'*A Voz do IES Maruxa Mallo*. Aquela ducia de páxinas distribuídas de balde coa edición compostelá de *La Voz de Galicia* condensaban as cento cincuenta do *Queique* e mostraban que o enfoque informativo, ensaiado o curso anterior, tiña sentido e futuro.

O traballo que hoxe presentamos correspóndese a unha árbore de sólidas raíces e tronco robusto, chea de froitos. É un traballo colectivo a medrar ao longo do tempo, que naceu na colaboración entre Lingua Galega e Educación Plástica e que se estendeu como un regueiro de pólvora aos departamentos de Castellán e Naturais pero que estoupou coma un foguete durante o presente curso cando Isabel Mato pronunciou a palabra máxica "Europa" que convocou ao de Inglés, Tecnoloxía e Sociais. Renuncio a cuantificar a cifra dos colaboradores deste número que supera con moito o medio cento.

Ademais de colgarse na internet e de imprimírense algunhas copias en papel, o *Queique* deste ano

aparece en dous formatos máis. En CD, ao lado dun traballo sobre os nomes de persoa, e nun DVD no que ademais de todo o anterior, publicamos tres vídeos. O primeiro deles é unha composición –de máis de media hora- con fragmentos subtítulados ao inglés das oito entrevistas aquí recollidas. O segundo audiovisual dá conta da nosa conversa co anterior presidente galego, Emilio Pérez Touriño, primeira exclusiva completa –de máis de noventa minutos- que dá tras abandonar a primeira liña política. Por último este DVD aínda contén outra entrevista –de similar extensión- que se brindou a concedernos na nosa biblioteca Suso de Toro, onde nos daba a primicia de que se reincorporaba ao ensino tras dar por concluída a súa experiencia como escritor profesional. Aínda está no estudio de edición un segundo DVD coa montaxe audiovisual das restantes entrevistas completas. Mais o formato "texto" que agora presentamos anticipa o contido das conversas con Xosé Ramón Gayoso, co conselleiro de educación Jesús Vázquez, con Iván Raña, co cardiólogo emerxente Alberto Bouzas, con Ángel Carracedo –o noso Housse verdadeiro- e cunha destacada representante do folk galego, Susana Seivane.

Tras esa sección *Comenius* presentamos un capítulo de creación literaria do alumnado de terceiro con exemplos de lírica, de narrativa –máis ou menos longa- e de dramática. E rematamos con outros exercicios xornalísticos, unha reportaxe do Club "Órdenes" e quince entrevistas a xentes variadas: políticos, un soldado, unha deportista, un escritor, un policía, un cantante, unha compoñedora, un actor, un supervivente do terremoto de Chile, a directora do instituto, un queixeiro, un grupo de música ou unha veciña que ofrece o seu tempo para que subsista a tradición das "merendiñas".

Estimadas lectoras e lectores, pónhase a barlovento das présas, abran a nosa proposta e déixense levar. Non os defraudaremos, lean o relato de Nuria, a entrevista a Neira Cruz, a do home que sobreviviu a un terremoto e a un *tsunami*... e mais todo o demais.

Xosé Manuel Fernández Castro

Xesús Miguel de Toro Santos (Suso de Toro) naceu en Santiago de Compostela, en 1956. Publicou máis de 20 libros en galego. Escribe guións para televisión e artigos xornalísticos. Tamén participa en programas de radio de forma habitual.

Manexa moi ben o idioma e os mitos. A súa vida está intimamente ligada a Galicia. Afectoulle moito a catástrofe do Prestige e foi un dos fundadores da plataforma 'Nunca Máis' e liderou as manifestacións que se levaron a cabo.

Unha das súas novelas, 'Trece badaladas', acadou un gran éxito, tanto de público como de crítica, e foi traducida ao castelán en 2003. Foi galardoado co Premio Nacional de Narrativa e o libro foi traducido a varios idiomas e serviu de inspiración para unha película.

A súa obra está traducida a varios idiomas e estúdase en algunhas universidades europeas. 'A sombra cazadora', 'Non volvas', 'Conta saldada' e 'Calzados Lola' pronto serán levadas ao cinema.

PREMIOS

Premio da Crítica de Galicia en 1988
Premio da Crítica Española en 1993 y 2000
Premio Blanco Amor de Novela in 1997
Premio Nacional de Narrativa en 2003

PUBLICACIÓNS

Caixón desastre (1983)
Polaroid (1986) Premio galego da crítica
Land Rover (1988)
Ambulancia (1990)
Tic-tac (1993) Premio español da crítica
A sombra cazadora (1994)
Conta saldada (1996)
Unha rosa é unha rosa (1997), theater
Calzados Lola (1997) Premio Blanco Amor
Círculo (1998)
Non volvas (2000) Spanish Critics' Award
Trece badaladas (2002)
El príncipe manco (2004)
Morgun (2004)
Home sen nome (2006)
Sete palabras (2010)

PERIODISMO

Parado na tormenta
Eterno retorno
O país da brétema
A carreira do salmón
Nunca mais Galiza á intemperie
Españois todos: As cartas sobre La mesa
Ten que doer: literatura e identidade
Outro idea de España: Mar de fondo
Madera de Zapatero
Outra Galiza (2008)



Data entrevista: **Venres, 26 marzo**

Preguntas e entrevista:

Lidia Remuiñán Rey
Lidia Sabel Blanco

Asesoría:

Xosé Manuel Fernández Castro
Ana M^a Calvo Mariño

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

M^a Isabel Mato Torres

Transcrición galego:

Paula Gende Candal,
María Tasende Vilariño
Noelia Varela Rey
Gonzalo Pulleiro Juncal

Supervisión transcrición galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez
Xosé Manuel Fernández Castro

Traducción inglés:

M^a Isabel Mato Torres

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya

Contacto co entrevistado:

M^a Isabel Mato Torres

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán



Como se define Suso de Toro a si mesmo? É o mesmo de cando comezou a súa andaina literaria?

Nunca se é o mesmo. Cos anos unha persoa é, máis non é, a mesma. Porque tes un carácter, unha maneira de ser, e iso non cambia. Hai unha cousa que non sabedes probablemente os adolescentes, ou descubridelo máis adiante: os adultos seguen a ser o mesmo rapaz que foron. No fondo, un home ou unha muller sempre é o rapaz ou rapaza que foi. Os adultos seguimos véndonos como cando tiñamos 13, 14 ou 15 anos. Iso é curioso. De feito pasa moitas veces que un vello chega a vello e séguese vendo a si mesmo como un neno. Por iso é moi frecuente oír a un vello "como se pasou a vida! Que rápido pasou!", porque segue véndose como era daquela. O carácter non cambia. Eu sigo a ser o mesmo de carácter, polo tanto sigo a ser o mesmo adolescente que vive moito cara a dentro, que ten unha imaxinación desbordada, que lle gusta falar, que lle gusta contar, probablemente sentimental, eses rasgos daquel adolescente que fun quizais os manteña. Agora ben, na vida vanche pasando cousas e vas cambiando. Eu era un escritor, nos meus comezos de adolescente, moi inquieto, moi de ensaiar cousas novas, de experimentar cousas novas, e creo que iso sigo a selo como escritor. Cada libro meu é distinto do outro. Por que? Por un capricho? Non, porque realmente o que a min me gusta cando escribo un libro é que cada libro é un desafío. Non é tanto un libro como un propósito. Apetécame facer isto, ou ensaiar isto outro, gustaríame poder traballar este tema, entendes? Para min, creo que si sigo a ser aquel adolescente inquieto, incluso molesto para os demais, porque ás veces son moi crítico, comigo mesmo e cos demais tamén. Creo que sigo a ser o mesmo.

Cales son as diferenzas máis importantes entre a súa primeira obra narrativa, *Land Rover*, e a última, *Sete palabras*?

Ben, a miña primeira obra narrativa que me publicaron

foi un contíño no ano 82. Logo no 83 ou 84 saquei un libro de contos que se chamaba *Caixón desastre*. E logo foi *Polaroid* polo ano 86. Eses libros, incluído *Land Rover*, que é unha novela, son todos experimentais. Cántanse historias, pero tamén ensáíase, xógase con cousas. Experimento de que maneira vou contar unha historia, e experimento de todas as maneiras. É dicir, xoguei con moita liberdade, hai moito de xogo, por así dicir. E quizais *Sete palabras* xa se corresponde coa idade que vou tendo, vas vivindo e vaste facendo máis sereno e máis tranquilo. Non sei se é menos experimental no fondo, pero na superficie, no aspecto, parece un libro máis clásico. Non sei se contestei.

Xesús Miguel de Toro Santos, ten a mesma perspectiva dun creador de novos espazos e universos literarios como cando se transforma en Suso de Toro, o narrador?

Pois vamos ver, para Xesús Miguel de Toro Santos empecei sendo o que a miña tía chamaba "o vello dos contos", é dicir, alguén que nace da oralidade. O que me gustaba realmente era ouvir contos, ouvir historias, que ás veces contabamos os nenos entre nós, e a partir de aí realmente empezo a facer literatura, desde o máis humilde. A miña familia non é unha familia na que meus pais tivesen estudos, nin meus avós. Eu empezo realmente coa literatura máis pobre e máis popular, coa oralidade, coa literatura oral, coa palabra, cos contos que se contan, cos sucedidos e coas invencións. Posteriormente de neno, e logo de adolescente empezo a ler literatura máis culta, desde Valle-Inclán cara adiante, literatura doutros países, doutras linguas, literatura do século XX, do século pasado. Todo iso fórmame. Pero realmente, como Xesús Miguel de Toro Santos, a persoa particular, intento ser unha persoa que ten unha vida privada, e vivir de acordo coa idade que teño e co papel que teño. Son un adulto que é pai de familia e teño que vivir de acordo con certas normas e con certas limitacións. Non ten a mesma liberdade unha persoa solteira e ceiba, que non ten responsabilidades con ninguén, que unha persoa que ten responsabilidades con outros. Entón eu teño que ser un adulto, digamos, responsable, interpretado á miña maneira, cada un entenda ser adulto dunha maneira distinta. Pero unha cousa é, efectivamente, o cidadán particular, a persoa particular, e outra cousa é o escritor. Como escritor, en cambio, teño que ser responsable tamén, pero teño que ser moi libre. A literatura pídeche unha gran liberdade, tes que ser moi libre para escribir exactamente o que ti queres. Realmente un escritor ten que sentirse moi libre para decidir "vou facer isto aínda que pareza unha barbaridade porque creo que o debo facer", sen importar que outras persoas me digan que é unha barbaridade, ou un disparate, ou que non ten xeito. Se ti estás convencido de que o debes facer, débello facer.

Pero o escritor tamén ten unha responsabilidade. Coa túa obra podes influír nos demais, influír no sentido positivo ou negativo. Debes evitar influír negativamente, trasladar malas ideas a outros, ideas antihumanas, ou defender cousas que sexan odiosas, cousas que lles fagan dano ás persoas. Pero con esa responsabilidade de fondo, tamén necesitas moita liberdade. Entón digamos que Xesús Miguel de Toro Santos é un cidadán particular que ten unha marxe



de liberdade menor. En cambio o escritor Suso de Toro, cando escribe, séntese moi libre, escribe os libros que quere escribir, por iso me saen uns distintos dos outros.

Como e cando naceu Suso de Toro como escritor?

Pois vamos ver. Hai un rapaz que, con 13 ou 14 anos, xa quere empezar a escribir, e con 15, 16 anos, empeza dun modo máis sistemático e ordenado a buscar, a formarse literariamente, a decidir que libros quere ler, que autores ten que ler, a enterarse e preguntar. Ese adolescente, ese escritor, empeza xa a esa idade. Daquela nin me chamaba Suso de Toro nin nada, eu era Suso. O meu nome formal, oficial, é Xesús Miguel de Toro Santos, pero non existía o Suso de Toro. Suso de Toro comeza no ano 82 cando me premian un conto. Publicanme un conto nun libro colectivo e vexo que no libro están os nomes de varios autores: primeiro conto, Fulano de tal, segundo conto, "De 10 a 11", un conto moi breve, e debaixo viña Xesús Miguel de Toro Santos. Entón, cando vin aquilo dixen "desta maneira nunca chegarei a nada como escritor, cun nome tan longo ninguén se vai acordar". O nome ocupaba o dobre ou o triplo do que ocupaba o título da obra. Para o segundo libro, un libro de contos, de narracións, que se chama *Caixón desastre* pensei "teño que ter un nome de autor, non podo asinar con todos os meus nomes, teño que escoller". Entón seleccionei un nome que é o primeiro apelido e

o nome hipocorístico, o nome común co que me chaman. Sabedes que na Galiza aos Xesuses chámannos Chuchos ou Susos. A min chamábanme Suso, e decidín que ía asinar Suso de Toro. Escollín un nome moi breve. Despois díxéronme que era un pseudónimo moi bonito. Pois cadrou así, viña sendo como me chamaban.

Vostede dixo nunha entrevista que "sen imaxinación non somos case nada". A que se refería?

En primeiro lugar, hai que ter en conta que a imaxinación e mais a memoria están no cerebro no mesmo lugar, é dicir, imaxinación e memoria nas persoas veñen sendo case o mesmo. Por iso, ás veces, cando les a obra dun autor ou autora, se logo sabes aspectos da súa vida, dáste conta, decátaste de que o autor ou autora fala do seu mundo, da súa vida. A nosa imaxinación ten uns límites, a de todo o mundo. E os límites da nosa imaxinación están relacionados basicamente co que vivimos e co que coñecemos. Hoxe en día nós sabemos moito a través da televisión, dos filmes. Polos programas da televisión coñecemos moitos lugares onde nunca estivemos. Se cadra nunca estivestes en Nova York, pero estades fartos e aborrecidos de saber que os taxis alí son de cor amarela, e de que hai edificios enormes, altísimos, e de que alí hai xente de todos os países, e de que uns falan inglés e outros non, e que hai un río, e que hai delincuentes. E tamén sabedes que os policías de Nova York visten de cor azul. Iso sabémolo todos porque estamos fartos de ver imaxes e información audiovisual. Hoxe en día temos a imaxinación ensanchada ou alimentada por moita información. Isto non acontecía hai 50 ou 100 anos. Hai cen anos a xente que vivía aquí só sabía do mundo exterior o que lle contaban os que viaxaban fóra. Cando viña alguén de Cuba, de Brasil ou Arxentina a xente preguntáballe "E como é alí a vida?, e que comen?, e como se vive?, e que falan?". Entón eles contábanche "Pois alí vai moita calor e hai moita xente desta maneira". Nós hoxe temos unha información enorme, sen darnos conta sabemos moito. De todos modos, basicamente o que nos alimenta é o que temos vivido. Por iso quen naceu nunha aldea, por exemplo, se logo escribe, tende a escribir cousas propias do mundo en que naceu. Quen naceu nunha cidade tende a tal, quen nace nunha casa de xente rica e con estudos onde hai biblioteca, os seus pais eran marqueses ou notarios ou o que sexa, pois contan historias da xente da burguesía ou da nobreza. Os que nacen nunha familia traballadora, nun ambiente de traballo contan historias dese mundo. Case sempre hai unha correspondencia entre o autor, as historias que conta, o tipo de personaxes,

e o mundo de onde vén. O que non me acorda agora é cal era a pregunta... “sen imaxinación non somos case nada”. Efectivamente, pois creo que tiña razón. Ás veces un di unhas cousas e máis adiante ve que non tiña razón, pero neste caso creo que si teño razón. A memoria e a imaxinación están relacionadas. A memoria é a imaxinación levada cara atrás, e a imaxinación é a memoria levada cara adiante. Quero



dicir que debemos coñecer o noso pasado para imaxinar o noso futuro. Unha persoa que non sabe quen é, que perde a memoria, non é capaz de imaxinar cousas, a que cousas pode aspirar, que cousas lle gustarían, que cousas lle agradarían. Imaxinemos que unha persoa perde a memoria dun modo absoluto, que non sabe quen é, de onde é, cal é o seu pasado, a súa vida. Esa persoa é como un náufrago, que non ten cara a onde ir, non ten ningunha nave, nin unha lancha, nin tampouco un porto a onde ir, nin sabe a onde quere ir, é unha persoa que queda quieta, fica parada, párase no medio e non sabe cara a onde ir. Está atordoada. Por iso digo que a memoria é o alimento, é a base necesaria para a imaxinación, para proxectar, é dicir, eu veño de aquí, eu son deste lugar, desta xente, desta historia, e gustaríame conseguir isto outro. E no fondo, se en vez de pensármonos a nós mesmos, como un individuo, como unha persoa soa, se nos vemos como un membro dunha cadea, dunha estirpe, dunha familia, que nós continuamos aos nosos maiores, se o pensades dese modo dádesvos conta de que os vosos pais teñen unha historia, e que para vós imaxinaron outra historia. Para vós desexan unha perspectiva, un horizonte, unhas cousas distintas, e sempre, ou case sempre, mellores cás que tiveron eles. Iso é posible porque as familias teñen imaxinación, teñen memoria, saben de onde veñen e, ao mesmo tempo, teñen imaxinación. Esa imaxinación, eses plans de futuro, proxéctanos en vós, que sodes fillos, e nun futuro seredes nais ou pais, e entón probablemente, faredes o mesmo, e diredes “o meu pai e a miña nai era isto, gustáballes

aquilo, e pensaban nisto. Querían para min tal, e eu agora, que non puiden conseguir isto, a ver se vós o podedes facer”. E proxectaredes probablemente neles unha ilusión, un horizonte, un futuro. Isto é necesario, é humano, e ademais é necesario. Pero tampouco hai que afogar os fillos coas frustracións, coas ilusións dos pais. Cada un de nós continuamos aos que viñeron antes, aos nosos maiores, pero tamén, somos persoas, individuos, temos dereito a ter unha vida que non nola dean programada, a ter as nosas opcións, porque cada un de nós somos un *cocktail* xenético, somos unha mestura, cada un de nós, aínda sendo irmáns xemelgos, somos distintos. Cada un de nós temos dereito a ter unha vida, a nosa vida, a vida particular, persoal, única. E temos dereito a escollela.

Se só se lle permitise seleccionar unha das súas obras para que quedase para a Historia literaria, cal sería? Por que?

Pois probablemente este último libro, que se chama *Sete palabras*. E se non fose ese, ao mellor escollía un libriño que é *A sombra cazadora*, que lle quero moito. É unha narración que está nunha colección xuvenil e sempre digo que é o libro que está máis cerca do meu corazón. Pero ben, son os gustos de cada un. Cando tes moitas obras, e eu teño xa moitos, moitos libros, creo que xa ando nos trinta, pois son xa moitos libros, e cada libro ten o seu lector. Eu encóntrome frecuentemente con moitas persoas que me din “pois gustoume tal libro”, e logo está o outro ao lado que di “pois a min gústame tal”. Cada un temos os nosos gustos. Os lectores dun autor que ten tantas obras coma min, cada un ten as súas preferencias. Hai moitos lectores entusiastas dun libro meu anterior, que se chama *Tic-Tac* e son entusiastas dese. Outros son de *Trece badaladas*, eu que sei. Eu, para min, collería este último *Sete palabras*, probablemente.

É moi diferente escribir guións para unha serie, como *Servicio de Urgencias*, que escribir unha novela como *A sombra cazadora*?

É completamente distinto. Cando escribes un guión tes uns límites. Cando se escribe un libro, escribo unha persoa soa, sentada na súa casa ou no seu despacho, e ten diante un papel e un bolígrafo. Para escribir non fai falta ter máis ca iso. Non se precisa outra cousa. Ou ben unha pantalla dun ordenador, que normalmente xa é o que facemos a maioría de nós. Eu empezo escribindo nun *block*. Sempre tomo notas nun *block*, tomo apuntes, anoto ideas e fago esbozos. Ás veces os primeiros parágrafos, e incluso as primeira follas, escriboas á man. Pero logo, cando xa tes collido o punto do asunto, xa tes máis ou menos claro como van ser as personaxes, sabes o ton... Escribir unha novela é como cando un músico escribe unha sinfonía, ou un cuarteto ou unha peza

musical, que hai que definir, non só se quero facer unha sinfonía para toda unha orquestra, ou facer un concerto para un só instrumento, por exemplo un piano ou para un cuarteto de corda; son pezas distintas. Que quero facer? Un conto? Unha novela? Unha novela breve? Unha novela extensa de moitos personaxes? Son obras distintas. E logo, ademais deso, tes que coller o ton,



non é o mesmo *re* que *do maior* ou *menor*, *clave de sol*... Dalgún modo, todo iso o escritor tamén o fai. É dicir, este libro, en que clave quero escribilo?, en clave dunha traxedia?, en clave elexíaca?, en clave humorística?, en clave de ton medio?, intermedio?... Esas cousas tenas que ter definidas ao principio. Cando iso xa o tes definido, xa sabes como falan os personaxes, sabes quen vai contar a historia e sabes esas cousas, entón xa te botas a escribir no teu ordenador, ou iso é polo menos o meu caso.

Neste aspecto é distinto un libro a un guión. Na literatura, como xa dicía, traballas ti só, con total liberdade, estás só ti no teu cuarto, e non respondes ante ninguén, máis que ante ti mesmo, que che saia ben, ou que che saia mal. En cambio un guión, sexa un guión humorístico, como eran estes e ademais moi breves, ou sexa un guión para unha ficción, unha longametraxe, (tamén teño escrito para longametraxes), pois en cada caso xa é distinto. O libro escribilo ti só e entrégaslo ao editor xa feito. En cambio, cando escribes un guión, escríbelo para un produtor ou varios produtores, é dicir para persoas que che encargan o traballo, que poñen un diñeiro, que te contratan, para un director que di "ai, eu non quero escribir esta historia, este guión, eu quero unha historia que sexa romántica, ou que teña intriga, ou sexa policial, e este home entrégame un guión que é de humor ou é unha traxedia, ou unha historia amorosa, e eu iso non a quero". Ti estás traballando de encarga, sempre. E ademais no proceso de facer unha película non só intervén un produtor senón que, ás veces, hai dous produtores, tres... Entra xente que pon un capital, por exemplo, chega e participa unha televisión na película é di "esta película tal como está, non nos gusta,

queremos que lle cargues un pouco máis de acción ou algo máis de emoción". Entón o director diche "mira Suso, hai que refacer o guión", ou "hai que meterlle máis emoción". É dicir, traballas para outros e tes unha marxe de creatividade menor. O que aprendes ao escribir para outros, para televisión ou para o cinema, o que se aprende é a ser humilde, a escribir con moita humildade, sabendo que tes que someterte ás encargas. Non é mesmo que a un carpinteiro lle digan "fai unha mesa, como ti queiras, heiche pagar ben e vas facer a mesa coa liberdade que queiras". O carpinteiro empeza a traballar, a facer de ebanista, a retorcerlle as patas, a facer a mesa redonda, ou cadrada, rectangular, e con decorados... É moi distinto iso, a que che diga "fai unha mesa con este prezo e que sirva para un comedor escolar". Son cousas distintas. Tes unhas limitacións moito maiores. Neste caso en *Servicio de Urgencias* as limitacións eran máximas. Era facer unha historia de humor, ambientada nun servizo de urxencias, con moi poucos medios, con moi pouco diñeiro, con moi pouco diñeiro para pagarme a min, moi pouco tempo para escribilas, escribía cada unha delas nunha semana, e ademais cunha gran brevidade, para que durara entre 10 ou 15 minutos. E claro, tes que meter humor, darlle traballo a todos os actores da serie, que todos digan algo, que entren e saian, que faga rir, que teña unha historia e que sexa breve, e que acabe o capítulo. Esas son unhas limitacións moi grandes. Pero a min apeteceume precisamente porque era un exercicio de humildade máxima, de rigor máximo, de disciplina máxima. Apeteciame.

Vostede acadou moitos premios, o Premio da Crítica Española, Premio da Crítica de Galicia, Premio Blanco Amor, Premio Nacional de Narrativa... que outros premios lle gustaría recibir?

O Nobel. (ha!, ha!,...) E rides. E rides. A min encargoume meu pai o Nobel. O que pasa é que agora xa morreu e xa me dá un pouco igual, pero cando vivía, a verdade é que tiña un pouco de présa a ver se me daban o Nobel dunha vez. Naturalmente digo isto con humor, porque sabedes que o Nobel volo dan, basicamente, en parte pola idade, non llo dan a ninguén por debaixo dos 60 anos, hai que pasar dos 70 ou así, e veremos se alí chego. E, por outro lado, hai outra cousa, hai un problema de poder, das relacións de poder. Eu sempre digo que son un escritor. Nin galego, nin español, nin nada. Só escritor. Escribo en galego porque son galego e vivo no meu país. Son cidadán do meu país e teño as miñas responsabilidades como todo o mundo co meu país, coa sociedade na que nacín e que me criou. Agora ben, se eu nacese na China escribiría seguramente en chinés mandarín, ou chinés cantonés, e se vivise en Italia escribiría en italiano, o máis seguro. Quero dicir que eu son escritor, sen máis. Agora ben, o

sitio no que naces inflúe. Como a situación de Galiza. Galiza non é un estado. Galiza é unha comunidade autónoma dentro do Estado español. E a nosa lingua é unha gran lingua no mundo, é a lingua na que fala Lula, é a lingua na que escribiu Pessoa e moitos escritores portugueses, na que escribe Saramago, na que escriben autores brasileiros ou angolanos... mais polos límites políticos do estado, é unha lingua cerrada dentro das catro provincias galegas, de maneira que os escritores galegos non temos detrás un estado. E polo tanto, non temos detrás moito poder político. E cando dan un premio Nobel de literatura, o que se premia, case sempre, é a un estado, a un país. Por exemplo, cando lle deron o Premio Nobel a José Saramago que, como sabedes, é un escritor portugués, aínda que viva nas Canarias, pois discutíuse se llo daban a el ou a outro escritor brasileiro. A ver quen o merecía máis. Pero o que estaban premiando era unha lingua, o portugués. Por que? Porque nunca se lle dera un Premio Nobel a un escritor en portugués. Nós, os galegos, non entramos nesa categoría, nós somos escritores desasistidos de poder, de respaldo. É moi difícil que llo dean a un escritor que non ten un estado detrás. O único foi, quizais, a un escritor xudeu, que escribía nunha lingua, Yiddish, que é unha lingua que está a desaparecer e que falaban os xudeus do centro de Europa cara a Oriente, Alemaña mais a Unión Soviética daquel momento, por esa zona. Con motivo do antisemitismo en Europa e da persecución dos nazis e todo iso, os que se salvaron emigraron cara aos Estados Unidos e hoxe tan só o falan os vellos, en Nova York sobre todo, e alí hai unha comunidade ampla de xudeus. Moitos aínda falan o Yiddish, os novos xa case non o falan, falan o inglés, ou se queren falar unha lingua xudía, aprenden e falan o hebreo. Pero o que eu quero dicir é que existiu un escritor que se chamaba Isaac Bashevis Singer, que é un gran novelista, con novelas moi interesante, ao que lle deron un Premio Nobel. Un escritor nunha lingua que non tiña estado. Pero tiña detrás algo moi importante, a forza que os xudeus teñen no mundo, o apoio dos xudeus norteamericanos, que teñen moito poder económico e político, e mesmo o estado de Israel. Isaac Bashevis Singer escribía nunha lingua de xente que non tiña estado, pero tiña moito poder político detrás. Se non é así, é moi difícil conseguir o Premio Nobel. Todo isto viña a conto de que a miña ilusión era ter o Premio Nobel, ha!, ha!...

Ao longo da súa andaina literaria publicou só unha obra de teatro, *Unha rosa é unha rosa*, que é unha comedia de medo, a que se debe que escribira tan pouco teatro?

Eu quérolle moito ao teatro, e moito do que escribo,



varias novelas, de feito foron adaptadas ao teatro tres veces, que eu recorde. De modo que no que escribo hai moita vocación de crear personaxes que actúan e falan, é dicir, é moi teatral. Moitas das cousas que escribo son teatrais. Algo que sinalan os lectores que seguen os meus libros é que os personaxes falan cunha certa naturalidade que parece que os escoitas falar. Efectivamente creo que hai moito de cinematográfico e teatral no que escribo. Agora ben, por que non escribín máis teatro? Pois porque probablemente cando me imaxinei de escritor, sempre me imaxinei como escritor de libro, e sempre imaxinei que un escritor é o que escribe libros. E probablemente porque no noso país hai pouca tradición teatral. Se cadra, se eu fose un escritor británico, dun lugar como Londres, onde hai unha tradición teatral riquísima, onde os estudantes da vosa idade, no seu instituto estarían lendo en alto nas aulas, e representando as obras de Shakespeare, porque teñen que ler teatro nas aulas, pois con esa tradición ao mellor eu escribía máis teatro. No meu país, cando me imaxinei de escritor, con 15 ou 16 anos, non había teatro. Hoxe hai teatro, pero daquela non había. Recordo que había na miña cidade, en Santiago, unha compañía teatral que se chamaba Ditea, que unha vez ao ano representaban unha obra teatral. Case sempre eran as mesmas. E ese era o teatro que había. Polo tanto, eu creo que a única explicación é esa. Agora ben, teño moitas ganas, sinceramente, teño moitas ganas de escribir teatro. Agora teño unha noveliña empezada, que está parada porque estou coa promoción do libro novo, pero probablemente cando a retome e a acabe, quizais o que veña a continuación sexa unha obra teatral. A ver. A ver.

Ten outros textos inéditos?

Inédito polo de agora non teño nada. Teño unha obra empezada, na que se me están a xuntar personaxes doutros libros anteriores, personaxes de *Land Rover*, personaxes de *Calzados Lola*, personaxes de *Trece*

badaladas e de *Homes sen nome*. Estanse xuntando como se fosen a miña familia ou os meus amigos. Personaxes doutras historias estánsese xuntando neste libro. Pero está parada, teño pouco menos de trinta páxinas, e agora téñoa parada porque a literatura o que che pide, para poder meterte nunha obra, é tempo, tranquilidade, continuidade, e estou tendo unha temporada con moitas interrupcións, que me impide traballar nunha novela. Unha novela non se pode facer aos poucos. Aos poucos pódese facer un



conto. Unha novela pídeche continuidade, apagar o teléfono móbil, non mirar o correo electrónico, non atender recados, non viaxar, non desprazáreste, é estar un día tras outro lidando e dándolle voltas, porque a creación literaria pide fermentación. Hai unha parte primeira, na que hai que traer o trigo, o millo, o centeo, hai que traer o grao, hai que moelo, hai que amasar, hai que deixar levedar... Hai que deixar tempo. E logo aínda hai que enfornalo. Quero dicir que a creación é un proceso que pide destilación, que pide tempo. Non podes facer unha cousa nun momento. Normalmente non fas unha cousa ben feita, sobre todo unha novela, en poucos días. Aínda que eu escribín *Ambulancia* en 15 ou 20 días e *Land Rover* nun par de meses, a verdade é que foi moi rápido, normalmente unha novela, un libro sempre pide máis. E aínda así, cando te sentas é porque antes houbo un traballo previo de levar dentro, de engordar e irille dando forma

ás cousas, antes de botalo fóra, igual que nun embarazo. Cando che preguntan “canto tempo leva escribir unha novela?”. Pois o meu último libro levoume como un ano, un ano dedicado a iso. Agora ben, antes diso o meu libro levaba comigo uns sete anos. Sete anos debía levar desde que decidín escribilo. Polo medio este libro foi dando voltas, como unha semente, foi dando voltas, e dando voltas, e co curso dos anos fun facendo cousiñas, acumulando material, facendo preguntas. Nunca abandonei a idea, sempre fun traballando. Polo tanto, un ano levoume escribilo, pero facelo levoume sete anos.

Sabemos que escribiu unha biografía sobre Zapatero, a que se debeu que se decantase por ese tema?

Digamos que é un libro no que puxen o oficio de escritor, os meus coñecementos de saber como contar unha historia ao servizo dunha figura política, que eu pensaba que había que apoiar. Eu sempre, desde rapaz tiven un compromiso social forte, e logo político. Primeiro estiven en asociacións que hoxe se chamarían ONG, asociacións de tipo de caridade, axuda a persoas necesitadas, e despois en asociacións culturais e galeguistas. Con 17 anos entrei nunha organización clandestina na época de Franco, de modo que eu sempre estiven implicado na política, e continúei así ao longo da miña vida. Levo xa 15 anos sen estar nun partido político, porque non vexo ningún que me convenza exactamente, que me convenza tanto como para estar nel, pero si que teño as miñas ideas. Houbo un momento, logo do que aconteceu co *Prestige*, de como nos tratou aquel goberno de José María Aznar aos galegos, e tamén a partir de como nos meteron na guerra contra Iraq, no que entendín que había que volver a ser de novo moi activo na vida social e política. Non me parecía ben que continuase o goberno daquela xente. Entón optei por apoiar a un político que me parecía moi decente, moi íntegro, que quería facer outras políticas e quería cortar con toda aquela época. Pero eu non sei nadar e gardar a roupa, que é algo que sempre nos recomendan os maiores, que che din “ti ten todas as ideas que queiras, pero non te impliques”. Eu sempre me impliquei. E sígome implicando. Nese sentido foi unha forma de implicarme. Quíxenlle axudar a un presidente de goberno que me parecía que era bo para Galiza, que era bo para España, que era bo para as causas nas que eu creo. Había que defendelo dunha campaña de ataques persoais e descualificacións que me parecían inxustas. E, por outro lado, como teño unha amizade con el e o quero ben, decidín facer ese libro. Fixeno, digamos, como un acto militante. Non son do seu partido, pero crin que había que apoialo, e por iso o fixen. Máis que un libro de escritor, é un libro feito como un acto dun cidadán que quere apoiar unha

causa. Digamos que, se fose carpinteiro axudaríaio como carpinteiro, se fose electricista axudaríaio como electricista pero, como son escritor, axudeino facéndolle un libro.

Vostede participou nas manifestacións sobre o Prestige e escribiu *Nunca máis Galiza á intemperie*. Como cre vostede que influíu esta catástrofe na historia recente de Galiza?

Pois eu creo que influíu dun modo..., home, o desastre foi para a costa. Diga o que se diga os efectos foron terribles e fixeron moito mal. Diga o que se diga, fixeron mal e o mal queda feito. Ao mar e ao océano lévalle moito tempo recuperarse, iso non ten volta, digan o que digan. Pero se non é por nós, por como nos movemos, por toda a xente que se moveu, deixarían a costa sen mandar servizos para limpar. Cando viñan os voluntarios, botábanos de volta, mentían e ocultaban o que había. Se non é por nós, a desfeita sería moito maior, porque non terían limpado a costa, nin terían dado diñeiro aos mariñeiros, porque dicían que non pasaba nada. Entón non terían enviado o diñeiro para compensar as perdas. Entón eu creo que foi moi útil nese sentido. Pero á parte diso, as mobilizacións que fixemos, as respostas que demos a maior parte da sociedade, fíxonos ver aos galegos que non eramos o que pensaban eles que eramos nós. Porque eles crían que nós eramos unha xente á que se podía insultar, encher a súa costa de merda, e aínda por riba rir deles e chamarnos 'perros', como nos chamaron. Eles pensaban que nós eramos esa xente e demostrámoslles que nós eramos outra xente. Que tiñamos dignidade como persoas e como país. Entón eu creo que á sociedade galega valeulle moito isto, e tomou outra conciencia de si. Cambiou completamente. Creo que os galegos somos moito máis esixentes. Outra cousa é que os partidos se dean conta. Pero somos distintos. Aquilo cambiounos. Para ben.

Que tal é a súa relación coas novas tecnoloxías?

Umm! Máis ou menos. Eu abrín unha páxina web hai moitos anos, antes de que se inventasen os *blogs*, creo que no ano 99, porque botáranme do xornal onde traballaba e non tiña onde publicar. O meu nome estaba prohibido en moitos periódicos así que abrín a páxina web para poder dicir alí todo o que quería. Chameille *Botelha ao mar* (<http://botelhaomar.blogspot.com>). Agora nos últimos anos teño un *blog* que se chama <http://susodetoro.blogaliza.org>. Persoalmente non teño moito interese en estar todo o día encerrado enredando en Internet porque vánseche horas. Internet é unha cousa moi viciosa. A xente que enreda tanto na pantalla logo xa nin le, nin atende, nin fala co que ten ao lado.

Está metido nun mundo virtual e pérdese aí. Lévache moitas horas e iso hai que sabelo. Internet é unha ferramenta marabillosa, pero tamén ten custo. Eu teño un *blog* por un motivo. Chegou un momento no que tiña tantos inimigos, desde envexas a inimizadas polas miñas ideas políticas, por verme posicionado publicamente, que había moita xente que me atacaba. Decateime de que cando ía dar unha conferencia a persoa que me tiña que presentar antes fora mirar en Internet. Pero o único que atopaba era "Suso de Toro es un traidor, Suso de Toro es un canalla, Suso de Toro es un rojo, separatista, es una mala persona...", que eu fixera un montón de cousas



malas. A persoa que buscaba en Internet só atopaba ataques dos meus inimigos. Iso non podía ser e por iso abrín un *blog* no que podo dar a miña propia versión de min mesmo, como persoa e como escritor. Internet é unha ferramenta utilísima, vai ser un lugar no que vivamos cada vez máis, a través do cal se fagan negocios e relacións persoais. Cando sexa máis rápido e ofrezca máis cousas vai ir aumentando. Será máis fácil de manexar e máis útil. Eu vexo o lado positivo, utilizo moito Internet para o correo electrónico, manteño o *blog*, busco cousas na rede, pero se quero comer un bocadillo non podo facelo na pantalla e se quero acariciar a unha persoa ten que estar ao meu carón. Cando estou mirando para a pantalla non estou mirando para os demais. Pero tamén lle plantexo unha certa crítica ao mundo da imaxe virtual. Hai que ser



consciente de que é unha cousa moi perigosa, moi dura, moi forte, unha grande enerxía. É como a enerxía nuclear, moi forte, moi intensa, moi produtiva, pero é perigosa. Haina que manexar con coidado. E Internet tamén. O mundo virtual tamén.

Se tivese que escoller entre papel e lapis ou pantalla e teclado, que preferiría?

O papel e lapis é mellor para empezar. Pero cando a literatura é, coma no meu caso, un oficio, entón tirste á pantalla, xa que aínda que o papel é máis bonito, na pantalla podes corraxir as veces que queiras. Os meus primeiros catro ou cinco libros escribinos todos a man, aínda conservo os textos. Cando escribía a man tachaba e facía unha corrección, pero logo había que pasalo á máquina e, se quería corraxir algo, eliminar unhas liñas ou parágrafos, ou incorporalos, daquela tiña que refacer todo, volver atrás, volver ao principio. Eu daquela escribía con dous dedos de cada man, de tal modo que, antes de corraxir e pasar todo ese traballo de repetir un capítulo enteiro, deixábo sen corraxir. En *Land Rover*, por exemplo, eu tería feito máis correccións no libro se tivese ordenador. Probablemente no ordenador a novela estaría máis acabada, mellor, porque tería corraxido máis veces, e cada vez que corraxes é para mellorar. O ordenador ten unhas vantaxes enormes. Xa non nos damos conta do que supón escribir en pantalla, poder borrar, escribir, volver dúas páxinas atrás, e engadirlle capítulos... esas cousas son maravillosas. A informática permíteche facer o texto que realmente queres facer. O lapis é máis bonito, eu sigo tendo unha libreta na que tomo notas, non con lapis senón con estilográfica. Aquí teño a data na que abrín esta libreta, aquí vou facendo apuntamentos, aquí teño desde un libro que me interesa, unha idea para unha novela, para unha conferencia, un apuntamento para o *blog*, un esquema para unha conferencia... eu que sei... Aquí vou facendo apuntamentos breves, ideas para un conto, para unha

novela, unha obra teatral, un artigo de prensa... Por exemplo, aquí teño unha nota para un conto e son tres liñas e media. Esa é a idea. Supoñamos que me poño un día a escribir ese conto, a maioría destes apuntamentos nunca os desenvolvo porque teño non sei cantos cadernos coma este, pero supoñamos que un día me chaman dunha revista e me din "Suso, comprámosche un conto de tantas páxinas para tal data". Entón vou mirar a ver que ideas teño. Miro neste caderno e vexo se me vale este conto, se me apetece facelo ou non e se lle vexo xeito. A continuación abro o *word* no ordenador e empezo a escribir xa directamente no ordenador.

Digamos entón que, para min, hai os dous momentos. Esta idea que eu escribo a man aínda, hai quen xa o fai directamente nun *ipod*, e eu nun futuro pode que deixe de ter cadernos, pero polo de agora teño caixóns na casa cheos de cadernos, polo de agora teño un sitio para o lapis, a estilográfica e o papel, e outro sitio distinto para o ordenador. Pero imaxinádevos, cando nun futuro teña un "cacharriño" coma este, no que poida escribir cun punteiro sen tinta, como xa vai habendo agora, pois probablemente deixe de usar cadernos. E será unha mágoa porque queiras que non, isto son cousas, teñen tacto, teñen peso, teñen volume, mentres que, cando escriba o mesmo nun *ipod*, nunha pantalla que logo o traduza ao ordenador a caracteres electrónicos, o único que quedara será a linguaxe, é dicir, as palabras. Os escritores traballamos con algo que é inmaterial. Eu teño moita envexa dun carpinteiro, e mesmo dun panadeiro, ou dun pintor, ou dun escultor, porque fan cousas. Cando un pintor pinta, enfóuzase, máchase, lúxase, pero mancha tamén a parede, o lenzo, e aí quedan manchas, o escultor traballa na pedra, traballa na madeira na arxila, no ferro ou no que sexa, e fai algo. O escritor non fai nada. Estás sentado no ordenador, "fuchicas", pero non fas nada. Traballas con algo inmaterial. E cando traballas cun ordenador, se estás escribindo na pantalla e, nese momento, marcha a luz, foise todo. Por que? Porque realmente estás traballando con nada, non ten



substancia. Polo de agora mentres escribimos en papel, aínda parece que temos algo de substancia, algo que existe. No futuro escribiremos palabras como se non existisen, como se traballases cun fio invisible, con cousas que non existen, non? Ben... isto é filosofía barata que non leva a ningún lado.

Cre que os ordenadores poden supoñer a desaparición do libro en papel?

Eu creo que o libro en papel vai desaparecer. Hai quen di que non, pero eu creo que si. Así de claro. Por un motivo moi simple. O libro é un gran invento e funciona moi ben, por iso leva funcionando séculos, está moi ben pensado. Foi un invento que foi mellorando. Pero o que vai ocorrer é que coas novas tecnoloxías e cos novos materiais están descubrindo cousas que funcionan tan ben como o libro e van funcionar mellor có libro. Os “cacharros” que haberá non van ser como son agora. Igual que Internet no futuro vai ser moito mellor. Quizais no futuro Internet non teña nin teclado. Ao mellor no futuro ti dislle “ábreme *word*, vai a www.terra...” e a pantalla xa che fai todo, de maneira que ti falas e a máquina nese momento faino. Vai ser moito máis rápido, vai cambiar moitísimo todo. Probablemente non teñamos teléfono como agora. É posible que teñamos unha pantalla pequeniña para falar por ela uns cos outros. Probablemente vai haber un aumento da oralidade e haxa que escribir menos. Unha persoa analfabeta, no futuro, seguramente poida utilizar Internet e moverse perfectamente en todo porque basta con que saiba dicir de memoria “páxina de Iberia, un voo a Barcelona, pola mañá, o número 3...” a pantalla vaiche falando e ti vaslle dicindo. De modo que van cambiar moitas cousas e os libros tamén. Cando ti teñas un soporte, non como é agora, senón un soporte brando coma este, unha cousa así que teña unha beiriña metálica na que vai a memoria, a batería, que podes dobrar, encartar... que o podes meter no bolso, que o podes levar á praia, ou ir traballar ao campo, que o podes levar no autobús e que aí haxa non sei cantos libros metidos, o xornal do día, o xornal deportivo e a revista científica que queiras, e que teñas miles de páxinas metidas nesta memoria, e que lle digas “quero ler este libro” e aparece, e cando a descarga dese libro sexa máis barata do que che resulta en papel, pois nese momento o que vai acontecer é que o libro non pode competir porque vai haber un invento mellor que o vai superar. Hai xente que prefire crer no romanticismo do libro e di que sempre haberá libros, pero eu, a min encántame os libros, escribo libros, fago libros... pero eu non me quero enganar, eu creo que as novas tecnoloxías están fabricando cousas que van superar o libro. O libro en papel seguramente desapareza, como o xornal en papel, que probablemente tamén desapareza.

Que opina como escritor?

Como escritor non sei de que modo vai influír nos meus intereses profesionais. Está habendo unha crise moi importante nas empresas editoriais que ten diversas causas, pero unha delas é precisamente a preocupación polo futuro do libro en papel. As empresas están



preocupadas. Non saben como vai ser no futuro o mercado da literatura. E iso estame afectando. Estanos afectando a todos os escritores. Pero supoño que a través do libro electrónico, a través da descarga dixital, seguirá habendo literatura que se venda. Venderase poesía, venderanse contos. Probablemente a xente en vez de comprar un libro enteiro, fará como agora que, en vez de comprar un disco enteiro compra unha canción. Pois ao mellor haberá quen compre un poema dun autor ou un conto, non todo o libro. No caso dunha novela comprarán a novela enteira, supoño, non creo que compren un capítulo do medio, sen saber o que pasaba antes ou despois. Quero dicir que todo vai cambiar moito, pero seguirá habendo literatura, doutra maneira, pero seguirá habendo literatura. O que si é certo é que vai cambiar e vains afectar aos escritores, vai afectar aos lectores. Pero xa está acontecendo, as persoas das novas xeracións tedes unha relación distinta co libro da que tiñan as persoas de 30 anos para adiante. De 30 anos para abaixo a xente é cada vez menos lectora de libro. Le máis, pero le na pantalla, e cada vez le menos libros. Esas horas que pasas na pantalla pasando dunha páxina a outra, dun *post* que che envían a través do *Messenger*, conversando, ese tempo é un tempo no que les na pantalla, pero tamén escribes. Cada vez sodes máis a xente nova que usades Internet e ledes máis na pantalla, e escribides máis. Pero é un tempo que che rouba para teres ti un vagar, un tempo de tranquilidade, de poder coller un libro, lelo con calma, metéreste nel, metéreste na historia. O tempo de Internet acaba cada vez máis co tempo da lectura de libros. O libro pide que teñas por diante, polo menos, media hora ou unha hora, e que teñas ademais tranquilidade, serenidade, repouso, acougo... Cando a xente está conectada á Internet na súa casa, está *on-line*, está conectada. E un libro, a literatura, a ficción, o

que che pide é que te desconectes do mundo exterior para metérestes para dentro, para sumírestes na historia. O bo libro é o que nos atrapa e se nos pasan as horas lendo, chámannos para comer, pero nós queremos seguir lendo. E para iso hai que cortar co exterior. Hai unha contradición nas vidas de hoxe. Eu son pesimista sobre a literatura en libro. Probablemente no futuro haxa cada vez máis literatura breve, fragmentaria e cada vez haberá menos novelas longas. Ou non. Ao mellor estou equivocado. Non sei.

Unha obra de Suso de Toro xorde da propia inspiración do momento ou é froito dun traballo sistemático? É dicir, é algo que se vai pensando pouco a pouco ou aparece así sen máis?

As dúas cousas. O que aparece sen máis é a semente. Esta idea, por exemplo, que teño aquí anotada. Se busco neste caderno podo atopar apuntamentos para un conto, para unha canción, para unha novela, para unha obra teatral... Este apuntamento que tomas nun momento é a semente. Cando a semente é forte e ti a deixas traballar e a pos na terra e a regas, entón vén a segunda parte, que é engordala, elaborala, é dicir, ler sobre un tema. Por exemplo, esta idea que teño aquí é sobre a vida de Cristo, sobre os milagres de Cristo, que agora xa está pasada de moda, porque a maioría de vós xa non ides á misa, non sabedes nada de cousas de relixión e todo isto. Pero o cristianismo e as relixións en xeral, a relixiosidade é parte da historia de Occidente, é parte da historia da nosa cultura. A cultura no noso país é profundamente europea e, polo tanto, é parte das nosas tradicións. A partir de aí ocorrúeseme unha idea, incluso un pouco cómica. Se eu quero desenvolver agora esta idea, teño que coller a idea e poñerme a pensar nela. E de novo terei que ir aos Evanxeos, ao Novo Testamento, ler sobre iso, documentarme sobre a vida de Cristo, ler os historiadores sobre a vida de Cristo, pensar no tema, darlle voltas... E fírmame falta tempo para ir dándolle voltas. Ao mellor ao cabo dunhas semanas ou duns meses, xa teño a idea, xa teño o tema e pódome poñer a escribir a novela, podo empezar. Entón é cando me sento, abro o caderno, doulle voltas, busco os personaxes... e entón hai un primeiro día no que xa escribas unha liña e logo un parágrafo. Aí xa estás comezando. Entón, hai un lado que é a semente, a idea que se che ocorre no momento, unha inspiración, digamos, e logo hai outra cousa que é coidar a semente, alimentala, plantala... e ir engordando a árbore. Hai as dúas cousas.

Houbo algunha obra concreta que o levase a acadar esta fama de escritor galego internacional?

Non o sei. Foi o curso dos anos e de moitas obras. Os escritores galegos temos unha dificultade para ser recibidos, atendidos, ou coñecidos noutros países.

Dentro de España téñennos encerrados dalgunha maneira. Quero dicir, cando se fala de literatura española, aí non entramos nin os escritores en lingua galega, nin en lingua vasca nin en lingua catalá, senón os escritores en lingua castelá. Eses son os escritores españois e o resto somos unha cousa rara, ás veces deixan saír a un ou dous, aínda que ás veces xa nin lles acorda que existes. Temos problemas, porque claro, os críticos e os editores doutros países como Francia, Alemaña, Italia, Inglaterra, que queren saber que literatura se fai en España, atenden aos periódicos de Madrid, e nos periódicos de Madrid nós temos dificultades para aparecer. Cando os periódicos de Madrid fan o resumo do ano cos libros máis lidos en todo o país só aparecen libros en castelán. Os nosos non aparecen, aínda que estean editados e traducidos ao castelán. Non nos consideran seus. Recordo unha vez que premiaron un libro meu, déronlle o Premio Nacional de Narrativa, escolleron ese libro como o mellor libro do ano escrito en España en calquera das catro linguas que existen en España. Nun periódico de Madrid un dos críticos dicía "no es un mal escritor, pero, ¿como no escogieron un libro de los nuestros?", e citaba autores



madrileños, Almudena Grandes, Javier Marías, Muñoz Molina... esos eran "los nuestros" e eu non era. Como me premiaban a min se non era dos deles! A nós non nos consideran 'de los nuestros'. Para os amos da cultura española nós somos uns intrusos, non somos ben vistos. A min e a moitos máis cústanos pasar ese filtro, necesitamos ser traducidos ao castelán. Un editor alemán normalmente non le en lingua galega, nin en catalán, sempre en lingua española. Que se edita en España? Se estás editado en galego e non che traducen o libro ao castelán tes dificultades para ser editado noutros países. Para min esa carreira para ser considerado un autor internacional, editado noutros países empezou cando me editan *Land Rover* en castelán, a principios dos noventa. Aí empezou a cousa. Aí tamén percibín unha cousa. Ata ese momento eu tiña catro libros editados en galego, e cando un deses libros

foi editado a castelán moita xente en Galiza di "Ah! Agora es un escritor de verdade". Era a mesma novela e tiña a mesma calidade editada en castelán que en galego. Apareces na Televisión Española ou nos periódicos de Madrid e entón, de repente, xa te consideran un escritor importante. O libro é o mesmo. A xente non lle dá aprecio ao que ten aquí ao lado. Comprendín eses mecanismos que funcionan na xente, en todos nós.

Antología de cuentos contemporáneos españoles foi unha obra na que colaborou en 1997 que foi



destinada a Polonia para dar a coñecer a variedade cultural española. Por que Polonia? Como naceu este proxecto?

Moitas veces nin te decatás de por que che suceden as cousas. Acabo de estar nunha universidade de Francia, na Sorbona, e non sabía que lían a miña obra con interese alí. O bo que teñen os libros é que son como botellas que envías ao mar. Botas unha mensaxe ao mar e ti non sabes a quen lle chegou. Cada libro chégalle a moita xente pero ti non sabes a quen. Hai persoas que ti non coñeces noutros países que lle dan valor aos teus libros.

No caso de Polonia, fixeron unha antoloxía de literatura española do século XX e escolleron a 10 ou 12 autores, e meteron contos meus. Non sei por que motivo. Para min foi un honor porque era o único autor vivo que había, os outros estaban todos mortos. Ben, creo que daquela Camilo José Cela estaba vivo aínda, tamén estaba Cunqueiro, que tamén é galego, e o resto eran escritores españois que estaban case todos mortos. O bo que ten a literatura é que chega a xente que ti non coñeces. De repente chégache unha sorpresa. Resulta que nunha universidade americana están lendo os teus libros e que te aprecian moito e que están facendo unha tese doutoral sobre a túa obra. E ti non o sabías. Nin falta que fai.

Cal foi a súa impresión final?

Pois non o lin. Como non sei polaco! (ha!, ha!...) O polaco é unha lingua que eles mesmos din que é moi difícil. Será por iso mesmo que se lles dá moi ben aprender linguas. Os polacos falan moi ben linguas. Falan moi ben o inglés, antes era obrigatorio que falaran o ruso, porque o seu país estaba sometido a Rusia, e aprendían ruso na escola, pero logo se lles preguntabas todos che dicían que non sabían ruso. Víanse obrigados a aprender ruso. Son un país moi aberto ás linguas, e cando aprenden unha, fálana moi ben. Con respecto ao libro, eu creo que nin o vin diante. Asinei un contrato que me enviaron, hai moitos anos xa, pero creo que nunca a vin. E se o vise, total perdo os libros todos! Ademais, tampouco o entendería! Nin sequera sei que contos colleron. Non teño nin idea.

Sabemos que moitos dos seus libros están traducidos ao castelán, pero traducíronse a algunha outra lingua europea?

Pois si. A ver... que eu recorde teño cousas en francés, holandés, grego, checo, italiano, polaco, unha obra teatral en alemán, á parte do portugués, catalán, castelán e contos en inglés.... Non sei, non me dou conta de máis. Pero chega ben polo de agora.

Lituania e Polonia, as súas xentes, paisaxes ou culturas, servíronlle de inspiración para algún libro?

Non me acordo... (ha!, ha!) Nunca estiven en Lituania e non me dou conta de ter escrito sobre Lituania. Pero ao mellor si, porque escribín sobre tantas cousas que xa non me acordo. Escribín sobre Lituania? Non o sei. Non sei.

Pensa que nun futuro podería escribir algo en relación a estes dous países?

Lituania existe na memoria dos nenos que fomos educados na escola franquista porque tiñan un lugar especial no mapa. O franquismo tiña unha guerra ideolóxica a morte co comunismo. Entón Rusia era o mal, encarnaba o mal. E como sabedes, Estonia, Letonia e Lituania, foron tres estados, foron tres países que foron conquistados e sometidos pola Unión Soviética. Cando eu era neno, aparecían sempre no mapa dentro da Unión Soviética, pero distintos. No franquismo polo odio que estimulaban cara a Rusia, ocupábanse moito de recordarnos que eran estados sometidos e ocupados polos rusos. Sempre había algo nos nosos profesores, unha mensaxe como que eran países especiais. Había algo estraño, algo especial en relación con estes países. Nós, digo na Galiza, na España, temos a idea de que a

nosa historia, a historia do noso país, é unha historia dura. Porque a Guerra Civil foi moi traumática e terrible. Pero o que nos aconteceu a nós é moi parecido ao que aconteceu en todo o mundo. A maioría dos países tiveron historias moi duras. Estes países víronse no medio dunha loita nacionalista que se deu en Europa. A Segunda Guerra Mundial foi unha loita entre países, entre nacións, empezando polo Nazismo alemán, o fascismo alemán, o nacionalismo alemán, imperialista, e a Unión Soviética. Entón víronse aí, xusto no lugar onde tropezaban dúas potencias que se repartían Europa. E claro, foron países esmagados, padeceron a fronte de combate, que é onde máis desastre hai, e foron países disputados, que caían dun lado e caían do outro tamén. E teñen unha historia moi complexa. Estes países van ter aínda que facer un proceso que lles vai levar bastantes anos, e que os psicólogos chaman proceso de elaboración. Elaborar algo quere dicir que nos fai falta tempo para asimilar algo traumático, algo duro que aconteceu, un trauma, algún problema grave. Leva moito tempo darlle voltas e asimilalo. É como cando morre unha persoa. Primeiro hai un impacto doloroso pola persoa querida, e logo co paso do tempo vas elaborando, vas asimilando e vas colocando a memoria do morto no sitio que lle corresponde, e ti segues a vida. Pois eses países teñen unha historia moi traumática, porque hai historias de



colaboración co Nazismo, de participar no exterminio dos xudeus, e ao mesmo tempo foron tamén vítimas. Hai historias nas que, ás veces, podemos ser verdugos e outras veces vítimas. Somos as dúas cousas. Eses países víronse entre a Alemaña Nazi e a Unión Soviética e viviron dilemas, as poboacións viviron dilemas moi complicados. Os alemáns aínda están hoxe dándolle voltas ao que fixeron os seus pais, o tema do Nazismo. Na sociedade española aínda lle estamos dando voltas ao que nos fixemos uns aos outros na Guerra Civil. Aínda hoxe. Estes países aínda están empezando, como quen di, porque aínda hai poucos anos desde que volveron ser libres. Están aínda empezando a elaborar a historia. Van ter que elaborar a historia na que hai momentos nos que foron vítimas, e na que haberá

momentos nos que se teñen que sentir verdugos, ou con responsabilidades. A historia sempre é complicada.

Cando vostede estaba a estudar, que linguas estranxeiras se estudaban daquela?

O século XX en Europa é moi interesante en relación coas linguas. O primeiro terzo do século XX a grande lingua da cultura era o alemán. O alemán era a lingua na que se estudaba ata os anos 30, no caso de España ata a Guerra Civil. A guerra supón un corte de todo. Pero ata ese momento, ata o ano 36, cando a xente estudaba con normalidade os que o facían eran principalmente fillos de familias acomodadas, que estudaban unha carreira universitaria. Eran fillos de xente acomodada, da burguesía e da xente rica. Moita desta xente, logo de estudar, os que podían, ás veces axudándose de becas -na República houbo becas para que estudaran- marchaban a estudar fóra, sobre todo a

Berlín. E a Berlín marchaban os médicos, os enxeñeiros, os químicos, os físicos, os filósofos. Realmente Berlín e as universidades alemás eran o centro do saber, tanto científico, filosófico, como humanístico. O alemán era daquela a grande lingua. Os universitarios que aprendían unha lingua, estudaban alemán. A gran derrota do Nazismo

alemán conduciu a un desastre en moitos sentidos. Tamén foi un desastre para a lingua e a cultura alemá. Porque na posguerra a lingua que se puxo de moda e a lingua que se empezou a estudar, por exemplo en España, foi o francés. Cando os alemáns perden a guerra, a partir dese momento o franquismo non quixo estar cos perdedores, foise arrimando aos americanos. Franco foi moi astuto. Alemaña estaba acabada naqueles anos e o alemán deixou de estudar. E pasouse a estudar francés. Cando eu empecei o bacharelato, con 9 ou 10 anos, a lingua que empezaba a prosperar xa era o inglés. É dicir, o inglés estaba superando ao francés como lingua máis estudada. E hoxe en día segue a ser o inglés pola hexemonía, porque, quen gañou a

Guerra Mundial? Os americanos. Igual que antes a potencia era Alemaña, que foi unha gran potencia en todos os sentidos, e era a lingua de prestixio e de poder, cando perde a guerra hai un primeiro momento en que a lingua europea é o francés, pero logo, inevitablemente, conforme Estados Unidos desembarca na nosa vida a través da televisión, das películas e da música, pois o inglés acabou desprazando ao francés, que, á súa vez, ocupara o sitio libre que deixara o alemán. Non sei se contestei á pregunta, porque non me acordo de cal era a pregunta. Eu xa fun das primeiras xeracións en que o inglés era o dominante. Diante miña era o francés, e de min para abaixo xa se estudaba en inglés. O cal foi unha mágoa porque o inglés está a resultar, non unha lingua, senón unha colonización. Quero dicir, hai que coñecer o inglés para ler desde un prospecto dun aparato que compras ata para moverte nun aeroporto internacional. Un certo inglés fainos falta. Pero iso non debería impedir o coñecemento do francés, do italiano, do alemán e doutras linguas. O que está a acontecer en España é unha colonización cultural absoluta polos Estados Unidos. Nese sentido estamos ata as narices de Nova York, de Manhattan e da nai que os pariu a todos. Os europeos necesitamos volver a oírnos a nós mesmos. Porque só coñecemos a música en inglés ou en castelán e iso non pode ser. Os galegos temos creación musical na nosa lingua, primeiro de todo. Hai grandes creadores musicais que cantan na nosa lingua en Brasil e en Portugal, pero, sobre todo, en Brasil, que é unha gran

potencia cultural en todos os sentidos. Ademais diso, é que xa ninguén canta en Italia? En Francia? Os alemáns non cantan? Non fan películas? Por que non vemos o cinema alemán? Tan malo é que non se pode ver? Na práctica tanto inglés, e tanto Estados Unidos, o que fai é roubarlle espazo ás outras linguas, aos outros países. É unha auténtica colonización.

O noso instituto, nestes momentos está a participar nun proxecto "Comenius" con Polonia e Lituania. Existían programas deste tipo nos seus tempos de estudante?

Nos meus tempos de estudante non había nada. En primeiro lugar, para saír de España había que sacar un pasaporte e incluso ter un certificado da Garda Civil ou do cura da parroquia que dicía "este señor es un buen católico, viene a misa y no es malo" E despois a Garda Civil tiña que dicir "este señor no es un rojo, es afecto al régimen", é dicir, un papel que explicaba que ti eras un bo escravo de Franco, e senón non che deixaban saír. España era como un cuartel ou un seminario, no que curas e militares mandaban en ti. Incluso para emigrar a outros sitios tiñas que ter uns papeis, e dábanchos ou non chos daban, e non che deixaban saír. Había uns policías nas portas, nas aduanas, que controlaban se che deixaban pasar ou non. Non che deixaban entrar libros, non che deixaban entrar revistas, e daquela non había, como hoxe, a posibilidade de ver televisións doutros países. O único

que





podías escoitar era a radio. Por iso moita xente escoitaba emisoras estranxeiras, ás agachadas porque estaba prohibido, e escoitabas Radio París, que tiña emisións en castelán, e a BBC de Londres, que chegou a ter programas en galego. Eran países democráticos que daban informacións verdadeiras. Non era como a 'porquería' que nos contaban aquí os militares e os curas franquistas, que nos contaban o que nos querían contar, e mentían o que querían mentir. Entón viviamos nun mundo cerrado e viaxar... Franco non quería que se viaxase máis que o necesario. Quería que viaxasen os emigrantes. Os emigrantes que ían, primeiro a América, a Arxentina, Cuba, e despois, nos anos 60, os que ían a Alemaña, eses si que lle interesaban, aínda que fosen alí como gando. Porque logo mandaban o diñeiro de volta para España, para a familia e o franquismo, o estado, necesitaba ese diñeiro. Entón si que lle interesaba que os nosos país, os nosos tíos, os nosos avós viaxasen para que enviasen diñeiro. Pero o resto non, porque nos quería ter encerrados. A idea de viaxar para eles era perigosa, sobre todo si traías novas ideas. Porque claro, os que ían a países democráticos vían que alí había liberdade e aquí non e ao volver dicían que isto era un cuartel e non un país. Pois iso, que non había viaxes de ningún tipo... E non había cartos! ha!, ha!, ha!...

Cre que estes proxectos son un bo método para mellorar o inglés dos estudantes? Pensa que tamén axudan noutros aspectos?

O mero feito de saír da túa terra, do teu país, do teu mundo, e ir a un lugar distinto xa é unha experiencia cultural enorme e interesantísima. É que eu non saín da Galiza ata que tiña 21 anos e fun facendo *autostop* ata Barcelona e logo a Lisboa. Naqueles momentos viaxar non só era caro senón que tamén era difícil e complicado. Eu fun cando xa era maior. É unha experiencia moi enriquecedora a oportunidade que tedes de coñecer e de tratar a persoas doutros países, por un lado, e, por outro lado xa é xenial poder ir vós a outro lugar a outra sociedade onde se fala outra lingua, hai outros costumes... Xa digo que é interesantísimo. Esa é a experiencia máis interesante. Sabedes que hai un dito que é "feito un cesto, feito un cento". Pois unha vez que fuches a outro lugar, a outro país que é distinto do teu, cun modo de vida e cuns costumes diferentes, e aprendiches a moverte nesa lingua, voste poder mover en calquera outro sitio do mundo. Entón esa é unha aprendizaxe moi, moi importante. E o inglés é a ferramenta internacional, como foi o latín noutros momentos. É necesaria para poder coller un avión, para poder hospedarte noutro país... É a lingua internacional.

Estivo ou viaxou algunha vez a Polonia ou Lituania?

Estiven en Polonia hai xa bastantes anos. Pasei moito frío, como corresponde. E pareceume un país moi interesante, cunha xente moi intelixente, por certo. Os polacos son moi abertos aos idiomas, ás culturas. Son un país cunha historia complicada, moi dura. Polonia foi un imperio e iso é unha cousa da que hoxe nos esquecemos. Pero logo estiveron sempre triturados e partidos ao medio entre os teutóns -os alemáns-, e os eslavos -os rusos-, sempre no medio deles, no medio doutros dous imperios. E pasárono moi mal. Tiveron unha historia moi difícil. Pero esa historia tan difícil fixo deles xente moi traballadora, humilde, moi espelida e aberta. Foron capaces de viaxar, de aprender as linguas dos outros e de sobrevivir. É un pouco parecido aos galegos, nese sentido. Coa diferenza de que non teñen o complexo de inferioridade que temos os galegos porque eles si teñen o seu estado e nós, desde o século XV, desde Isabel a Católica, aquel bicho, desde aquela non temos estado.



Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, ata onde desexaría que chegase a súa literatura?

Pois... nin moito nin pouco. Hai algunha literatura que pode ser lida por millóns de persoas en todo o mundo. A miña non é así. Agora ben, si que quixera que fose unha literatura que estivese traducida á maior parte das linguas do mundo. Sabendo que é unha literatura, non para maiorías, tampouco para minorías exquisitas, pero si para un sector de lectores que quere un tipo de literatura de autor. É dicir, hai un tipo de literatura que é para todos os públicos, unha literatura incluso case con receita, que introduce certo tema porque sabe que funciona, certo modo de narrar, certo modo de contar... Ese non é o meu caso. O meu é unha literatura de autor. O que eu prometo aos lectores é que cada libro é o libro que quixen escribir, non para sacar un diñeiro, senón porque era o que quería escribir en cada momento. Pero ao mesmo tempo intento que cada libro funcione. Eu non quero millóns e millóns de lectores, aínda que respecto a Stephen King, adoro a Stephen King, sobre todo ao Stephen King dos primeiros libros, pero non pretendo chegar a millóns de persoas, coma el. Aínda que si me gustaría estar traducido á maior parte das linguas do mundo, sobre todo en Europa. Considérome un autor moi europeo. Aínda que Europa

é un continente cansado, creo que neste século vai ter un renacer, contra o que se di de que cada vez vai ser un continente máis vello, eu creo que vai haber un renacer europeo. Entón gustaríame estar traducido a todas as linguas europeas.

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero nunca llo preguntaron?

Esa pregunta tería que pensala, porque levo feito centos de entrevistas e xa me tería que parar a pensar que me gustaría que me preguntaran. Hai unha pregunta, á que contestou García Márquez cunha resposta bastante exacta, que é "para que escribe?", e iso non mo preguntastes.

Para que escribe?

Pois... un escribe para ser visible, para ser visto polos demais. Escribe, en primeiro lugar, para dicirse a si mesmo. Cando un escribe, escribe o que ten dentro, o que leva dentro, o seu mundo. Está sacando de dentro do seu mundo íntimo, da súa imaxinación, da súa sensibilidade, do máis persoal que hai. Está sacando do centro de si mesmo. Escribe, en primeiro lugar, para dicir, para expresarse, pero cando publicas o libro, entón o que queres é ser visto polos demais. E queres que os demais che digan que tes talento. Que existes e que tes talento. García Márquez deu outra contestación que pode ser parecida. Dixo "escribo para ser querido". Pode ser, tamén, pode servir. Eu creo que máis ben escribo para expresarme e publico para ser visto polos demais, para saber que existo. Logo xa habería unha segunda parte psicolóxica de por que unha persoa necesita publicar, e cre que necesita ser vista polos demais. Iso xa é outro tema. Deixámosllo ao psicólogo, non?



Emilio Pérez Touriño naceu na Coruña o 8 de agosto de 1948. É doutor en Ciencias Económicas e profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela. Fixo estudos de posgrao en Grenoble (Suíza) e é autor de numerosos ensaios relacionados coa economía.

Os seus anos de mozos coincidiron coa transición democrática e foi un destacado dirixente estudantil e activista da esquerda. Participou directamente no proceso do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi adquirindo experiencia política sendo xefe de gabinete do Ministro de Transporte, Turismo e Comunicación, Abel Caballero, grande amigo seu.

En 1997 renuncia ao seu escano no Congreso dos Deputados para poder participar nas eleccións galegas como integrante da candidatura do PSdeG.

Nas eleccións de 2005 preséntase como candidato á presidencia da Xunta: o PSdeG consegue 25 escaños, o [PP](#) obtén 37 e o [BNG](#) logra 13 escaños. Touriño é nomeado presidente da Xunta tras o pacto político entre PSdeG e BNG. Foi presidente da Xunta de Galicia dende o 2 de agosto de [2005](#) até o [2009](#) e secretario xeral do [Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE](#) dende [1998](#) até o 4 de marzo de 2009, cando dimitiu como consecuencia da perda da presidencia da Xunta de Galicia. A súa liña ideolóxica é [galeguista](#), [federalista](#) e [socialdemócrata](#). Din que é un home moderado, tranquilo e un gran xestor



Data entrevista: 20 abril

Preguntas - entrevista:

Manuel José Rivas Fariñas
Estefanía Pan Vázquez

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

M^a Isabel Mato Torres

Transcrición galego:

Manuel José Rivas Fariñas
Estefanía Pan Vázquez
Claudia Martínez de la Iglesia

Supervisores transcrición galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

M^a Isabel Mato Torres

Como comezou a súa traxectoria política?

Pois a verdade é que xa hai moitos anos. Entendendo a política como creo que a hai que entender, non como unha actividade profesionalizada, senón como unha actividade que ocupa un espazo importante e relevante da vida dun, e que significa un determinado grao de compromiso con ese escenario público e compartido, ese espazo público de convivencia que é a sociedade, na que por unha ou outra razón te implicas e queres participar. Na miña xeración, en liñas xerais, todos empezamos dun modo semellante. No meu caso, no curso 67 ou 68, cando tiña ao redor de 16 ou 17 anos, a través da



militancia no que daquela eran movementos cristiáns de corte progresista, que estimulaban a solidariedade e o sentimento de xustiza social, achegueime a unha organización que eran as xuventudes estudiantís católicas. Cando chego á Universidade de Santiago, no curso 67-68 viviamos en plena ditadura, era a época do nacemento do movemento estudiantil que buscaba liberdades, democracia e ter unha representación e un sindicato libre, non un sindicato imposto de militancia obrigatoria propia do réxime da ditadura. Todo isto estaba eclosionando. Nese momento tiveron lugar as primeiras eleccións libres, que nós forzamos, que se celebraron na Universidade de Santiago. Eu empezaba a carreira de Económicas, que por primeira vez se podía cursar na Universidade de Santiago, cando empecei esa militancia, que é unha militancia non inscrita a ningún partido político, xa que daquela os partidos políticos estaban prohibidos. Existía nunha arela compartida por unha gran parte da mocidade daquela sociedade de que España, e Galicia en particular, puidera ser un país de democracia, de liberdade, normal, europeo... Ao redor diso empezou a miña militancia. Case sen me dar conta

fun elixido, en primeiro de carreira, delegado de curso da facultade de Económicas. Aí empezou a movida. Desde entón sempre estiven implicado nos movementos estudiantís, despois nas loitas do profesorado non universitario, non numerario, do profesorado interino, contratado, por un ensino de calidade, por un contrato estable, por unha universidade investigadora e a calidade no ensino. Entón empezo a ligar xa cun ámbito político máis amplo, cunha reflexión política máis ampla e a conexión cos propios grupos políticos na clandestinidade. No ano 72 remato a carreira, son da primeira promoción, e arredor do ano 74-75 entro a militar directamente no Partido Socialista de Galicia, que daquela era unha das poucas organizacións estables e organizadas, que estaba traballando polo cambio do réxime e para que España entrara nunha situación absolutamente democrática.


Que supuxo para vostede a súa etapa na Xunta de Galicia?

É unha etapa que vén precedida de moitos anos, para min convén non esquecerlo nunca, moitos anos de compromiso co país e de traballo en distintos movementos sociais e culturais. Daquela xa era profesor numerario da universidade, xa fixera a miña tese doutoral dedicada a analizar a cuestión agraria en Galicia, xa que é unha cuestión que marcaba a vida do país. Chegar á Xunta de Galicia, ter a responsabilidade do goberno, é a expresión dun traballo, dun compromiso continuado dunha xeración e de moita xente dun país co seu país, coas súas necesidades, co seu presente e cun proxecto de futuro. Desde o ano 1998 eu asumira a responsabilidade de ser o Secretario Xeral do Partido Socialista de Galicia e, polo tanto, levaba moito tempo na oposición. No ano 2005, finalmente, como resultado das eleccións, puidemos formar un goberno de renovación, de cambio, un goberno de progreso, do que me correspondeu asumir a responsabilidade da Presidencia da Xunta de Galicia. Dicar o que significou é moi difícil de sintetizar. Moitas cousas. Ao principio unha verdadeira paixón. Era esa responsabilidade máxima cun país, coa súa cidadanía coas súas xentes, coa súa terra, para sacar adiante un proxecto compartido dunha Galicia máis moderna, máis xusta, máis solidaria, máis equilibrada, respectuosa co seu territorio, coa súa identidade cultural, coa súa lingua. Un país que aspiramos e aspirabamos a que saíra do *furgón de cola* e avanzara rápido. Era percorrer o camiño da converxencia en renda, en benestar social e económico cos países máis avanzados da Unión Europea. Unhas cousas puidéronse empezar a conseguir, outras quedaron aí, pero en todo caso, foron anos que, aínda que son moi recentes, eu recordo con extraordinaria satisfacción e honra. Asumes unha gran responsabilidade, no sentido profundo de saber que tes a máxima responsabilidade de que as cousas vaian ben, de que debes preocuparte, e si que che preocupa o que lle pasa a cada galego e a cada galega, sexa do teu ámbito competencial e de responsabilidade ou non o sexa. Logo tamén aprendes que non estás só, que

non dependes de ti mesmo para nada, senón dos equipos, do conxunto de xente que se incorpora á tarefa da gobernación, que é moi amplo. Non son só os conselleiros e as conselleiras, senón os equipos, os directores xerais, os subdirectores... a Administración. Os gobernos tamén reflicten a realidade dun país nun momento determinado, as súas posibilidades e a súa capacidade. Aprendes moitas cousas e tamén, como non, tes momentos difíciles, momentos de preocupacións extremas ou de dificultade. A nós tocounos vivir uns duros e dolorosos incendios ao pouco de chegar ao goberno onde, por desgraza, faleceron algunhas persoas. Teño gravado os primeiros días de agosto daquel ano cando pasou aquilo. Logo tivemos catástrofes importantes, chuvias, inundacións, momentos nos que a xente o pasa moi mal, pero iso equilibrase con cousas moi agradables e razoablemente positivas, como o cambio e o impulso da educación pública, intentar mellorar a sanidade, protexer o territorio, defender a costa... En fin, todo ten a súa parte positiva e a súa parte negativa.

Que foi o que máis lle gustou do seu paso pola Xunta?

Probablemente, sen ningunha dúbida, o contacto coa cidadanía, saír á rúa, estar coa xente, estar nos actos, estar preto dos problemas... Á Presidencia da Xunta chega un montón de correos, por vía ordinaria ou ben pola Rede, sobre multitude de casos concretos de persoas que están en paro, ou dunha persoa que ten problemas, e tes a posibilidade de axudar a resolvelo. Outras veces non. Ese tipo de cousas. Nun plano máis amplo, o mellor recordo que teño é o esforzo que comezamos a facer por recuperar paso no terreo



educativo. Estou convencido de que o futuro e o avance dun país depende, sobre todo, da educación. A educación é o instrumento máis potente e importante para adquirir cultura e para vivir en liberdade. E tamén é un arma cargada de potente futuro desde a perspectiva de promoción persoal, de achegamento ao emprego, de mellora persoal e de igualación entre os seres humanos. Un pode nacer no recuncho máis atrasado, máis perdido dunha pequena aldea, ou no corazón dunha gran cidade, que se accedes á educación en igualdade de circunstancias, se tes un bo centro público que te acolle e onde podes empezar a desenvolverte, iso dáche un potencial de igualdade, de poder competir e realizarte na vida en igualdade cos

demais cidadáns da túa comunidade. Iso é extraordinario e por iso creo que todo o que poidamos facer na materia de educación, de mellorar a calidade educativa dos centros da comunidade, de mellorar a FP e na aprendizaxe doutros idiomas é imprescindible. En Galicia, polas dificultades históricas -somos unha comunidade que tivo moitos problemas historicamente - probablemente a educación estaba relativamente mal tratada, non o suficientemente impulsada. Ese



compromiso coa educación, para min, quizais sexa o que máis lembro porque era no que máis interese tiña.

Cambiaría algo desa etapa?

Como non! Probablemente moitas cousas. Porque un aprende. Loxicamente a vida é un proceso de aprendizaxe, e debe selo. Ademais é bo. A min gustoume sempre reflexionar, darlle voltas ás cousas, pensar no que ía ben e no que crías que ía mal. Desde logo agora, cando miras atrás, dáste conta de que seguramente tes cometido moitos erros e de que certas cousas deberían ter sido enfocadas doutra maneira en relación á propia formación de equipos, á propia xente coa que contaches e con outra xente que tiñas que ter contado. Ao mellor nalgún caso confundícheste. Puidemos ter máis iniciativa nalgunhas medidas e noutras ter ido un pouco máis a modo, máis calmados. Realmente toucounos gobernar cun goberno en coalición con outra formación política, outro partido, que era o Bloque Nacionalista Galego. E aí probablemente a aprendizaxe nunca é suficiente porque convivir, nun momento crucial, que é o momento da gobernación, dúas forzas políticas que teñen, loxicamente, unha cultura política diferente, pautas e comportamentos políticos tradicionalmente diferentes, formas de ver o país, de ver a vida, de ver o mundo diferentes, e que compartimos un proxecto común de cambio, de renovación do país, un programa de goberno, como ser capaces de convivir coas diferenzas? Apuntalar aquilo que te une na responsabilidade do goberno é un exercicio extraordinario e dificultoso que hai que exercer cada día. Creo que probablemente de aquí é de onde sacaría máis experiencias e máis conclusións cara ao futuro, porque os gobernos de coalición, en particular en Galicia, probablemente non sexan algo excepcional, propio dun momento determinado, senón que no futuro é posible que volva a suceder xa que en Galicia hai tres

grandes forzas políticas e, agás que unha teña permanentemente a maioría absoluta, calquera delas se verá obrigada a coaligarse para poder gobernar nun determinado momento como alternativa diante doutra formación. Polo tanto, ese aprender a vivir na gobernación dun país, no compromiso de gobernación, con outra forza política creo que é un exercicio realmente importante.

Cales foron os maiores logros políticos e persoais durante a súa época á fronte do Goberno galego?

Un deles xa o dixen anteriormente. A educación en Galicia viñan sendo o parente pobre. Supoñamos que o



presuposto é unha torta grande e redonda. Se un colle esa torta do presuposto e mira os recursos públicos que se poñen á disposición da colectividade, do común, e que se xestiona a través do presuposto público, dos orzamentos públicos da Xunta de Galicia ou do goberno da Comunidade autónoma, pois case 2/3 desa torta, máis do 60% desa gran torta van destinados á educación, á sanidade e aos servizos sociais. Entón cando falamos dun pequeno cambio no orzamento de Educación, un pequeno cambio, nese anaco tan grande da torta, é moi significativo, moi importante. A educación durante anos e anos practicamente non medraba nunca por riba do que medraba a torta. A torta do presuposto normalmente crece dun ano para o outro, porque o país crece. Agora estamos en crise, en recesión, en todo o mundo, en especial en Europa. Pero nas épocas de bonanza, en épocas normais, a torta faise máis grande cada ano, porque hai máis recursos. Pero a educación non medraba o mesmo que a torta, a parte da educación quedaba aí quieta. Entón nos catro anos que fixemos orzamentos baixo a miña responsabilidade, nos anos de goberno da Xunta nos que estivemos nós, a educación creceu un 25%, practicamente un 30%. É dicir, que creceu moito máis a parte que dedicamos á educación que o crecemento da torta do presuposto. Fixemos un grande esforzo en materia educativa, empezando pola gratuidade dos libros de texto, os programas de potenciación de elementos de igualdade

no proceso educativo, a mellora de comedores, de dotacións... os temas relativos á aprendizaxe de idiomas, ao ensino de inglés, que nos preocupaba especialmente, e logo o tema da introdución das novas tecnoloxías no propio corazón do sistema educativo. Polo tanto, a aprendizaxe de idiomas, innovación e tecnoloxía e mellora do acceso ao sistema, mellora nas dotacións aos centros e mellora da retribución do profesorado, que consumiu moitos recursos, xa que o profesorado galego estaba á cola no contexto do sistema educativo español. Volcámonos na educación.

Un segundo elemento para destacar, xunto co sistema educativo, é a protección do territorio. Nun país, se un mira a longo prazo, para que teñamos máis capacidade de futuro, para competir, para ter mais produtividade, para achegarnos en renda e benestar a outros países, hai dous ou tres factores que son fundamentais. Un é o que se chama en economía o **capital humano**, a educación, o coñecemento, a capacidade de innovación, que nós tratamos de levar adiante, como xa mencionei. Outro grande elemento é o **capital físico e tecnolóxico**. O capital físico, en definitiva, é o territorio, a calidade de vida nese territorio, o urbanismo, as infraestruturas, todo o que ten que ver coa ordenación do territorio dun país e coa calidade de vida dese país. Tamén dedicamos un esforzo importante a valorizar ese territorio, a ordenalo, a tratar de cambiar o ritmo do país nesa dirección. Galicia estaba comezando a sufrir unha gran presión sobre a súa costa, sobre o seu litoral. A presión que sufrira antes o Mediterráneo en forma dunha presión inmobiliaria moi grande, é unha presión sobre as rías, sobre a costa, o litoral. Empezaba a desprazarse ata Galicia, e iso preocupábanos porque podía causar impactos negativos no litoral, na costa de Galicia, que cremos que é un dos nosos grandes factores, o noso sistema de rías, un dos nosos grandes elementos positivos. O noso sistema de rías e ríos ecoloxicamente, economicamente e territorialmente é un dos valores máis apreciados que ten o noso país. Unha riqueza que temos que preservar, valorizar, e deixar aí ás nosas xeracións futuras. Nós puxemos en marcha a lei que se coñeceu despois como a Lei dos 500 metros, que era a lei de medidas urxentes de protección do litoral, mentres se facía o Plan de Ordenación do Litoral. Impedíase transitoriamente, durante ese tempo, que na primeira liña, nos primeiros cincocentos metros da costa, houbera construcións, salvo nas zonas urbanas consolidadas. Tomamos medidas no plan de acuicultura tratando de que houbera implantacións de acuicultura, pero a través dun sistema de concesión pública no asentamento na costa, que non fose compra-venda privada do solo da costa, salvagardando que eses asentamentos nunca estivesen na Rede Natura. Fixemos as directrices todas de ordenación do territorio, que eran a clave de bóveda para ver que partes do territorio tiñan que dedicarse a unha cousa, cal era o destino doutras, ordenar un territorio e protexer os nosos sistemas e valores

ecolóxicos máis prezados dos nosos ecosistemas. Logo, as políticas públicas, en liñas xerais, é outro dos temas que tratamos de impulsar. A defensa e a mellora das listas de espera no sistema sanitario público e servizos sociais, empezar a implantar o sistema de protección á dependencia e apoio ás persoas dependentes, aplicando



a lei do estado. É ben certo que aí tivemos problemas, e agora coa crise hai aínda máis, porque son políticas que consomen grandes recursos, absorben moitos recursos públicos, o que supón dificultades na súa expansión e na súa mellora. Logo tamén tratamos de dedicar o mellor dos nosos esforzos a unha política económica que pretendía cambiar un modelo, que Galicia non seguise competindo en salarios baixos, con precariedade no emprego e expulsando a emigración, expulsando á xente nova cara a fóra, senón ir cambiando o modelo cara a un país que ten que competir por arriba, creando innovación, apoiando as empresas na súa capacidade exportadora, competindo en innovación e capacidade de coñecemento, creando valor engadido e engadindo o valor aos seus produtos, creando marca, comercializando ben... en definitiva, unha competición que non podemos levar cos países emerxentes, que utilizan traballo precario e condicións laborais e salariais propias do terceiro mundo. Hoxe, se queremos gañar o futuro, temos que competir sobre a base da educación, da innovación, da capacidade de crear valor e xerar marca e gañar no mercado. Estas son, quizais, as liñas mestras, moi resumidamente, do que intentamos facer.

Cal cre que foi a causa principal da derrota electoral do bipartito?

Esa é unha pregunta para toda a entrevista! Creo que non hai unha causa, senón un conxunto de causas. Hai un pano de fondo. Hoxe pola mañá escoitaba a Vicepresidenta Económica do goberno de España, Elena Salgado, nunha emisora de radio respondendo aos que lle dicían “sempre se está anunciando a recuperación, xa nos íamos recuperar hai 4 meses, xa anunciaban os famosos brotes verdes da economía, que empeza a primavera e, á hora da verdade, sempre estamos peor”. Elena Salgado, defendendo a actuación do seu goberno contestou “Hoxe en día todo o mundo coincide e está de

acordo en que os dous peores trimestres da crise económica en España foron exactamente o último trimestre de 2008 e o primeiro trimestre de 2009”. É verdade porque os datos están aí e, polo tanto, temos que estar de acordo. Tamén é verdade que as eleccións autonómicas en Galicia se realizaron o 1 de marzo de 2009, xustamente despois de seis meses da máis dura crise económica internacional que viñamos padecendo durante anos. Probablemente naquel momento non eramos plenamente conscientes do momento histórico que estás pasando porque non tes a perspectiva de se seis meses despois vas estar mellor ou peor. Pero é verdade que hai ese pano de fondo, que as eleccións galegas son as primeiras no noso contexto ibérico que se realizan no corazón da crise económica. Estou seguro de que todo o que sucede, e o propio resultado electoral, aínda que non se acostuma avaliar neses termos, estou convencido de que ten que ver coa forma en que se collen os temas, como se perciben, como os avalía o goberno e como os avalía a oposición... ten que ver co momento de crise, sen dúbida. Pararíame un pouco nisto porque non se adoita citar. Apenas tres meses despois tiveron lugar as eleccións europeas e, sorprendentemente, a oposición en España gaña as eleccións fronte ao Partido Socialista que está no goberno. En agosto eu estaba comendo en Lisboa co Primeiro Ministro portugués, José Sócrates, a quen me une unha boa amizade, e ía haber eleccións nese mes e díxome “Probablemente a crise me leve por diante. Probablemente perda as eleccións”. El estaba



convencido de que o tiña moi difícil porque o proceso de crise cuestionaba a tarefa da gobernación. El cría que a oposición non fixera méritos e non presentaba nada alternativo pero, en definitiva, os cidadáns pasaríanlle factura. Gobernaba con maioría absoluta con moitos puntos de diferenza ao seu favor. Felizmente para el, eu opino coma el e creo no seu proxecto, conseguiu manter o goberno, se ben xa en coalición e perdendo a maioría absoluta. Que quero dicir? Desde entón todas as enquisas en España dan por riba ao Partido Popular, o partido da oposición sobre o partido do goberno. É difícil de cuantificar, pero tempo despois estou

convencido de que a crise afectou dunha maneira máis ou menos directa ou inmediata. A partir de aí, nese contexto, sobre esa base, eu diría que hai 2 ou 3 tipos de factores. As limitacións da propia tarefa de goberno, da propia capacidade do Partido Socialista, en particular a miña, que era o candidato que me presentaba ás eleccións, e anteriormente Presidente do goberno, para transmitir e poñer en positivo as accións do goberno. Seguro que non fomos suficientemente capaces de transmitir, de chegar, de conectar, de mobilizar o electorado para soste esa oportunidade de cambio e seguir na gobernación. Xunto a isto hai dous ou tres elementos para destacar. Por unha parte, o Partido Socialista e a campaña electoral socialista foi unha campaña deseñada estratexicamente, buscada, querida, programada para ser unha campaña moi institucional,



presidencial, moi de discurso de unidade e de país fronte á crise, moi obamiana, intentando que fose na liña de Obama de facer un chamamento á unidade, a resposta de todos fronte á crise e, polo tanto, de moi pouco ataque directo, de moi pouca contestación e combate coa oposición. Non obstante, a campaña da oposición foi unha campaña intensa, mobilizadora, dura, descualificadora, unha campaña que consegue mobilizar o seu electorado, mentres a nosa campaña queda ante iso especialmente branda, especialmente *soft*, moi branda. Creo que este foi un factor decisivo. Acusacións que se repiten desde a oposición, sistematicamente, moi duras, e nun contexto de crise, apenas son contestadas desde o noso lado, porque queremos manter o ton, non queremos entrar nese terreo de competición, de acusacións, de dilapidación, de mal uso de fondos... Non queremos entrar nese terreo porque pensamos que o país non se merece ese tipo de campaña. Logo, demóstrase que foi un erro de deseño na estratexia de campaña e de mobilización na campaña electoral. Por último, destacaría un dos factores máis decisivos. Na fase última, a partir do mes de agosto de 2008, as eleccións son en marzo de 2009, as forzas dentro da coalición levan a competición electoral ao seo do goberno. Os cidadáns empezan a percibir que, en vez dun goberno, hai un bi-goberno, un bipartito e que,

fronte ás acusacións da oposición de que Galicia necesita un goberno, un presidente cunha autoridade, hai dúas forzas en pugna no interior do goberno. A imaxe que ofrece o goberno de coalición amosa excesivamente as pugnas de dous partidos que van competir aos poucos meses, no seo do propio goberno, e úsase o goberno, instrumentalízase o goberno para a propia competición partidaria. Tempo despois constatamos que isto foi percibido así e que probablemente foi o que conduciu en gran parte a unha desafección dunha parte importante do electorado. En todo caso, unha breve reflexión. O sistema electoral galego, desde que existe autonomía, desde principios dos 80, a dereita, o Partido Popular, en definitiva, nunca baixou do 45% dos votos. Empeza a competición electoral e o Partido Popular pon enriba da mesa o 45% dos votos. Nos mellores tempos de Manuel Fraga, o anterior Presidente, ao que eu substituí na presidencia, chegan ao 53% dos votos. O Partido Popular móvese entre o 45 e o 53% do voto. Ten un teito moi alto. A oposición ao Partido Popular, que dalgunha maneira conforman o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, obtén sobre o 47% dos votos no mellor momento, cando gaña as eleccións, e senón por debaixo. Ese é o panorama. Que quero dicir? Dado o noso sistema electoral hoxe por hoxe, tiñamos que ser conscientes que a alternancia se move nun fío moi pequeno, nun chanzo moi pequeno. Cando gañamos as eleccións saltamos ata o 47% do voto, escaso, entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. É agora cando o Partido Popular recupera o goberno co 47% e perdérao co 45%. Os diferenciais son moi pequenos. De feito, nestas últimas eleccións e nas anteriores, o que gaña, gaña por un deputado, e o que perde, perde tamén por un deputado, nunha cámara que ten 75 deputados. Polo tanto, todo se move nunha franxa moi estreita de votos. Galicia vive agora un momento especialmente curioso, practicamente de empate técnico en número de votos. O Partido Socialista e o BNG nestas eleccións que perderon sacaron o 47% e o Partido Popular saca o 47% pero, coa repartición, a Lei de Homs e a distribución de votos, gañan por un deputado. Á diferenza de anos anteriores, as forzas en Galicia están moi equilibradas entre quen é a forza principal que sempre pon ese 45%, e polo tanto a forza hexemónica politicamente en Galicia, e a suma das dúas forzas que fan oposición. Practicamente están empatadas, equilibradas. Anos atrás non era así. Antes a dereita, o Partido Popular sacaba unha diferenza de 7 ou 8 puntos ás forzas da oposición, pero agora non. Nas eleccións de 2005 gañamos por un deputado e nas do 2009 perdemos por un deputado. Esta é a situación. Veremos se nun futuro esta situación de equilibrio segue así ou se decanta cara a algún lado.

Por que decidiu dimitir como portavoz do Partido Socialista de Galicia?

Sorrío porque todo isto que preguntades aínda é moi

recente e nunca o falei en público. Porque creo que, en democracia, se debe asumir a responsabilidade dos resultados. Alguén ten que asumir esa responsabilidade, cando se gaña e cando se perde. Para min era evidente que miles de galegos, toda unha xeración, moitos




cidadáns depositaran a responsabilidade de iniciar, por primeira vez en Galicia como resultado nas urnas, un goberno alternativo e diferente ao da dereita. Galicia é un país que, polas razóns que dicía anteriormente, en termos de votos, de apoio, de fortaleza política, do sistema de grupos políticos, a dereita ten unha forza extraordinaria como un partido unido e como única forza que representa ao conxunto deses votantes. Tiveron que pasar moitos anos, máis de 15 ou 16 anos, para que a conxunción de dúas forzas políticas tivera o apoio popular necesario e os votos necesarios para poder ter un goberno alternativo e diferente ao da dereita. A min correspondeume a responsabilidade de dirixir ese goberno. E esa oportunidade, aínda que fose de maneira inesperada e por pouco, perdémola. Pareceume necesario que alguén, e entendín que era eu, asumira esa responsabilidade da perda dese oportunidade, da perda dese goberno, da perda dese proxecto e da responsabilidade da gobernación. Pareceume que se necesitaba que alguén fixese de fusible para que non se desatase unha crise no seo da oposición, no seo do meu propio partido. En calquera caso, eu debía dar un paso atrás e asumir a responsabilidade da derrota e, polo tanto, facilitar que o Partido Socialista puidese renovarse e puidese empezar unha nova etapa. En calquera caso, aínda que perdemos o goberno, o Partido Socialista non perdeu deputados, seguiu cos 25 deputados e seguiu coa súa posición como referente de alternativa. E creo que, en democracia, é importante que haxa alternativa, que haxa referencia ao partido que goberna para que poida haber alternancia. E o mellor para iso era asumir persoalmente a responsabilidade e dar parte a outro equipo. Ese foi, de maneira moi básica e resumida, o motivo de dar ese paso cara atrás e facilitar o camiño para que o Partido Socialista tirase para diante.

Que o levou a abandonar definitivamente o mundo da política?

Levaba moitos anos xa no mundo da política con dedicación intensa, dedicación exclusiva, máis de 20 anos, 25 anos. Estiven 10 anos formando parte dos gobernos socialistas en Madrid, na gobernación de España, cos gobernos do presidente Felipe González, con dedicación intensa e exclusiva, como responsable de Infraestruturas, de Transportes, como subsecretario e secretario xeral, con tres ministros diferentes, con tres gobernos diferentes, todos presididos por Felipe González. Logo xa vin para aquí. Volvín de novo a Galicia, a Santiago, e asumín, a finais dos 90, a responsabilidade do Partido Socialista e, finalmente, a Presidencia da Xunta. Creo que a renovación xeracional e o cambio é algo importante na vida. Teño esa convicción e creo que din por rematado, por esgotado todo un período de dedicación, en primeira liña, á acción política. Por outra parte, quen asumiu a responsabilidade máxima dun país, na gobernación dun país, Secretario Xeral e Presidente da Xunta, cando dá ese paso de volta cara atrás debe dalo consecuentemente e, polo tanto, deixar que sexan outros, que sexan outras xeracións, outros os que pasen á primeira liña e asuman a responsabilidade. Creo que esta cadea é boa mantela, bo democraticamente, san persoalmente, e creo que debemos saber facelo. Non é fácil, non é doado dar este paso atrás, pero dificilmente me retiro da vida política, retírome da primeira liña da acción política e, polo tanto, da responsabilidade de ter un cargo. Pero para quen toda a vida estivo dedicado a isto da cousa pública, á *res publica*, a este espazo que me gusta chamarlle de convivencia, pois sempre estarei, ben escribindo, ben pensando, ben achegando... sempre cunha clave política na cabeza, e preocupado polo común, pola colectividade, por España, por Galicia, pola marcha de Europa, polos problemas que temos nas difíciles circunstancias de crise que estamos vivindo. É moi difícil que un se ille diso, e ademais non o pretendo. Agora si, o que decidín é retirarme do compromiso e da responsabilidade da primeira liña. E insisto, porque creo que é razoable. Levaba moito tempo, e un non debe seguir porfiando senón que debe deixar que outros asuman esa responsabilidade.

Como ve a actuación política do actual Presidente da Xunta?

É evidente, e creo que o propio Presidente é consciente, que en Galicia, a dous meses da realización das eleccións, realmente non había ningunha forza política, nin na



oposición nin no goberno, e ningún dirixente político que crese que íamos perder o goberno, que íamos perder as eleccións, que ía haber cambio, recambio na responsabilidade de goberno. Probablemente Núñez Feijóo fixo unha campaña, á parte de moi dura e acusatoria, fixo unha campaña electoral caracterizada por esa dureza extrema que lle imprimiu á campaña



acusando moitísimo e, por outra parte, fixo unha campaña electoral prometendo o posible e o imposible: aquelas cousas de que en 45 días resolvía a crise, da creación de emprego... Fixo unha campaña electoral como a faría alguén que realmente non cre que vaia a ter que resolver a crise a continuación, nos 45 días que acaba de comprometer. E a partir de aí creo que vén marcado por dúas cuestións. Primeiro, porque a realidade do país que lle corresponde gobernar é a realidade dunha comunidade autónoma que vive inserta no marco, no contexto dunha profunda e grave crise e, polo tanto, afectadísima polo problema do desemprego, do paro e da caída da actividade económica, onde todo o que prometera nese terreo era de imposible cumprimento, naturalmente, e incluso contraproducente, entendo, as promesas de rebaixa de impostos eran incumpribles porque, á hora da verdade, o que non hai é orzamentos, o que non hai é ingresos, polo tanto, dificilmente podes baixar máis os impostos, a recadación. E de feito, renunciou á medida fundamental de redución do IRPF, do imposto da renda, para a

maioría dos galegos. Por outra parte, tivo que formar un goberno coa rapidez de alguén que acaba de gañar unhas eleccións e probablemente non contaba con ese dato. Creo que todo iso está lastrando e condicionando o tempo actual. A min o que máis me preocupa da Galicia actual e da gobernación por parte do actual presidente é, primeiro, que eu creo que un presidente por enriba de todo debe buscar unir, debe buscar integrar, debe buscar un vector positivo de avance do país. Esa é a tarefa que se lle encarga a un presidente: que fortaleza, una e sume un país. Non que o desgarrar, o divida e entre en terreo de confrontacións. E creo que algunha das cuestións que hoxe se están facendo desde o goberno de Galicia, basicamente no terreo lingüístico, é resucitar esa confrontación ao redor do idioma, que é un elemento vertebral, de unión e de cohesión, e de identidade dun país, e está creando un desgarrar interno, unha confrontación interna sen precedentes, e creo que en liñas xerais está introducindo elementos de revanchismo político, de revisión do feito polo goberno anterior, que introducen elementos de división e confrontación. Iso creo que é un lastre, un factor negativo. E outra cousa que me preocupa é que Galicia poida perder orientación e rumbo nesa necesaria aposta por enganchámonos na converxencia, para achegámonos aos países máis avanzados. E para iso hai que manter o pulso da aposta pola educación, aposta pola innovación, aposta polo ensino universitario, aposta por aqueles factores que che permiten non desaproveitar, non perder pé, como dicía ao inicio desta entrevista. E a marcha actual, as liñas actuais, a forza de marcha parece que van en sentido contrario: redúcese a educación, redúcese o financiamento universitario, redúcese a investigación e innovación, redúcese a protección do territorio. Os elementos substanciais dun cambio de modelo parece que non se segue avanzando na dirección deles. E, polo tanto, a miña preocupación de fondo é que en Galicia poderíamos entrar nunha fase na que, en vez de gañar na converxencia, de ir avanzando na converxencia, ao saír da crise podemos entrar nun estancamento con respecto á dinámica de marcha dos outros países europeos.

Cal é a súa opinión xeral das liñas de actuación de Rodríguez Zapatero?

Ben, creo que Rodríguez Zapatero ao fronte do goberno de España e, polo tanto o Partido Socialista na gobernación do Estado, sobre todo, engade o diferencial dunha aposta pola pluralidade, pola diversidade, polas liberdades, no sentido máis amplo do termo, e pola defensa das políticas públicas, en particular da igualdade, das políticas sociais. Iso faino durante a fase expansiva da economía, creo que ese é o elemento diferencial, con medidas importantes no recoñecemento de liberdades e de novos dereitos para a cidadanía e faino no terreo social: Lei de dependencia, apoio nas

políticas activas de emprego, protección das persoas en situación de vulnerabilidade e exclusión, políticas de igualdade, igualdade de xénero. Creo que esa é a marca, a diferenza, a achega máis relevante. Cando estala a crise no ano 2008, punto de cambio no ciclo, loxicamente aí



recíclanse as prioridades. Entón toda a política do goberno de España e do seu presidente Zapatero é unha política que pretende afrontar a crise, igual que os demais países europeos, pero salvagardado a protección social, é dicir, que o custe da crise non recaia sobre os sectores máis débiles. Creo que eses son os elementos diferenciais. Onde pode estar a maior dificultade do goberno? Na capacidade para anticiparse, na capacidade para tomar medidas, para axuntar respostas fronte a recuperación e os grandes problemas que ten a economía social española a partir do estalido da crise. Todo o que ten que ver co noso modelo de crecemento, e que debe ser cambiado en España, ten que ver con dous grandes temas. España, a diferenza de case todos os países europeos, non temos parangón con ningún, é un país que, nas épocas de contracción económica, de recesión e de crise, sexa esta máis ou menos aguda, destruímos moito emprego, perdemos moitos postos de traballo, e miles e miles de traballadoras e traballadores van á rúa. E nas épocas de expansión e de crecemento creamos un pouco máis de emprego que os outros países. Pero o problema témolo, sobre todo, nas fases de recesión nas que destruímos moito emprego. Agora estamos por riba dos 4 millóns de parados. Temos unha taxa de paro que duplica a taxa de paro europea. Este é un gran tema e debemos preguntarnos e tomar as medidas necesarias para saír desa situación. Boa parte disto ten que ver coa hipertrofia, ese gran boom inmobiliario que caracterizou o noso país e a nosa economía durante moitos anos, durante 15 anos, diñeiro fácil, tipos de interese moi baixos e, polo tanto, unha actividade moi rendible, moi fácil, que é a actividade inmobiliaria, da construción. Cando o boom da construción cae, cando a burbulla inmobiliaria se pincha, pérdese todo ese emprego. Para facérmonos unha idea, en España a construción achega entre o 16 e o 19% do noso produto cando na media dos

países europeos está entre o 7 ou 8%. Ese diferencial haino que reabsorber. Temos que resolver porque todo ese mundo laboral non pode volver traballar no mesmo, temos que ser capaces de recualificar, de reformar e de cambiar o modelo produtivo para ir noutra dirección. Temos un grave problema que nunca quixemos afrontar e que, probablemente, é unha das responsabilidades do goberno socialista, aínda que non só del: temos un mercado de traballo moi dual, moi segmentado en dous grandes bloques. Por unha parte están os traballadores que teñen un posto de traballo asegurado, un contrato indefinido, representados moi ben polos sindicatos e o mundo establecido. Por outra banda, hai miles e miles de cidadáns, sobre todo xente nova, a mocidade que se quere incorporar ao traballo e, sobre todo, as mulleres, que están empezando a incorporarse ao mundo laboral, que están en situación de emprego precario, de emprego con malos contratos. Esta dualidade é, xustamente a que, en tempo de crise, fai que a situación rompa por aí, e manda a estes últimos traballadores rapidamente ao paro e ao desemprego. Hai que romper esa dualidade, hai que tomar medidas, a reforma do mercado de traballo, que permitan resolver ese gran problema. Pero para iso é necesario un gran pacto social, é necesario un acordo. No fondo, na miña opinión persoal, ese pacto, que ten que dirixirse politicamente, debe establecerse entre os que teñen traballo seguro e os que teñen traballo inestable. Iso hai que asumilo porque significa vantaxes para uns e perda dunhas vantaxes para os outros. Esa igualación para conseguir un traballo estable e indefinido para todos significa que hai que buscar un punto de equilibrio. Esa é a clave política da reforma laboral e, necesariamente, témola que afrontar, xunto con outros temas. Aí é onde pode haber algunha dificultade maior á hora de valorar o traballo que se realiza desde a gobernación de España que, en todo caso, ten ese *plus*, esa adición de compromiso coa igualdade, de compromiso coa protección



social, de compromiso coa diversidade que é España.

Que calidades políticas e persoais destacaríades de Rodríguez Zapatero?

Ben, é un home que achega renovación xeracional, que achega frescura, un novo talante, que achega o saber estar e non converter a política nun exercicio constante de confrontación e de acritude, un home relaxado, é relaxado politicamente e no terreo persoal, e que relaxa a política e, polo tanto, co que non é difícil entenderse, e facilita moito a tranquilidade e a relación política. Eu creo que ese é un gran valor, o valor do diálogo, o valor da tolerancia, o valor da conciliación... A min gústame esa forma de liderado político afastado da tensión, afastado da crispación e afastado da oposición coma un exercicio de combate permanente contra quen está no goberno. Ese novo estilo, ese talante na forma de facer política, creo que é unha das achegas, falando xa da persoa, de Zapatero, á vida política española.

Baixo o seu punto de vista, estase executando unha política económica correcta?

Xa falaba disto na anterior resposta, así que vou ser conciso. Na crise, necesariamente temos que afrontar, ademais de políticas de fondo para cambio de modelo, reformas estruturais que son imprescindibles, que son necesarias. No mercado do traballo hai que evitar esa fragmentación, esa dualidade da que xa falamos, e hai que apostar pola introdución das novas tecnoloxías, pola capacidade de innovación e de gañar en produtividade na economía española. Están pendentes tamén cambios necesarios na reforma estrutural do sistema financeiro, que é un dos factores de limitación extraordinario: o acceso a crédito, que o crédito flúa e chegue en condicións normais, imprescindibles, a pequenos e medianos empresarios e as familias, que están xugulando a actividade económica. En definitiva, unha serie de actuacións onde é fundamental o concurso da responsabilidade do goberno para liderar eses cambios, pero tamén é fundamental que a oposición asuma a súa propia cota de responsabilidade e se poña a disposición dun acordo, dun diálogo necesario para que iso se poida producir. Logo temos outro problema. Coa crise económica todos os países actuaron en dúas direccións. Primeiro, acudir en rescate da Banca, do sistema financeiro internacional, que entra en bancarota. Acode Obama a salvagardar o sistema financeiro de Estados Unidos, a Banca que creba, Leman Brothers..., rescatan a Banca en Inglaterra e nos países europeos, en España tamén temos que facer un esforzo nesa dirección, cada país co seu matiz. Esa é unha liña e outras son políticas de gasto público. Como se retrae a demanda, como se retrae a iniciativa privada, entra a crise nas empresas. Entón son necesarios os estímulos fiscais, é dicir, que o motor do gasto público substitúa un pouco e complementa a



iniciativa privada, que nese momento non pode porque está afogada. Pero iso hai que financiarlo, o gasto público ten que ser financiado, e para iso hai que endebedarse, hai que recorrer ao crédito. España e nos países europeos, Grecia xa é un caso exacerbado, para financiar eses estímulos fiscais entran nun problema de endebedamento excesivo e os mercados castigan ese endebedamento e cóbranlle un alto tipo de interese, un alto prezo aos países que están máis endebedados e, sobre todo, a eses países que temen e desconfían de que poidan devolver os recursos que se lles prestaron aos bancos, ás empresas, ao sector público que tamén o pide, en condicións de solvencia e seguridade. Así que hoxe, na economía, hai dous temas, o tema das reformas estruturais e o tema de como se restrinxe o gasto público e se reconduce a situación para volver a recuperar unha senda de normalidade. E aí é fundamental o concurso da oposición, porque no goberno central de España está o Partido Socialista pero nas comunidades autónomas goberna o Partido Popular nunhas e o Partido Socialista noutras, e entón se non chegamos a un acordo, a un pacto equilibrado de coresponsabilidade é imposible reducir o déficit, reducir a débeda. O goberno xa pode empeñarse en dicir o que queira, que aínda que ten maior responsabilidade, tamén hai que asumir a responsabilidade dende a parte dos partidos que están na oposición. E viceversa. Polo tanto, é un sistema cruzado. Da crise non se pode saír só, hai que saír cun esforzo solidario e coresponsable. E remato dicindo que eu creo que falta ese esforzo coresponsable, esa concertación. Está primando a política de desgaste, a política de oposición. No goberno de España, e onde estamos na oposición na autonomía. E viceversa, non estou cargando as tintas contra ningunha forza política.

Como valora a actuación das diferentes forzas implicadas na fusión das caixas?

Na miña opinión, as caixas de aforro son instrumentos, institucións moi *sui generis*, moi particulares. Son como os bancos, non se distinguen nada dos bancos. Cando

vas á sucursal e pides un crédito, atendente normalmente. Pero son institucións que nacen do aforro dos galegos acumulado durante xeracións e que hoxe en día está en Caixanova e Caixa Galicia, e que recollen o aforro de forma prioritaria e maioritaria de xeracións e xeracións de galegos e galegas. Son institucións que, segundo a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, teñen unha parte de tutela pública e, polo tanto, son unha mestura entre unha banca e unha institución que ten un carácter público. Por certo a Xunta de Galicia



ten a obriga, segundo o Estatuto de Autonomía, de exercer a tutela pública sobre estas institucións. A partir de aí, creo que os cidadanía galega ten dereito a poder aspirar, e debemos ensaiar, a posibilidade de que, dado que a crise obriga a unha reestruturación do sistema financeiro, a crise obriga a gañar tamaño, obriga a que haxa procesos de concentración e fusión dentro das caixas de aforro do Estado, e tamén das galegas, dado que non queda máis remedio que reducir custes e gañar en competitividade e tamaño, e ese é un proceso inapelable e imparable, entón os galegos e galegas creo que temos dereito a pensar, ensaiar e buscar que puideramos saír deste proceso cunha caixa galega financeiramente solvente e viable, e que fose resultado da unión e da fusión das dúas caixas galegas que hoxe temos, Caixanova e Caixa Galicia. Creo que é unha aspiración razoable e que debería tratar de impulsarse, que non deberían poñerse atrancos nese camiño por parte de ninguén, e ten que resultar unha caixa solvente, financeiramente viable, senón non serve. Eu creo que iso é o que se está intentando, con dificultades, pero estase intentando, e debemos estar á altura, do país. As caixas non son dun concello. De entrada Caixanova xa é o

resultado da fusión de Caixa Ourense e Caixa Pontevedra, ela mesma é o resultado dunha fusión, e recolle os aforros e opera en toda Galicia e fóra de Galicia. Caixa Galicia exactamente o mesmo, é o resultado da fusión doutras caixas. Polo tanto, non son do Concello de Vigo nin do Concello da Coruña, en ningún caso e baixo ningunha circunstancia. É falso. Son caixas de todos, teñen a tutela pública da Comunidade autónoma e, polo tanto, débense a este país, débense ás pequenas e medianas empresas, débense á súa función que lle atribúe a Constitución, e a lei, e a Estatuto de Autonomía. Creo que nos equivocamos cando facemos discursos de apropiación, de apoderamento, por interese local dunha ou doutra parte, dun ou doutro concello, dun ou doutra posición. Creo que debemos ter o suficiente grao de compromiso co país e a suficiente visión e xenerosidade para non entorpecer e facilitar o proceso. E sería bo e positivo, se se demostra a viabilidade e solvencia financeira desa gran caixa de aforros galega, que poida competir e poida vivir no escenario financeiro español e que poida servir para o financiamento de empresas, familias, usuarios, consumidores e, en definitiva, da sociedade galega.

Creo que aí non se está á altura das circunstancias por parte de todas as forzas políticas e de todos os responsables políticos. Creo que por razóns de desgaste, e é un grave erro, ás veces utilízase calquera cousa para desgastar o adversario cando se está na oposición, entendendo, ou mellor dicir, mal entendendo que, por riba de todo, os cidadáns perciben que o principal é a defensa dos intereses xerais do país. Ás veces estar na oposición tenche que permitir coincidir co goberno porque é bo para Galicia, neste caso coincidir co goberno, e non pasa nada. Todo o contrario. Hai coincidencias que son positivas, que son razoables, que se deben producir. Esta tendencia de cando estás na oposición de lle negar o pan e o sal a quen está no goberno, e que cando estás no goberno parece que necesariamente che teñen que dicir si a todo, é un pecado que todos cometemos pero é bo ser conscientes de que hai que corrixilo.

Que medidas adoptaría vostede para paliar os efectos da crise?

Creo que moitas e moi diversas. Da crise non podemos saír sós, ningún partido político, ningún goberno, ningunha comunidade, ningún país. A crise é global e, seguramente sexa a primeira crise global dunha economía global. De súpeto, a crise pon de manifesto varias cousas. Primeiro, pon de manifesto que a resposta contra a crise se tivo que dar apresuradamente, buscando a coordinación entre os países, o G20 cito como exemplo. Necesitamos unha resposta ao problema da gobernanza da globalidade. Non temos instrumentos de coordinación e de gobernanza suficientes no ámbito global, no ámbito mundial para responder a unha crise destas características. Mentres non resolvamos iso, corremos o risco de que se produza outra crise en circunstancias

similares en calquera momento do futuro. Esta é unha crise global que necesita unha resposta global que hoxe o mundo non ten. A economía está globalizada, as finanzas son internacionais e o mundo financeiro está sen regular. A crise nace nos Estados Unidos, non desde o sistema bancario regulado, senón desde o sistema bancario non regulado, fóra da regulación e fóra de control. Polo tanto, a segunda tarefa fundamental é a reforma do sistema financeiro internacional. Necesitamos ter un Fondo Monetario Internacional que realmente actúe como un elemento de estabilidade e control das finanzas internacionais. Tampouco o temos. Terceiro elemento baixando de nivel en problemas, A Unión Europea non ten unha voz única. Temos un sistema onde cedemos a moeda, onde hai un sistema económico unificado pero non temos política fiscal común, cada país ten os seus presupostos. Polo tanto, faltan elementos, hai unha asimetría extraordinaria na capacidade de resposta de Europa diante da crise. E acábase de revelar que iso é un grande erro, unha insuficiencia extraordinaria que pode poñer en perigo a propia construción europea, a propia existencia de Europa, que hoxe está salvagardada pero en discusión, discusión real. Fíxadevos o que pasa con Grecia. Imaxinemos que isto lle pasa a un país con máis peso en Europa! Polo tanto, hai problemas moi importantes que resolver para poder superar a crise. Logo están os factores propios. España ten un problema propio xerado por nós que é a creación de desemprego, a destrución de postos de traballo. Témosto que afrontar a través da reforma do mercado de traballo, a reforma do sistema financeiro e dos cambios no modelo produtivo, na forma de producir, e na diminución de peso do sector da construción e a substitución por outros sectores produtivos. Galicia ten os seus propios factores, á parte de todos estes, que poden ter que ver cos nosos déficits históricos, por iso falaba da importancia do vector educativo da nosa comunidade, de maneira moi fundamental todo o que ten que ver coa investigación e a formación profesional, dúas grandes eivas que temos que mellorar. Tamén todo o que ten que ver co apoio á internacionalización das nosas empresas, da nosa capacidade de presenza e da nosa competitividade internacional. Non podo esquecer porque me parece moi relevante o factor da protección do territorio, de salvagarda dos nosos mellores valores, de ordenación do territorio e de urbanismo de calidade. Creo que o futuro, e conclúo, é daqueles países que sexan capaces de atraer man de obra cualificada, de xerar formación desde o seu propio país, e logo que sexan competitivos en termos medioambientais e sociais. Ese equilibrio social, medioambiental e educativo é o que define o escenario dun país competitivo, dun país capaz de estar neste mundo de dificultades e de estar competindo axeitadamente.

Como beneficiou a Galicia a entrada de España na U.E.?

Ben, creo que hai elementos intanxibles e outros máis medibles, máis cuantificables. Probablemente os máis importantes son os intanxibles. Cando entramos no que daquela era o Mercado Común, e agora é a Unión Europea, primeiro, entramos nun mundo que nace como resposta, en termos políticos, á división e confrontación que percorreu Europa de arriba a abaixo con algunhas



guerras, e en España viñamos da nosa propia Guerra Civil. O proxecto europeo non se pode entender, aínda que sexa paradoxal, en termos económicos, é un proxecto político, un proxecto de unidade e de construción dunha unión que fortaleza a paz e a convivencia no seo de Europa, insisto, nunha Europa que viña de matarse, de desangrarse, e España tamén pouco tempo antes. Entón entramos nese mundo, un mundo que asegura liberdades, que asegura un espazo europeo, e seguramente o espazo do mundo que mellor soubo facer equilibrar o sistema de benestar social, educación pública, sanidade pública, sistemas de seguridade social equilibrados, sistemas de pensións... coa democracia e as liberdades. Unha especie de oasis neste mundo tan complicado que nos tocou vivir. Ese é un gran valor.

Segundo, era necesario que se puideran facer reformas estruturais porque viñamos dunhas circunstancias onde había unha economía hiperinflacionada, unha indisciplina moi grande no terreo económico e entrar na Unión Europea obrigounos a liberalizar os nosos

sistemas, a facer competitivo o mercado, a facer a reforma fiscal... a tomar unha serie de medidas e de reformas que, probablemente, nós sós non fosemos capaces de facer nese curto espazo de tempo. A Unión Europea foi un acicate, obrigounos a tomar medidas que eran necesarias e que tiñamos que tomar. Facilitounos o camiño.

Terceiro, o financiamento. A maior parte das comunidades de España, Galicia entre outras, estaban moi por debaixo da renda media comunitaria e a Unión Europea, lease Alemaña e Francia dunha maneira moi particular, financiaron a través dos Fondos Europeos toda a modernización da nosa economía, das nosas proxectos, o noso proxecto chámase Europa. E debemos estar cada vez máis comprometidos e ser máis innovadores co proxecto europeo que, se ten algunha dificultade é o medo e o repregamento sobre as



políticas nacionais, volver sobre si mesmo, en vez de aspirar a compartir máis, porque creo que en compartir está a fortaleza do proxecto europeo.

Cre vostede que nos prexudicou en algo?

Sen ningunha dúbida, ao igual que toda unión ou parella, ten elementos positivos e negativos, porque hai que facer axustes e hai que tomar medidas que teñen custos. A entrada na Unión Europea obrigounos a tomar medidas duras de axuste laboral e de conversión que, no noso caso, afectou de xeito moi particular ao sector naval e á súa produción. Era unha produción estratéxica para Galicia e, necesariamente, tivémola que axustar con algún veto e algunha prohibición que aínda conservamos, por exemplo, o tema dos estaleiros de Ferrol. Tamén nos obrigou a facer unha reestruturación no sector agrario, modificando as cotas da produción de leite. Probablemente tivo outros custos noutros sectores. Hai custos dese tipo pero, sinceramente e con perspectiva, creo que sería un grave erro quedámonos cos custos e non ver toda a parte de profundo proceso e transformación que supón o reto europeo. Aínda que eu son moi autocrítico, hipercrítico, con este proxecto, pero por quedarse curto. Cando me tocou estudar, Europa parecía un mundo distante ao que nos gustaría

achegámonos, non tiñamos un sistema de bolsas nin de mobilidade para poder ir fóra. Excepcionalmente viaxaba alguén ao estranxeiro, pero con moita dificultade e, case sempre, con financiamento privado. Se o comparamos coa integración dos sistemas educativos e a mobilidade que existen hoxe en día, creo que o salto é extraordinario. E deberemos seguir avanzando nesa dirección, porque temos que acostumarnos a vivir nun mundo no que Europa é o espazo natural de convivencia. Isto non significa que perdamos a nosa identidade, senón que, ademais, gañamos outra, que é a europea. Creo que iso é unha gran vantaxe no terreo económico, social, político, cultural e educativo, e penso que debemos seguir avanzando nese camiño. Para iso, Europa necesita crer nese proxecto e apostar por crear aínda con máis forza e seguir avanzando no espazo social, no espazo democrático, no espazo de igualdade, no espazo de dereitos. Iso, a crise actual dificultao. A poboación europea está moi envellecida, temos unha gran carga demográfica, os déficits públicos son moi elevados diante da crise en todos os países, e temos un sistema de benestar que é custoso de soste e manter. Hai unha gran competencia con países emerxentes que, nin teñen ese sistema de benestar tan custoso, nin teñen poboacións tan envellecidas e que, ademais, teñen niveis salariais e de explotación de man de obra elevados. Polo tanto, a globalización interpela a Europa e ponlle unha interrogante e grandes desafíos ao mantemento deste proxecto. Hai dúas formas de enfocalo: repregarse e volver cara atrás ou tratar de dar unha resposta de innovación, de mantemento e fortalecemento do proxecto europeo. Creo que son dous grandes temas que imos vivir nos próximos anos.

Que opina da atención que recibe a nosa comunidade autónoma por parte do Estado?

O Estado de autonomías en xeral, cando se mira en perspectiva, aínda que moitas veces se critica, é un sistema que ten contribuído de xeito decisivo a que diminuíran as diferenzas de renda, de riqueza, de benestar e que se xeraran máis espazos de igualdade e de cohesión dentro de España. Se miramos a evolución da sociedade española, pódese constatar, é moi difícil negar que o sistema de autonomías non favorecera, xustamente, que Extremadura, Andalucía, Galicia, Castela-León, que a España, digamos, da segunda velocidade, non se achegara máis á España da primeira velocidade, á España mediterránea, Cataluña e ao propio Madrid. O sistema de autonomías ten funcionado política e economicamente de xeito positivo. Este razoamento de fondo, para min, volve ser fundamental. Logo pode haber balances particulares. O Estado ten actuado de maneira moi importante como elemento de redistribución e reequilibrio. Iso é indubidable. Cando miramos as contas do Estado, hai un sistema de

autonomías e o financiamento autonómico; e ten funcionado como sistema ata o punto que estades vendo como agora se queixan as autonomías máis ricas e máis avanzadas. Cataluña, Madrid e Valencia, na última discusión do sistema de financiamento autonómico din “E que xa non queremos seguir achegando tanto, e que nos está crescendo moito a poboación, estamos recibindo moitos inmigrantes e temos que atendelos, e entón queremos que a nosa achega á caixa común sexa un pouco menor”. Loxicamente a nós moléstanos iso, a Extremadura, a Andalucía, a Asturias, a Galicia. España ten que seguir sendo un país redistribuidor e solidario e, polo tanto, temos que seguir mantendo ese esforzo común. En liñas xerais creo que a democracia e a autonomía son valores fundamentais para Galicia, en si mesmas e como elemento de achegamento e redistribución. Quere iso dicir que nos debemos sentir plenamente satisfeitos e que non debemos seguir aspirando a que se siga facendo ese esforzo de financiamento e de cohesión en materia das infraestruturas e de benestar educativo que nos faltan? Pois non. Debemos seguir facendo ese esforzo e seguir mantendo esa tensión. Eu creo que o sistema en si mesmo é redistribuidor e foi redistribuidor, en sentido positivo.

Temos fama de botar toda a vida estudando inglés e non dar aprendido. Onde cre vostede que está o problema?


Ha, ha, ha! Esa é para min a pregunta máis difícil de contestar do que levamos falado. E, persoalmente, a que máis me interesa. Coincido e constato que temos unha eiva e un déficit permanente, cultural, histórico e xeracional que temos que superar. Precisamos reforzar e manter a identidade propia e, polo tanto, dominar e reforzar a nosa lingua, pero, no mundo que nos toca vivir, necesariamente debemos, ademais saír do sistema educativo instalados no dominio do inglés. Na miña época de goberno esa era a miña obsesión. Sábeo ben a Consellería de Educación! Estaba obsesionado por proporcionar avances que permitiran o funcionamento dun sistema trilingüe. O obxectivo era lograr saír do sistema educativo cun pleno dominio dos idiomas propios, galego e castelán, e o control dunha terceira lingua, prioritariamente o inglés debido ao seu importante papel na comunicación global. É evidente que algo non funciona... fallan os recursos, falla o sistema e falla a base. Sería

un tópico enganoso pensar que se vai solucionar de golpe, que pór unha norma xa está. Temos un volume de profesores, máis de trinta mil, cunha formación e preparación determinada que non se poden transformar para que impartan a súa clase en inglés. A primeira cuestión é como conseguir a cualificación e a preparación necesaria do profesorado para que poida impartir docencia en inglés; isto require unha intensísima, pero lenta, transformación. Estamos ante un proceso xeracional de transformación que hai que acometer, pero que precisa un tempo, un sistema e unha técnica para poder realizalo. Tamén inflúen os elementos de aprendizaxe do alumnado. Temos que poder facilitarlle unha aprendizaxe adicional mediante intercambios e cursos no estranxeiro, etc. Isto é adicional e complementario, non o troncal. O troncal ten que ser a aprendizaxe de idiomas no propio país, pero os medios complementarios tamén son necesarios e iso precisa poñer recursos enriba da mesa. Xa podes predicar que queres moito trilingüismo que, se diminúes os recursos á educación e á aprendizaxe de idiomas, poderás predicar e poñelo nun papel, pero a realidade non mellorará. Para iso hai que poñer recursos e priorizar esa cuestión.

É certo que noutros países o dominio dos idiomas é algo máis factible e lles resulta máis fácil, pero creo que é un problema xeracional. Nacen noutro contexto e fórmanse nel. Penso que non temos unha eiva particular, este drama permanente de non nos poder manexar nunha lingua estranxeira. Podémolo superar, pero para iso fai falta ter clara a prioridade e poñer os recursos e medios técnicos axeitados para alcanzar ese obxectivo. Espero que xa teñamos esa conciencia e que esteamos en disposición de logralo.

Coñece vostede algún idioma estranxeiro?

Eu formeime en francés e é o idioma no que me manexo, pero, coma todos os idiomas, se non o practicas, pérdelo. Tradúzo moi ben, escribo razoablemente e fáloo con máis dificultade, non con fluidez. Por circunstancias non usuais, tamén compaxinei co estudo de inglés pero nunca o falei, por iso, para min, forma parte dese trauma xeracional.



Leo moi ben, enténdoo á perfección, case coma o francés pero, oralmente, teño moita dificultade, tanto para entendelo coma para falalo. Logo, por suposto, falo os propios, galego e castelán, e, por similitude, aínda que non é tan fácil, tamén domino o portugués.

Estamos traballando nun proxecto europeo Comenius con Lituania e Polonia. Existían proxectos similares na súa época de estudante?

Non. Na miña época de estudante estabamos moi cerrados. Primeiro porque viviamos na ditadura e estabamos illados e marxinados de toda Europa. Xa pensando na época da universidade e nos inicios da actividade docente como profesor, xa nos anos setenta ou oitenta, comezaba a haber no mundo universitario un sistema de bolsas. En Galicia, ademais do sistema de bolsas propio, foi importante a Fundación Barrié. Particularmente, fixen o meu mestrado en Grenoble cunha bolsa desta fundación e, coma min, moita xente daquela época. Aínda así, non era nada comparable ao que existe actualmente e, fóra da universidade, en ningún caso.

As comunicacións internacionais son cada día máis importantes. Como inflúen estes proxectos na sociedade?

Creo que dunha maneira moi positiva e importante. Non somos plenamente conscientes, pero vivimos nunha sociedade na que todo sucede na rede en tempo real. Sabemos o que está pasando en Malaisia ou na India. É curioso, en calquera parte do mundo pregunta polo Barça e polo Real Madrid. A televisión rompe fronteiras, antes eran decisivas as infraestruturas clásicas e o tempo medíase en termos físicos, hoxe accedemos en tempo real. O mundo está globalizado e achicado. A comunicación, a internacionalización, coñecer outros mundos, é unha imposición da realidade. A economía e a sociedade están globalizadas. Iso non quere dicir que non haxa diferenzas abismais, desigualdades brutais, que o mundo non sexa totalmente desigual e asimétrico... non ten nada que ver, pero o planeta está interconectado e globalizado, polo tanto, temos que vivir nesas circunstancias. A comunicación, o coñecemento, a aproximación á diversidade e a identificación con outras linguas e culturas, o recoñecemento do outro e das diferenzas... son vitais e decisivas como factor de enriquecemento persoal, para favorecer a convivencia colectiva, para competir, para buscar un emprego... En xeral, é fundamental para todo.

Nos seus tempos mozos, tiñan a posibilidade de viaxar a países estranxeiros?

Había unha escaseza de recursos económicos e as familias tiñan un nivel de renda e benestar moito máis baixo. En xeral viaxábase pouco, había moita menos mobilidade, non había facilidades no sistema de transporte, os sistemas



públicos de bolsas e axudas eran menores. Como consecuencia viaxábase moito menos. Agora ben, todos intentabamos dar os nosos primeiros pasos e buscabámonos a vida para poder saír, ir de vez en cando a Europa, cando rematabas a universidade buscabas o xeito de conseguir unha bolsa. Hai que ter en conta que o sistema universitario era máis cativo, estudaba menos xente. Era todo máis reducido, menos mobilidade, menos recursos e menos apoio público, polo tanto, viaxábase moito menos e había países que eran totalmente descoñecidos. Cando falabamos de ir fóra, estaba a nosa relación con Portugal e con Francia porque era o noso mundo máis coñecido e máis próximo, sempre houbo unha certa capacidade de salto a Inglaterra a onde ías traballar de camareiro ou fregar pratos para aprender algo de inglés. Tamén estaba o tema da emigración, o traballo forzado, ir fóra, primeiro a América e logo a Europa... pero facelo como compoñente da educación, de forma pautada e regulada, era moi difícil.

Tivo ocasión de visitar Polonia ou Lituania por motivos políticos ou por lecer?

A verdade é que non. Teño que recoñecer que os países do leste europeo, excepto o que antes era a República Checoslovaca, é unha das miñas materias pendentes. Espero agora ter tempo e dispoñibilidade e poder facelo. Apetéceme e está de primeiro na miña lista de prioridades porque, nin Polonia nin Lituania nin os países do leste en xeral, tiveron a oportunidade de coñecerlos.

O pasado día 10 de abril estrelose en Rusia un avión procedente de Polonia no que viaxaba o presidente do país acompañado por un importante número de baróns do seu partido. Que consecuencias pode ter para un país un feito coma este?

Anteriormente falabamos da convivencia en Europa, da televisión e da rede. En ocasións iso dános a oportunidade de facérmonos partícipes e solidarios co drama que está vivindo un país, neste caso Polonia. De golpe e de xeito inesperado desaparece toda unha xeración de dirixentes, líderes políticos e responsables do país. Isto, que sempre é un drama persoal, vivencial, que lles afecta ás familias involucradas, neste caso convértese nun drama colectivo. Tivemos a oportunidade de ver esa expresión de sentimento e de dor multitudinaria dun país que vive dramaticamente esa situación. Unha xeración de xente cualificada e preparada que dirixe un país en diferentes niveis é o resultado dun esforzo colectivo, é un investimento dun país, froito dunha dedicación, duns coñecementos que se acumulan... Polo tanto, é unha perda moi importante de cualificación e de capacidade de dirección. Estou convencido de que Polonia, que é un gran país, cunha forte tradición e cunha potencia extraordinaria, o superará e, pouco a pouco, recuperarase e fluirán outros liderados e levarase a cabo unha renovación da súa clase política. Sen ningunha dúbida superará esta dificultade, este drama.

Vostede era catedrático universitario antes da xeira política, esta experiencia cambiará agora o seu día a día como docente e investigador?

No comezo da miña andaina política máis intensa, cando era secretario xeral do partido e portavoz parlamentario, dicíanme que se me notaba demasiado que era profesor. Esa crítica sempre me gustou porque eu son docente, gústame a docencia e a educación é a miña profesión e actividade base. Agora espero volver a exercer a educación, non a tempo completo. Quero retomar esa faceta en posgraos, porque creo que é onde podo achegar máis nalgunhas áreas concretas. Vou traballar en dous posgraos que hai na Universidade. Un deles é de políticas públicas na facultade de Políticas e outro de integración económica e desenvolvemento rexional. Logo tamén quero recuperar algo da faceta de investigación, máis reflexiva, máis de análise, que creo que é complementaria da docencia. Un tema moi interesante para Galicia e que me apasiona é a relación con Portugal, Galicia e o norte de Portugal, e, polo tanto, vou montar un equipo de



investigación das universidades galegas coas do norte de Portugal para traballar nesa dirección.

Cal das dúas tarefas -a política ou a educación- diría vostede que lle quitou máis horas de sono e por que?

Sen ningunha dúbida a política. A educación é máis gratificante, non é tan estresante, aínda que require dunha intensa dedicación. En canto a horas de sono tería que matizar, porque na época da tese doutoral e da investigación, o nivel de dedicación tamén foi moi intenso; pero a política é unha actividade moi diferente, é moi competitiva, é máis dura... e tes unha responsabilidade e unha tensión que non a hai na educación.

Como modificaron as novas tecnoloxías a forma de dar a clase? Cre que acabarán implantándose por completo no mundo da educación?

Creo que son un punto de apoio, un complemento, un instrumento imprescindible e necesario, pero deben ser coma as mans dos educadores e dos alumnos cos que manexas e moves cousas. Aínda así, creo que nunca deben substituír a cabeza e o talento humano, a vontade, a disciplina... que son valores fundamentais no proceso educativo. O sentido da responsabilidade, da convivencia da disciplina e orde son esenciais na formación do alumnado, e iso non o dan as máquinas nin a rede. A rede debe estar ao seu servizo. Cambiou notoriamente todo, modificáronse as técnicas, mudou a forma de ensino, como se comunican os docentes. Cando marchei para Madrid por primeira vez no ano 1984, estaba como profesor con dedicación exclusiva na facultade de Económicas de Santiago de Compostela. Naquel momento era vicerreitor de Economía e, un bo día, un íntimo amigo da carreira é nomeado ministro e chámame para que o axude a montar o gabinete. Crin que marchaba por un ano e estiven en Madrid dez anos. Volvín no ano 1994. Cando marchei traballabamos con máquinas de escribir, non as clásicas senón as eléctricas. Todos os despachos do profesorado tiñan máquinas de escribir eléctricas. Cando volvín, incorporeime á universidade no ano noventa e cinco, a universidade cambiara por completo e xa non existían en ningún despacho as máquinas de escribir. Foran substituídas por uns estraños aparellos que eran os ordenadores. Fíxerase a revolución da comunicación e dos útiles de traballo.

Iso aínda non está completamente implantado nas aulas do ensino medio e básico e creo que é un dos temas que temos que ir introducindo. Pero igual que co idioma, non é cuestión de poñer un ordenador enriba dunha mesa, é cuestión de que haxa a cualificación e preparación necesaria por parte do profesorado para transmitila ao alumnado, para que poidamos aprender a utilizalo razoablemente e sacarlle partido a estes utensilios. Iso aínda está a medio camiño e queda moito por facer.

Se tivese que elixir, que prefire persoalmente, o xiz ou a pantalla?

Eu son da xeración que aínda se move mellor co primeiro.

Nun futuro, hai algunha posibilidade de que regrese á política?

Francamente, non. A política de primeira liña, con postos de responsabilidade, non. Creo que levo moitos anos nesa tarefa e realmente sinto que cubrin unha parte moi importante da miña vida. Seguirei sempre en política e sentireime sempre comprometido co país. Estarei en posición de colaborar e de axudar en todo o que poida, pero non na primeira liña da responsabilidade. Penso que lle corresponde a outras xeracións e que hai que facer, necesariamente, esa renovación e ese cambio.

Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, que desexaría para Galicia?

Son moitas cousas as que un podería desexar para a súa comunidade, pero, sobre todo, desexaría que Galicia se enganchase a ese carro das comunidades e dos países avanzados de Europa e que deixásemos de ser ese país que aínda ten unha eiva, un diferencial nos niveis educativos, no sistema de benestar social, nos niveis de

renda da nosa cidadanía e que puidésemos dar ese salto. Pero iso é moi difícil que se poida cumprir cunha soa cuestión.

Con respecto ao tempo de lecer, que lle gusta ler?

Basicamente ensaio, pero máis ben por obrigación e formación. Neste momento estou lendo bastantes cousas relacionadas coa entrevista económica; interésame moito o desafío do sistema de benestar, por onde pode e debe vir a recuperación da economía. Leo bastante de política, a crise da social democracia, o debate que está permanentemente ao redor das respostas que desde a esquerda se lle pode dar á nosa sociedade e ao noso sistema... Pero o que realmente me gusta ler é novela, ningún autor en especial, senón que leo moito en xeral, tamén as de lectura ampla. Acabo de terminar *Los Pilares de la Tierra*, un típico *best-seller*, pero que me parece atractivo, e as de Larson tan famosas...

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero que nunca lle preguntaron?

Non atopo nada en especial; xa tiveron a oportunidade de responder a moitas cousas, entendo que as entrevistas xiran ao redor da parte máis de actualidade, ao redor dos temas de máis interese público. Probablemente queda sempre oculta, e tamén é bo que sexa así e, polo tanto, tampouco excito que se me pregunte, a parte máis humana e persoal, case sempre queda máis descoñecida. Decátaste de que fuches un home público e, o teu lado máis persoal, probablemente, sexa un gran descoñecido. É razoable que sexa así. Hai países onde a faceta humana dos políticos está máis en primeira liña, porén aquí, soe ser ao contrario, o lado persoal é o máis reservado. Non sei se resulta positivo ou negativo, pero é así.





O EX-PRESIDENTE TOURIÑO RODEADO POLOS PROFESORES /AS E ALUMNOS/AS DO IES MARUXA MALLO QUE LEVARON A CABO A ENTREVISTA

Entrevistamos a Xosé Ramón Gayoso

Xosé Ramón Gayoso, nado o 25 de abril de [1956](#) na [Coruña](#), é presentador na Televisión de Galicia e, tamén, un dos persoeiros públicos máis coñecidos da nosa comunidade autónoma.

Aínda que de mozo sentiu unha especial atracción pola canción onde obtivo diversos premios xuvenís e chegou a montar un dúo musical co que percorría os nosos escenarios, os seus estudos levárono por un camiño totalmente diferente, cursando Dereito na [Universidade de Santiago de Compostela](#) para exercer como avogado do Tribunal da Rota Romana, tribunal eclesiástico de apelación da Santa Sede. Relata nesta entrevista como estaba a preparar as oposicións a xudicaturas cando se fundou a televisión autonómica en 1985 e como o azar o levou a traballar nela dende a súa inauguración. Presentou moitos programas na TVG como *O veciño do xoves* do que está especialmente satisfeito, pero foi con [Luar](#), dende 1992 até a actualidade e xa van aló dezaioito anos, cando se fixo inmensamente popular.



GAYOSO: presentador TVG

Data entrevista: 23 de abril

Entrevista por:

Iria Juncal Suárez
Luis Fernando Cruz Ramos

Preguntas:

Karla Gómez Liñares

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

Lucía Rouco Penabaz

Transcrición ao galego:

Iria Juncal Suárez
Karla Gómez Liñares

Supervisores transcrición galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

Lucía Rouco Penabaz

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya
M^a Isabel Mato Torres

Contacto co entrevistado:

Lucía Rouco Penabaz

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán

Canto tempo leva traballando de presentador en xeral, e no *Luar*, en particular?

De presentador levo traballando 25 anos, que se van cumprir agora, desde o 24 de xullo de 1985. E no *Luar* levo 18, que tamén se cumpriran agora no verán.

Non se cansa un ao traballar no mesmo durante un período tan longo?

Si. Si que cansa. Como se pode cansar un mestre, un carnicero, un arquitecto..., é dicir, como se cansa todo o mundo. Todos os que traballan, todos os que corren, todos os que queren chegar a unha meta teñen que chegar cansos, senón é que nin correron nin traballaron. Pero outra cousa distinta é dicir "como estou canso, vouno deixar". Non. O importante na vida é o esforzo, o sacrificio e o tirar para adiante. Todo o que paga a pena na vida custa moito esforzo.

Se non fose presentador, a que outra profesión lle gustaría dedicarse?

Gustárame ser cantante. Son un cantante frustrado. O bonito de *Luar* é que, de cando en vez, permíteme estropearlles as cancións aos artistas, e canto con eles. Entón xa mato o meu *gusanillo*.

Se puidese escoller, quedaría co traballo actual ou con algún dos anteriores?

A min gustoume moito un programa que fixen na temporada 1987-1988 que se lle chamou *O veciño do xoves*. Foi o programa que, persoalmente, máis me gustou. Pero a *Luar* téñolle un cariño moi especial por moitas circunstancias, profesionais e persoais.

Din que a carreira de Dereito é moi dura. Vostede que a estudou que opina?

Sobre todo se non che gusta. É peor aínda. E a min non me gustaba nada. Fixen unha carreira de Dereito bastante mala porque non me gustaba. Se algo saquei en limpo, precisamente é a facer algo, que non me apetecía, pero que tiven que facer. E iso é unha lección para a vida. Despois de 54 anos eu fago moitas máis cousas que non me apetecen das que en realidade me apetecen. Iso de "Apetéceme..." está ben, pero, desgraciadamente, a vida non é así. Na vida hai que facer máis cousas que non apetecen que cousas que si gustan.

Temos entendido que Gayoso actuou como avogado no Tribunal da Rota. Como foi aquela experiencia e canto tempo durou?

Acabei a carreira de Dereito e marchei para Madrid onde estiven traballando durante tres anos de avogado. Aquel era un Tribunal Eclesiástico, o Tribunal da Rota, onde se anulaban e separaban os matrimonios, eclesiásticos, ou relixiosos, católicos. Pero tamén nos dedicabamos a máis cousas, a todo o Dereito civil en xeral. Tres anos.



Como vai a audiencia do programa *Luar* co transcurso dos anos? Como cre que se mantén fiel despois de tanto tempo?

Moi ben. Porque traballamos moito e o público é moi bo. É moi condescendente e quérenos moito. Pero todo está en función do traballo, do esforzo e dun público que, para min, milagrosamente nos segue aceptando nas súas casas.

Supoñemos que vostede aprendería moitas cousas grazas a este programa. Podería citar algunha das máis importantes?

a verdade é que son tantas cousas...! Porque son 18 anos de programa. O máis importante que aprendín é que a televisión é un traballo fundamentalmente de equipo. Non é un traballo individual. Así como, por exemplo, hai persoas artesás que diante dun anaco de madeira, diante dun ferro ou dun lenzo poden crear obras, para nós é imposible. Nós sós non podemos facer nada. Nin o presentador, nin o iluminador, nin os guionistas, nin os directores... É dicir, é un traballo de equipo, dunha coordinación absolutamente imprescindible. No momento no que un chanzo racha, racha todo o traballo, racha todo o programa. Isto levoume a tratar de coñecer ben todo o traballo do resto dos compañeiros do equipo de televisión, o traballo noso está moi encadeado. Isto é moi importante. E logo o meu respecto ao público cada día medra máis. Non me quero esquecer de algo que tendemos a facer en todas as profesións, que é mirarnos demasiado a nós mesmos e falarmos entre nós os da televisión, facemos os programas para que logo os compañeiros da televisión nos digan que están

ben ou están mal. Tamén aprendín que o público é o que cada día manda máis aquí. Nin políticos, nin xente da televisión. O público é o que decide, cun elemento máis democrático que as urnas de votacións: o mando a distancia. Danlle a un botón e... desapareces. Danlle ao botón e... apareces. Sen facer falta esperar catro anos para botarte.



No programa haberá cousas que lle gustan máis e cousas que lle gustan menos. Cales? Por que?

Eu non fago o programa para que me guste a min. Eu fago o programa para que lle guste ao público, á maior parte da xente que nos mira. Os gustos persoais meus quedan á parte. Non están en *Luar*. Hai cousas que me gustan e hai cousas que non me gustan. Sei onde se atopan as luces e sei onde se atopan as sombras de *Luar*. Non é o mellor programa do mundo, pero si que é un programa que ten aceptación.

As Cantareiras de Ardebullo teñen moitos seguidores, está Gayoso entre eles?

Si, si, si teñen moitos seguidores e eu son un deles. Ríome moito. É unha forma marabillosa de acabar a xornada, unha xornada tan longa como é a de *Luar*, tantas horas aquí metido e rematala con..., xa non cun sorriso, senón cun exercicio ximnástico de abdominais, porque...a min As Cantareiras a verdade é que me parten.

Pensa que este dúo cómico está a influír positivamente na audiencia de *Luar*?

Si, si, si, determinante, si. Nós temos unha audiencia importante, non? Pero estes rapaces ou rapazas agora mesmo están dándonos un plus importante de audiencia, si.



Cal é a diferenza principal entre Os Tonechos e As Cantareiras de Ardebullo?

A diferenza... ben, eu creo que os dous fan un idioma moi entendible, moi próximo ao pobo. Os dous. Eu creo que son máis as semellanzas que as diferenzas, non? Creo que, fundamentalmente, teñen semellanzas: teñen interpretado moi ben a paisanaxe galega.

Teñen un efecto parecido ante o público que asiste en directo ao programa?

Si. Recordo a época dos Tonechos practicamente igual de *desternillante* que agora a das Cantareiras de Ardebullo.

Se Gayoso tivese que escoller un deses dúos con cal quedaría?

Ai! É dificilísimo. Iso é como se tes dous fillos e che preguntan por cal deles... é imposible. Sempre caben as dúas cousas e, ademais, eu son tan bo comedor que podo con todo. Ohhhh! Nada, quedo cos Tonechos e quedo con eles.

Viviría moitas anécdotas no *Luar*? Seguramente haberá algunha divertida que se anime contarnos.

Si, cantidade delas, meu Deus, 18 anos de *Luar* e 25 facendo televisión! Home, tal vez unha divertida foi a de esquecerme dun artista cando o ía presentar. Destas cousas que che queda a mente en branco e... empezas a mirar para a cámara... -o artista chamábase Gilbert O'Sullivan, un artista moi coñecido daquela época, xa hai tantos anos. Ben, entón eu empezo "Queridos amigos, esta noite está connosco un fenomenal artista, un artista que nunca estivo aquí, no *Luar*" -e eu desto que non me acordo do nome e sigo dándolle voltas malamente "Ben, xa está preparado no escenario, é un artista que estou seguro que cando o escoiten vostedes van recoñecelo rapidamente" e mentres pensaba "Meu Deus, como se chama? como se chama?..." E non se me ocorre outra cousa que botar man do rexedor. O rexedor é un compañeiro do equipo de televisión que nunca sae.

É un rapaz que está moi cerca dos presentadores, detrás da cámara cuns cascos en conexión cos realizadores e parte do equipo técnico. Entón a min non se me ocorre outra cousa e digo: “Ben, este artista que lles imos presentar, a min gustaríame que o presentara un compañeiro do equipo, que non fora eu... por favor, Manolo, como se chama o artista que vén a continuación?” Eh? Gilbert O’Sullivan. “Acábano de escoitar vostedes, Gilbert O’Sullivan esta noite, presentado por Manolo. Ha, ha, ha!”. E despois do programa recordo que Manolo, o compañeiro, dixo “Oe! A próxima vez que fagas unha parvada dese tipo, unha broma, avísame porque, claro, non sabía que facer”, “que broma nin que nada, esquecinme completamente do nome do artista!”

Xa vedes, cousas simpáticas.

Tamén é de supoñer que pasase algúns malos momentos no programa. Cal foi a peor experiencia que recorda?

O peor de todo foi matar ao Fari e ter que resucitalo no mesmo programa. Anunciei a morte do Fari e, un pouco antes de acabar o programa... menos mal... paseino fatal. E igual non o pasei tan mal naquel momento, pero despois... Son zocadas desas... que lle imos facer! Somos humanos. Aquí estamos para equivocarnos, e agardo tropezar moitas máis veces, porque iso significará que sigo camiñando e, cando un camiña, tropeza. As posibilidades de tropezar son moitas máis que se estás sentado, non?

Polo xeral, os famosos que van ao Luar son tan boas persoas como aparentan? Algún ou algunha habrá que pareza moi boiño diante da cámara e por detrás teña un xenio que ninguén se esperaba.

Si, en xeral, si. Hai excepcións. Non me preguntes cales porque non as vou dicir, claro... Ha, ha, ha!

Son moi boas persoas, en xeral. Tamén aprendín no Luar que, detrás dun gran profesional, entendendo por gran profesional xente que leva 40 ou 50 anos facendo un traballo cun seguimento dun público, hai persoas que traballaron moito, pero que ademais son seres humanos... bastante excepcionais, fóra da norma, moi traballadores, moi próximos, moi amables e moi humildes.

Poderíanos dicir quen é o seu cantante predilecto e por que?

O meu cantante favorito... Gilbert Bécaud. E diredes vós “Ese quen é?” Xa morreu! Era un artista francés que me gustaba moito, un gran cantante francés. Naqueles tempos estaba Frank Sinatra en América e Gilbert Bécaud en Europa. Os dous eran grandes. Tal vez foi o artista que máis me chegou a min.



A todos nos gustaría coñecer a algún personaxe famoso ao que admiramos. Gayoso seguro que fixo realidade ese soño, ou non?

Si, por exemplo este Gilbert Bécaud, que eu admirei desde que era un cativo e que cantei cancións súas. Bailei con el aquí, no escenario de Luar! Fíxate o que foi ese día para min. A partir dese momento pensei: “ Xa pododo morrer tranquilo, xa me pododo ir, isto xa o teño... enchido. Logo artistas que a min me gustaron, cos que medrei, cantei, fun a festas e escoitei as súas cancións... todos os deste país, xa non me queda ninguén por coñecer. A min gústame moito. Nese sentido aínda son moi parvo porque a min gústame coñecer a xente popular, si.

A que outro famoso, co que nunca tivo oportunidade de falar, lle gustaría coñecer?

Ai! Que compromiso! A quen me gustaría coñecer? Pois gustaríame coñecer a deportistas. E que no mundo dos artistas penso que xa coñecin a todos aqueles que... home hai xente que morreu que me gustaría moito ter coñecido... a María Callas. Se empezamos a dicir xente... Pero si que me encantaría coñecer a deportistas, Fernando Alonso, por exemplo.

A un presentador preocúpalle moito o que os telespectadores poidan pensar del?

Si, si, claro que nos preocupa! A min preocúpame fundamentalmente o que poidan pensar da miña persoa.

Porque eu distingo moi ben entre o que é o personaxe da televisión e o que é a persoa. Entendo que este cacharro, a pantalla, desvirtúa a realidade e o público confúndenos, ao personaxe que aparece no programa e á persoa que vai despois pola rúa. Aos que non nos coñece ninguén, claro. A min o que me preocupa é que haxa confusión. A xente entende que eu son o de *Luar*. O de *Luar* vive tres horas á semana. Ese moneco que sae na televisión, nada máis que vive na televisión. Nada máis. E son 3 horas á semana. E cando eu vou pola rúa dunha cidade galega, eu son Xosé Ramón Gayoso, un cidadán normal e corrente que manexa os fíos dun moneco que sae na televisión tres horas á semana e que se chama Gayoso. Pero non son este. É dicir, eu non estou toda a semana "Señoras, amigos, aquí estamos, encantados e felices de unir a noite de *Luar*. Imos cantar, bailar, rir...!". Non. Non, eu non son ese. Manexo ese personaxe, pero non son ese.



Un presentador segue a poñerse nervioso logo de tantos anos de oficio?

Si. O que pasa é que os nervios do principio, que son nervios de inseguridade e de non saber que facer, tradúcense despois en respecto polo que vas facer. Home, despois de 25 anos eu xa sei o que teño que facer. Outra cousa é que o faga ben, pero xa sei o que teño que facer. Pero os nervios daquel entón tradúcense en respecto. É unha responsabilidade diante do público, que volvo dicir o de antes, para min son os meus xefes, os que mandan, en definitiva.

Traballar na televisión cámbialle a un a vida para ben ou para mal?

Si, cambia, cambia. Cambia a vida, para ben e para mal (he, he, he!). A parte bonita é que coñeces moita xente, que sentes o cariño da xente... pero despois hai unha parte negativa que é a que dicía antes. Hai xente que confunde o personaxe e a realidade da persoa que manexa o personaxe. Hai xente que non che deixa vivir

directamente. Pero que non che deixa vivir. Xente que debe ter algún tipo de trastorno de conduta nas súas cabezas, non? Ben... que lle imos facer! Digo con mágoa porque, en definitiva, é xente que ten enfermidades mentais e entón confunden, acosan, perseguen, non che deixan durmir, van á túa casa... E non se pode facer nada, eh? Retirarte da pantalla. Porque unha vez que desapareces, desaparecerías tamén das súas cabezas e desa imaxinación paranoica que teñen. Esta é a realidade, para ben e para mal. Pero pode o ben sobre o mal, senón, se fose tan cru, tan cru... acabarías retirándote, claro está. Pero sempre abundan as cousas boas sobre as malas.

Canto duran os ensaios previos a cada gravación?

Pois, xa vedes, empezamos ás doce da noite e acabamos ás oito da tarde, cun descanso dunha hora aproximadamente. Como xa son un pouco veterano e hoxe aténdovos a vós, eu estou encantado da vida, pero os compañeiros estanme agardando para unha reunión. Pero estamos encantados.

O equipo que fai posible *Luar* será moi numeroso. De cantas persoas e oficios estamos a falar?

Estamos falando dunhas 150 persoas traballando os venres en plató: técnicos de todo tipo, desde os que montan os decorados -porque boa parte disto desmóntase cando acaba o programa-, as luces, todos os técnicos de iluminación, os micrófonos e toda a xente de relacións públicas, todo o equipo creativo de guionistas, a xente de produción, os músicos que traballan con nós... É dicir, hai cantidade de xente que non se ve, nin se imaxina un o que pode haber nun programa de televisión. Cento cincuenta persoas, aproximadamente. De luns a xoves que é a parte creativa, a parte de chamadas telefónicas a artistas, contratos a artistas, contratos a invitados que veñen, chamadas telefónicas, creacións de guións cos guionistas, para isto somos un equipo de dez persoas de luns a xoves. O venres, á parte desas dez, sumamos cento cincuenta.

As relacións humanas dentro dun grupo tan grande deben de ser difíciles ás veces. É posible levarse ben con todo o mundo?



Sí, é posible. As relacións humanas son fundamentais nun equipo. A boa convivencia é fundamental. As relacións humanas son moi importantes para que haxa un desenvolvemento bo dentro do teu traballo. Se de algo presumimos en *Luar*, é de ter un equipo de xente que convivimos. Coas tensións lóxicas dun equipo que leva traballando dezaioito anos. Iso é lóxico. Ás veces temos que dicir cousas, temos que expresarnos, ser



duros. Porque o cariño non só é pasar a man polo lombo e dicir "Que bonito es, que ben te portas". Non. Hai veces que, con cariño, iso si, pero dis "Mira, vouche dicir algo...". Se de algo presumimos é diso. Non presumimos de audiencia, nin de programas. Presumimos de que creamos un colectivo de traballadores que traballamos contentos. Isto é importante.

Gayoso con quen preferiría non traballar e con quen se leva ben, pero que moi ben?

Eu traballo con todo o mundo. A expresión *non me apetece* non está no meu léxico, non á hora da profesión. Iso non existe. Para min o traballo é o meu traballo e a miña responsabilidade. Se me gusta máis, estupendo. Se me gusta menos, pois menos estupendo. Pero hai que traballar e hai que facelo. Niso son moi serio e moi responsable. Volvo a repetir que "non me apetece" non vai a ningún lado.

Como, ou por influencia de quen, empezou Gayoso na televisión?

Pois de ningunha, por pura casualidade. En 1985 formábase a empresa Televisión de Galicia e eu estaba

traballando no mundo da avogacía. Estaba preparando as oposicións á xudicatura. Eu estaba no mundo das leis e do xurídico. Souben que se montaba esta Compañía de Radio e Televisión de Galicia e fun ás oficinas a solicitar traballo cun currículo no que expoñía o traballo, a carreira que facía... Dixéronme que non, que avogados xa tiñan, que o único que lles quedaba por contratar eran presentadores. Deilles as grazas e, cando me marchaba, destas cousas como nas películas que te levantas e dis "E a todo isto, o tema de presentadores como é?" E aí empezou todo. O home díxome que dentro dun mes había unha proba diante da cámara para ver "se te quere ou non te quere a cámara" e que estivese atento á prensa. Un día vin que se convocaba unha proba, presenteime... e xa está. Esta é a miña historia. A partir de aí todo é público xa. Pero eu cheguei así, desa forma tan casual. Fíxadevos o que é un instante na vida, como cambian as cousas. Aínda que non tanto, eh! Non tanto. Dícialle a un dos vosos mestres antes que a xente ten unha idea dos avogados unida a cárceres, delitos, xente moi seria. Pero eu tiven unha vida paralela a esa, e foi o escenario. Cando tiña seis anos, no colexio, meus pais metéronme nunha rondalla a tocar a bandurra. Desde que subín a aquel escenario xa non me baixei. Aos seis anos. Logo andei polo mundo tocando a guitarra, porque á parte de estudar, facer a carreira, traballar, tiña esa vida paralela de andar cantando por aí pola vida. Porque me gustaba, e me gusta. E tiña un dúo cun amigo e iamos polos pubs a cantar e polas festas, pasábao moi ben. E iso desde os seis anos. A min subíronme un día a un escenario e sentínme tan ben naquel escenario que agora, con 54 anos recordo que me encantara estar no escenario e xa non me baixei nunca máis. Entón dícialle a meus pais "A culpa é vosa por subirme aquel día ao escenario". Cando deixei o do dereito e vin para a televisión dalgunha maneira confluíron dúas vidas que levaba, o Dereito por un lado, e a música polo outro. Ou sexa que para min a vida si que cambiou, pero non tanto, se o explico, non tanto.



Podería definir *Luar* nunha soa palabra?

Festa, festa. Estamos para entreter. Aquí non temos máis pretensións. Cando empezabamos igual eramos un pouco máis pretensiosos. Un día tamén levounos a dicir “Vamos ver, se entretemos á xente, bastante obxectivo é, non?” Despois tratámola de entreter con contidos que nós chamamos *limpos ou brancos*. Este é un programa que poden ver os avós e os netos xuntos. Non pasa nada. Contamos chistes, bailamos e cantamos e, sobre todo, intentamos que sexa con músicos de aquí, da terra. Se miras unha lista de artistas de *Luar* decátaste de que artistas de fóra hai dous, todo o resto son xente nosa. Pero se hai unha palabra para *Luar*, esa é festa. Festa galega. Un señor do Bierzo dixo que o *Luar* era a catedral mundial do folclore dos pobos. Gustounos ese acuñamento e moitas veces dicimos “Aquí estamos, desde a catedral mundial do folclore dos pobos”. O folclore é alegría, é manifestación popular, manifestación do pobo. E iso é *Luar*.

Gustaríalle seguir traballando durante moitos anos máis en *Luar*?

Si, non me importaría. Pero tamén son consciente de que o público é o que manda. Xa o dixen varias veces na entrevista, cando o público decida que xa está ben de *Luar*, pois entón pecharemos *Luar* e faremos outra cousa. E intentaremos entreter. Seguiremos tratando de entreter.

Estamos traballando nun proxecto educativo europeo, *Comenius*, facendo intercambios e realizando tarefas man a man cos nosos socios de Lituania e Polonia. Existían proxectos similares na súa época de estudante?

Que va! Que va! Sabiamos que existía Europa nada máis. Pero nin tan sequera mirabamos cara a ela. Nin tan sequera había unha televisión que che mostrara... Obviamente de Internet nada. Nin tan sequera había esa inqueda necesaria de viaxar da mocidade, de ver mundo. Porque viaxar abre moito a cabeza. É moi importante. Hoxe estamos neste mundo no que vós xa manexades esas ferramentas de contacto directo con todo o mundo. Antes non había. E sei que vides detrás, empuxando dunha forma voraz. E encántame, porque en definitiva vós sodes o futuro-presente desta comunidade que é Galicia e, en definitiva, do mundo, non? E estades moito máis preparados ca nós. Iso sen lugar a dúbidas. Tedes un futuro moi prometedor.

Nos seus tempos mozos, tiñan a posibilidade de viaxar a países estranxeiros?

Moito menos. Moito menos. Primeiro porque non había cartos. Isto custa diñeiro e daquela non había todas esas relacións entre países que agora permiten facelo, sen gastar moito diñeiro. Na época dos nosos país había

unha necesidade de sobrevivir, “el pan nuestro de cada día”, erguerse e buscar de comer, de sobrevivir. Hoxe a cousa vai cambiando.



Que lle din Polonia e Lituania a Gayoso?

Pois países que tamén pasaron moi malas situacións. Países nos que, desgraciadamente como pasou en España, a falta de penetración doutras ideas, doutras culturas, da educación, en definitiva, fixo que se frearan. Por iso son importantísimas as actividades como esta, os intercambios culturais. O ser humano canto máis sabe, canto máis estuda e canto máis amplía o seu mundo de coñecemento é máis libre. O problema de países como eses é que non os deixaron ser libres, precisamente porque non lles deixaron fomentar a súa cultura. Como nos pasou aquí tamén. En definitiva este foi o pasado deles. Ten un gran mérito a xente de Polonia, Lituania e mesmo de España, que saíu dunha situación de atranco cultural brutal e soubo repoñerse e tirar cara adiante.

Tivo algunha vez ocasión de visitar eses países ou gustaríalle facelo?

Non, desgraciadamente. Pero teño moitas ganas, eh! É un tema pendente, o de viaxar. Pero, claro, cando eramos mozos non podíamos porque non había diñeiro. Agora que teño diñeiro, non teño tempo. Entón a ver se agora chega o momento no que poida ter un pouco de diñeiro e un pouco de tempo e poder viaxar. Pero si que me gusta moito viaxar. Enténdoo como unha necesidade vital, como algo importante para a evolución do ser humano.

Como é a proxección de *Luar* en Europa?

En Europa no mundo da emigración galega, non? Supoño. Aínda que un día un amigo comentoume que en París encontrouse cun matrimonio, francés, que vía *Luar*. Preguntoulle se eran emigrantes



respondéronlle que eran franceses e que vían *Luar* porque lles gustaba. Non tiñan ascendencia española nin galega. Pero imaxino que será unha excepción, porque por Europa adiante *Luar* é visto pola emigración galega. Como toda a Televisión de Galicia e a Radio Galega.

Temos fama de botar toda a vida estudando inglés e non o dar aprendido. Onde cre vostede que está o problema?

Falta de traballo e de esforzo. Creo que non nos preocupamos realmente ata o de agora. Eu non sei falar inglés porque nunca me puxen a falalo. A falta de necesidade. Agora din que hai que saber galego, español e inglés. A min xa me molesta isto, que lle poñan límites ao coñecemento. Hai que saber eses tres idiomas e hai que saber catro, cinco ou seis. E cantos máis saibas moito mellor. Moléstame que a xente diga que hai que falar galego nada máis, ou que hai que falar castelán nada máis. Xa sei que son outros motivos os que levan a esas discusións estúpidas, pero cando a un lle din "Hai que saber castelán, galego e inglés"... e alemán, e chinés, e francés... Por que hai que poñerlle coto ao coñecemento? Canto máis saibas, moito mellor.

Coñece vostede algún idioma estranxeiro?

Non sei falar ningún. Coñecer, pois claro, sei que existen francés, alemán, xaponés... (ha, ha, ha!). Pero os que temos unha educación castelá falante temos unha desvantaxe, porque o castelán é un idioma que se fala en moitos sitios do mundo, fálano moitos millóns de persoa, e iso produce unha preguiza porque dis "Malo será que falando castelán non poida ir polo mundo". E vas polo mundo, claro que si. Non tes problema porque, hoxe en día, todo o mundo sabe algo de castelán e sabe algo de inglés. Se houbera necesidade...! Senón que lles pregunten aos emigrantes, a todos aqueles galegos que foron a Suíza, Inglaterra, Alemaña... Como aprenderon os idiomas? É a necesidade, o traballo e o esforzo. Nada máis.

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero que nunca lle preguntaron?

Moitas veces non cho preguntan, pero xa me empeño eu mesmo en ir sacando temas. A min o que máis me preocupa, porque o sufro en primeira persoa, é o tema de ser personaxe de televisión e ser persoa normal da rúa. Porque sentes unha soidade absoluta. Ninguén entende isto porque non hai referentes, ao teu lado non hai xente que viva este problema. E para min é un problema co que teño que vivir polo simple feito de que haxa persoas pola rúa que confundan o presentador co ser humano. É moi difícil, moi difícil, moi difícil. Este é un tema que a min me preocupa e polo que si me gustaría que me preguntaran máis. Quero deixar claro que unha cousa é a marioneta que se ve na pantalla e outra cousa é os que manexamos os fíos desa marioneta.

Quedounos por preguntar o do micrófono!

Claro, o tema do micrófono! Fíxose tan popular que a miña cara sen o micrófono non parece Gayoso. É unha cuestión técnica. Acabades de ver un ensaio de *Luar*. En *Luar* hai moita xente que fala e que canta, aquí manéxanse ata 15 micrófonos á vez e todos pasan pola mesa de son, e cada micrófono ten o seu control. Os técnicos de son teñen que estar manexando e variando os 15 micros á vez! Unha loucura! Un día os compañeiros de son dixéronme: 'Mira, se ti colles o micrófono e o pos nun sitiño e non o moves, a min desaparéceme un problema. Xa só me quedan 14 problemas'. E entón fíxeno. Puxen o micro aí. Esa é toda a explicación. Xa sei que desfago un pouco o mito, que non ten ningunha graza, pero esa é a realidade de por que levo o micrófono aí pegado. É unha referencia para o técnico de son. Son moitos micros, é un lío moi grande para eles.

Ben, un saúdo moi grande para todo o IES "Maruxa Mallo" de Ordes, para todo Ordes e felicidades aos dous entrevistadores que viñeron hoxe aquí.

E podes saudarnos esta noite desde a televisión, ou non?

Vale, pois haberá un saúdo para os de "Maruxa Mallo" esta noite.

Vale, vale, pois xa convocamos a todos para que vexan o programa esta noite, ha, ha, ha.

Perfecto.

Jesús Vázquez Abad naceu en Nuremberg (Alemaña) en 1967. Estudou Ciencias Económicas e Empresarias na Universidade de Santiago e fixo o doutoramento en Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade de Vigo.

Traballou un ano no Banco Gallego. Profesor titor da UNED en Ourense. Foi decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

Obras realizadas:

Actualmente é deputado no Congreso e portavoz nacional do PP de Universidades. Realizou actividade investigadora, traballos científicos, libros e monografías, así como diversas comunicacións e relatorios presentados en congresos. Impartiu cursos e seminarios en diversas universidades. Foi deputado por Pontevedra no Congreso dos Deputados en Madrid.

Desde marzo de 2009 é conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.



Data entrevista: 29 de abril

Entrevista:

Nuria Romero Vidal
Alba M^a Soneira Sánchez

Preguntas:

Nuria Romero Vidal
Alba M^a Soneira Vidal
Christian Rodríguez Freijeiro
Paula Martínez Díaz

Asesoría:

Xosé Manuel Fernández Castro

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

M^a Isabel Mato Torres

Transcripción ao galego:

Nuria Romero Vidal
Alba M^a Soneira Vidal
Christian Rodríguez Freijeiro
Paula Martínez Díaz

Supervisores transcripción galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

M^a Isabel Mato Torres

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya

Contacto co entrevistado:

M^a Isabel Mato Torres

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán

Vemos na súa biografía que naceu en Nuremberg o 22 de setembro de 1967. Así que vostede tamén é alemán? Ten vostede as dúas nacionalidades?

Non, teño unicamente unha nacionalidade. Son fillo de emigrantes, pero no seu momento puiden optar, pero cando se che pasa o ano, nese momento suponse que só aceptas, ou que renuncias á dobre nacionalidade. Teño tan só nacionalidade española.



Varios conselleiros do goberno de Feijóo están en torno aos 40 anos, parece que chegou unha xeración de políticos novos. Como vive vostede isto desde dentro do gabinete?

Ben, positivo penso. Estamos todos entre os 41 anos e os 49-50 anos. O máis novo é o Conselleiro de Presidencia, por uns meses. Despois creo que estou eu e logo, por un ano ou dous, entre os 42 e 44, están varios dos conselleiros, agás dous, que poden estar en torno á idade do presidente. É verdade que é un gabinete moi novo.

Como o convenceu o presidente Feijóo para entrar a formar parte do seu goberno nunha consellería que gasta tanto, e que ten que defender ante o resto do gabinete?

Como me convenceu? Ha, ha, ha!... Cando ti fas algo na túa vida tes que estar para as boas e para as malas. Un ano antes eu decidín meterme en política activa baixo as siglas dun partido político. Eu penso que, se nun momento dado me metín en política, pois estás á disposición da túa empresa, neste caso, do teu partido. Foi unha decisión persoal do presidente que eu formara parte do seu grupo, polo tanto non houbo que convencerme, quero dicir que, neste caso, tamén se acata, digamos. Cando estás na casa hai que acatar evidentemente unhas pautas. Eu estaba moi ben no Parlamento. Era portavoz nacional da universidade, tiña outros cargos pero, nese momento chegou esta ocasión.

Vostede licenciouse en Económicas en Santiago e acadou o doutoramento en Vigo. Sobre que tema versou a súa investigación? Sería capaz de explicalo de modo que nós o entendamos?

Si, vóvolvo explicar para que vós o entendades. O título era moi longo, penso que ocupaba entre tres e catro liñas. Para que vos fagades unha idea, eu traballo na rama de dirección de empresas, que evolucionou cara ao que se chama dirección estratéxica, pero non deixa de ser dirección de empresas. Hai dous modelos que se propoñen normalmente, o modelo americano fronte ao modelo de dirección xaponés, que diverxe en moitísimos aspectos. Unha das cuestións nas que diverxe é a estratexia, que no modelo americano, incluso o modelo europeo, tende a obxectivos a curto prazo, nos modelos de xestións xaponeses as empresas tenden a fixar obxectivos a longo prazo. Normalmente os conglomerados de empresas en Xapón son moi grandes, sendo Toyota un dos máis representativos. Detrás de Toyota a peza principal non é a industria automobilística, senón que é Toyota Bank. Sempre hai algún instrumento financeiro, algunha institución financeira detrás dos grupos empresariais xaponeses. De feito, o que aquí chamamos un conglomerado, alí chámanlle *Keiretsus*.

Eu intentei facer unha análise comparativa entre o modelo americano e o modelo xaponés dentro da industria da automoción e collendo dous parámetros principais, que eran o apalancamento operativo e apalancamento financeiro, que son indicadores do nivel de risco que asume unha entidade, e o modelo de dirección estratéxica. Combinei dirección estratéxica, apalancamento financeiro e apalancamento operativo.



Primeiro traballou nun banco e logo como profesor titular na universidade. Son cousas ben diferentes, non?

Totalmente. Recordo ademais a frase exacta que me dixo o director de persoal cando lle comuniquei que abandonaba o banco porque marchaba para a Universidade: "Vexo que son dous mundos diferentes, por tanto non che podo ofrecer nada para convencerte de que te quedas na banca. Son obxectivos distintos". Eu xa me decantara pola Universidade.



A experiencia como decano da facultade de Ciencias Empresariais de Ourense fíxolle entender doutra maneira o sistema educativo?

Non, imos ver... Si que é certo que penso que todo o mundo tería que asumir os distintos roles, os distintos papeis dentro do mundo que o rodea. É certo que ser profesor non é o mesmo que formar parte dun equipo directivo no que, evidentemente os demais son os teus compañeiros, pero teñen outras obrigas.

Nesta vida penso que todos deberíamos pasar polas distintas fases porque así entenderíamos doutro xeito o noso comportamento e o comportamento dos nosos compañeiros. Buscaríamos unha explicación ao por que moitas veces a xente fai certas cuestións e volveríamonos moito máis flexibles.

Penso que todo o mundo debería pasar polo que son cargos directivos ou cargos de xestión porque axudaría a comprender moitísimas das decisións que se adoptan. E nese caso, máis que o modelo de ensinanza aprendizaxe, o traballo docente é un traballo moi vocacional, máis que axudarme a comprender mellor o labor docente, o que si me axudou é a racionalizar. Ás veces tes que dirimir en conflitos entre compañeiros, que tamén son compañeiros teus, porque ao final vas volver a esa situación, xa que os equipos directivos non son de por vida, agás algunhas excepcións. Entón esa experiencia faite unha persoa moito máis flexible, moito máis comprensible e máis tolerante, en todos os aspectos.

Na súa carreira política parece que empeza centrado nas cuestións económicas para logo especializarse no mundo da educación. A que se debeu ese cambio de orientación?

Eu son licenciado en Ciencias Económicas Empresariais na rama de Empresariais, en concreto, na rama de Financiamento. Despois fixen o doutoramento en Ciencias Económicas Empresariais na Universidade de Vigo.

Primeiro, eu son unha persoa moi inquieta, moi activa. Cando eu me meto en política... cando me vou para Madrid... foron as circunstancias. Nese momento a min dinme que teño que priorizar. No Parlamento hai preto de 30 comisións distintas e, como parlamentario, tes un compromiso, cando menos tes que estar en tres comisións. E iso se formas parte dun grupo maioritario. As comisións están formadas por uns 23 ou 25 deputados (o presidente, secretarios, vicepresidente...). Hai 350 deputados que se teñen que repartir entre as

distintas comisións. Os grupos maioritarios somos os máis favorecidos, nese sentido, porque só temos que estar en tres ou catro comisións. Pero os representantes dun grupo político que ten poucos membros no Parlamento, poñamos por exemplo CiU (Convergència i Unió), os seus oito representantes na cámara téñense que repartir entre as 28 ou 29 comisións e, polo tanto, a eles xa lles tocan bastantes máis... A min pedíronme que elixira 3 e escollín Economía, Industria e Educación.

A sorpresa xorde cando se produce un desdoblamento e nace o Ministerio de Ciencia e Innovación coa parte da universidade. Nese momento, a que aínda hoxe é portavoz xefe do meu grupo parlamentario en Madrid, encárgame a tarefa de ser Portavoz Nacional de Universidades, porque eu viña da universidade e, polo tanto, coñecía máis de cerca. Aínda que nunca se coñece ao cento por cento, e soaría prepotente dicir que é un ámbito que coñezo moi ben. En certa medida proviña de aí e tiña todo moi fresco xa que dúas semanas antes estaba como decano e dando clases, nun momento de conversión da Universidade Española ao espazo europeo da educación superior. Polo tanto, certo coñecemento si tiña. A nosa portavoz xefe dixo que lle apetecía contar comigo e nomeoume Portavoz de Universidades. Apenas un ano despois, chamoume a persoa que acababa de gañar as eleccións en Galicia, aínda non era presidente, para que formara parte do seu equipo de goberno en Santiago.



Ten unha biografía moi activa, fixo moitas cousas en pouco tempo, de onde saca tanta enerxía?

Eu penso que vai co carácter. Supoño que son unha persoa que me gusta meterme en... problemas, en cuestións. Gústame estar activo. Non me gusta o tempo ocioso e penso que as 24 horas do día dan tempo abondo para conciliar vida familiar, cos teus amigos, e tamén co teu traballo. Agás cando xa estás metido na política. Entón si que hai unha parte que se resente, que é a familiar e as amizades. Ese tempo xa non é tan suficiente coma antes, pero 24 horas ao día dan para moito.

Jesús Vázquez Abad ten Facebook, e é admirador de EPP European Peoples 's Party e un dos seus produtos favoritos é Cortinas Vizcaya, quedamos coa boca aberta, que son esas cousas?

Unha é unha institución de ámbito universitario. O Facebook é un instrumento, ninguén mellor ca vós para sabelo, porque estades precisamente na época das redes sociais, Tuenti, Facebook ... ao que se agrega moita xente de distintos ámbitos.

Luis Vizcaya é unha persoa de Ourense, un coñecido, que representa unha empresa. En política moitas veces usamos Facebook como un instrumento máis á hora de comunicar. As redes sociais son un instrumento moi empregado polos partidos políticos. Supón, por exemplo, que poidas mandar nun minuto unha mensaxe ás 2000, 3000 ou 5000 persoas que che permite ter o Facebook. Polo tanto, é un instrumento que che permite estar en contacto con institucións, empresas de moi distinta



índole, que comparten contigo algunha cuestión, ou incluso críticas. Na miña páxina web de Facebook tamén hai persoas que pertencen a partidos políticos totalmente contrarios, e a sindicatos moi críticos coa miña actuación. No intercambio de opinións e de e-mails tamén se fan propostas e se sacan ideas.

O que quero dicir é que dentro do meu grupo de amigos de Facebook hainos de moi diversa índole. Hai institucións a nivel europeo, relacionadas moitas veces co meu partido político; hai empresas de xente que ti coñeces, que ao mellor están en Facebook como empresa porque o utilizan como márketing; despois hai xente que, evidentemente non coñeces, pero que compartes ideoloxía política; algún grupo en concreto co que si compartes unhas ideas; ás veces hai xente coa que non compartes ideoloxía pero que se engade ao Facebook e ti aceptas, e moitas veces é para facerche críticas. Pero para iso estamos.

É posible admirar ao mesmo tempo a Mariano Rajoy e a Esperanza Aguirre como pon no Facebook?

Si, claro. Podemos admirar a xente incluso de distinta ideoloxía. Eu admiro a xente doutras ideoloxías. É totalmente compatible. Probablemente logo poidas estar máis a favor dunha forma ou dun comportamento. A min gústame a forma de actuar do meu presidente a nivel nacional, de Mariano Rajoy. Creo que é un home moi de palabra e moi tranquilo, cousa que me gusta. Non é unha persoa que se excite nin que se irrite facilmente.

E, por tanto, si que é certo que admiro a xente de distinta ideoloxía, incluso de ideoloxía totalmente contraria a miña e sinto admiración. A miña propia parella non comparte comigo ideoloxía e é unha persoa á que admiro.


Sorprendeunos que fixese tempo para unha entrevista a un instituto, cousa que agradecemos. Entende a política como un servizo aos cidadáns que o obriga a estar sempre moi cerca deles?

Totalmente. Soa un pouco como a facerme márketing eu mesmo pero... hai unha cuestión que si é certa. O que me dixo o noso presidente o primeiro día "Aquí vense a traballar 26 horas ao día, 8 días á semana". E así o temos como pauta. Traballamos sábados e domingos. Eu entendo, precisamente, que a política é servizo, e o servizo só o podes dar se posúes ese contacto diario. Non é a primeira vez. Agora mesmo, ao rematar esta entrevista, voume comer con ex-compañeiros da facultade de Empresariais. Ademais é bo que se vexa ao político dunha forma moito máis próxima. Especialmente neste momento no que a propia enquisa do CIS di que a cidadanía ve a propia clase política como o terceiro problema en España. Non é certo, porque independentemente da cor política, creo que somos un servizo a prol da cidadanía, uns baixo unhas ideas, outros baixo outras diferentes, pero, no fondo, todos procuramos o mesmo. Entón, para min, esa proximidade é boa. E somos persoas de carne e óso.

Unha boa parte do seu traballo consiste en atender os medios de comunicación. Como é a súa relación coa prensa?

A miña relación, normalmente, é moi boa con todo o mundo. Se me preguntas se teño inimigos, supoño que si. Todo o mundo pode ter inimigos. Se me dis se trato de procurarme inimigos, direiche que non. Nesta vida o peor que podes facer é procurar gañar inimigos.

A miña relación coa prensa é boa. A relación cos partidos que neste momento está na oposición é moi boa. A miña relación persoal cos parlamentarios que traballan dentro do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, na área de Educación, é boa, a nivel persoal. É normal. Como se agora estamos falando. Probablemente despois cada un ten os seus obxectivos. Os periodistas, moitas veces, están baixo unhas condicións e baixo unhas siglas e, evidentemente, a un mesmo titular se lle poden dar distintos enfoques. Uns pódente tratar dunha forma máis positiva de cara a que a cidadanía lendo o titular diga "Ah, que ben" e o mesmo titular, ao mellor noutra prensa, a mesma cidadanía diga "Pero que desastre está facendo". Persoalmente a relación coa prensa é boa.





Algúns sindicatos afirman que a Consellería incrementou o investimento nos colexios privados a custa dunha baixada nos orzamentos no ensino público. Cales son as súas liñas estratéxicas para Galicia?

Imos ver! Aí si me gustaría dicir que iso é erróneo e totalmente falso. A lei permite e fai compatible actualmente o ensino público co ensino concertado, que normalmente denominamos ensino financiado con fondos públicos, porque ao final fináncianse ambos os dous ensinos. Con respecto á primeira afirmación que fan algunhas persoas, é imposible que nós incrementásemos o presuposto, nin que creásemos máis unidades porque os concertos renóvanse cada catro anos, e durante eses catro anos os cartos que ti tes na conta son fixos. E eses cartos eran os mesmos que procedían da orde do anterior goberno. Polo tanto, non manexamos máis cartos a maiores. Outra cuestión é que, moitas veces, dentro dos concertados, por exemplo, hai centros que pechan, ou unidades que desaparecen e pódese dar a outros concertados, pero sen modificar o número de aulas nin a contía porque esta contía ben marcada e a Consellería de Facenda non me permitiría agora esa intervención. Esa orde estaba feita, e esa orde sae por catro anos e son contías fixas. As mesmas que deixaran o anterior goberno e non se poden modificar, repito. Ben, poderías, pero evidentemente terías que facer unha nova orde.

Ás veces hai un colexio público que perde unha liña e hai outro que a gaña. Hai centros do rural, onde a poboación está envellecendo, onde non hai rapaciños. Pois alí desaparecen recursos. Pero hai outros centros públicos onde incrementan. Entón, con respecto á primeira cuestión, é rotundamente non. Non é certo que nós incrementásemos o presuposto nin que puxeramos en marcha máis unidades das que están estritamente contempladas na orde á que eles fixeron referencia.

Con respecto ao segundo, a min gustárame falar de moitas cuestións con respecto ao ensino. Hai dous eixes que van ser fundamentais para vós. Primeiro, que vos poidades introducir, fóra de calquera polémica, nunha terceira ou cuarta lingua. Segundo, introducir as TIC, pero dunha maneira transversal, de forma que non se perciban as TIC coma unha aula máis, coma unha

materia máis, senón que as TIC, a informática estea en todas as materias, para chegar a converter os centros, de aquí a uns anos, en centros dixitais, e que cada alumno ao chegar á súa aula tivese o seu ordenador, o profesor o seu, un pouco máis potente, e despois un encerado dixital, un canón, máis outras tecnoloxías *wifi* que se necesitan para poderlle dar soporte. E logo tamén un grande ordenador, que ten que estar aquí na sede central, onde se colgue toda unha serie de contidos e programas para que o profesorado, os alumnos e os pais o poidan utilizar.

Eses son os dous grandes ámbitos da actuación. Creo que eses dous elementos vannos axudar, por un lado, a obter máis dos propios alumnos, aquel que daba un sete, nós esperamos que poida dar un oito, sacar máis esforzo e rendemento. Por outro lado, esperamos baixar as cifras de abandono e de fracaso escolar, e que o alumnado se motive moitísimo máis na aula, que perciba o ensino coma un elemento de futuro. E, ao mesmo tempo, poñer ferramentas nas mans dos profesores para que poidan traballar e lle permitan aplicar programas distintos dentro da mesma aula. No momento en que cada rapaz pode xogar co seu ordenador ao profesor resultarlle máis fácil facer un seguimento diferenciado, de forma que poidamos aproveitar máis de cada un deles.

Por tanto, hai unha serie de obxectivos que temos que conseguir e que, ademais, non son só deste conselleiro, senón obxectivos xerais. Agora cando falamos do Pacto pola Educación estamos a falar xa do ano 2020. Entendemos que nese ano debemos converxer con Europa en problemas como o abandono ou o fracaso escolar. Pero hai retos coma a FP, como as linguas, as TIC... Hai moitos retos.



O decreto do galego de momento é un borrador, pensa que vai sufrir moitos cambios no trámite parlamentario?

Ben, nestes momentos está no Consello Consultivo. Nós tratamos de traballar coa firme crenza, coa firme responsabilidade de volver a unha situación onde se garantan as competencias en ambas as dúas linguas oficiais, e, por suposto, despois tratar de establecer medidas de reforzo para potenciar o uso. Hoxe por hoxe, a última avaliación que se fixo aquí en Galicia no mes de outubro, penso, puxo de manifesto que os alumnos teñen mellores competencias en linguas que en matemáticas. Foi feita a nivel xeneralizado, a moitos alumnos e en moitos centros. As competencias lingüísticas en castelán e en galego son máis ou menos similares nesa poboación. Outra cuestión na que está a traballar a Secretaría Xeral é a potenciación do uso, que a xente empregue o idioma, especialmente en certos ámbitos e en certas zonas. Pero entendemos que o Decreto naceu baixo unhas pautas e foise modulando. Xa leva un longo percorrido dende que se fixeron as primeiras consultas aos pais, como punto de partida. Entendemos que, a estas alturas, pouco debe modificarse este borrador ou anteproxecto enviado ao Consello Consultivo. Houbo primeiro unha etapa de consultas previas, que duraron máis dun mes, con toda unha serie de organismo. Despois, na mesa sectorial, tamén se recolleron unhas adaptacións propostas por un sindicato. A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia votou pola retirada total do Decreto e non se puideron discutir as súas formulacións, pero das 18-17 propostas que fixo o Consello Escolar tamén se recolleron como 8 ou 9 que se incorporaron a ese anteproxecto e logo este foi o que se enviou ao Consello Consultivo, onde agora se atopa.



Algúns colectivos acusan á Consellería de adoptar medidas lingüísticas que van provocar conflitos entre os falantes. Como ven o futuro da convivencia na cuestión da lingua?

Pois igual que o estamos vendo agora mesmo. No meu caso, coma conselleiro, igual que a percibín sempre nos meus 42 anos de vida. Eu entendo que non ter por que haber conflito. No ensino ten que haber unha obriga, o alumno ten que adquirir competencias en ambas as dúas linguas. Despois entendemos que non ter por que xerar máis conflito do que xeraron outros decretos anteriormente, o do ano 83, o do ano 95 e, por suposto, menor conflito do que produciu o do ano 2007, aínda que, evidentemente moita xente non comparta a miña opinión.



Tamén din que nas derradeiras eleccións se aproveitaron dos prexuízos lingüísticos que aínda padece a nosa sociedade só para lograr máis votos. Coidan que a nosa lingua é un patrimonio que hai que protexer?

Iso ninguén o dubida. Pero unha cousa é a protección e a promoción da nosa lingua galega, e outra cuestión é que, se me preguntas se estou convencido que nalgúns rapaces e nalgunhas familias o anterior decreto provocou rexeitamento, pódoches dar bastantes mostras de xente que falaba en galego e que agora non o falan como rexeitamento cara á actitude do anterior goberno. Non penso que nós nos aproveitamos de nada. Creo que houbo unha corrente moi importante, que uns grupos cuantifican nunha cifra e outros noutra. Somos conscientes de que recibimos votos de xente que antes votaban a outros partidos, pero había un compromiso e un proxecto electoral. Nese aspecto ninguén nos pode acusar de engano. Poden non compartir as nosas ideas, non estar de acordo con elas, pero o proxecto que se presentou foi xa discutido e criticado antes das eleccións. Aínda así contou co apoio da maioría da sociedade. Nós gañamos por maioría absoluta. Entendemos que hai unha sinal de identidade que é o galego, pero tamén é certo que hai unha cooficialidade e que a Constitución ampara os dereitos de todos os españois e, como galegos, tamén estamos dentro do estado e temos uns dereitos que hai que protexer e coidar. O único que estamos intentando é cumprir esa normativa, sendo conscientes de que o noso compromiso é procurar... eu, como conselleiro, estaría satisfeito se dentro de tres anos ou nun prazo máis longo, porque os resultados en educación, en cuestións sociolingüísticas, non se ven a curto prazo

pero se de aquí a oito anos, cando eu xa non estea aquí, me din que hai un punto de inflexión onde a mocidade principalmente volve a falar galego, daríame por satisfeito. Iso é o que procuramos todos. Non dubido que o interese do anterior goberno fose o mesmo, pero penso que provocou na sociedade o efecto contrario e non se debe gobernar en contra desta. Independentemente das ideoloxías de cada un, por moito que penses que un proxecto pode resultar, se a xente da rúa está en contra e se levanta, non debes nin podes poñelo en marcha.




A oposición frontal das institucións culturais galegas á súa proposta de decreto de plurilingüismo non lles fai dubidar sobre a conveniencia da súa política lingüística?

Non. Quero discernir tamén neste sentido. Cando se di as entidades culturais, a que nos referimos? Habería que discernir. Creo que se intentan politizar certos organismos culturais, por iso digo non tan rotundamente. O Consello Galego da Cultura, nas últimas declaracións xa amosou certo acercamento dicindo que no anteproxecto se modificaran certas cuestións e que se recolleran outras ás que eles facían referencia. Falábase de equilibrio e doutros puntos. Probablemente poñer o 100% da sociedade de acordo é moi difícil en calquera tema. Pero son tamén moitas as asociacións culturais e non culturais, poderíache dicir unha morea, do ámbito educativo, empresarial, social ou sociocultural que todos os días están escribindo e, de feito, temos un *dossier* con todas as cuestións. Nesta cuestión ninguén está de acordo. Estou desexando que me fagan unha pregunta parlamentaria neste sentido porque, se me deran permiso, diría a relación de todas as persoas e institucións que están mandando cartas, *e-mails* e, ademais, con siglas, dando apoio a este decreto. Como é natural, sempre vai haber quen estea desconforme. Pero, ao final, tócanos gobernar e iso si que vai no soldo.

Unha persoa á que se lle recoñece o dereito a escoller lingua, pero que na práctica só sabe unha, ten liberdade lingüística?

A liberdade de elección está tamén na propia Constitución. Se alguén quixera falar en castelán na aula, agás en certas materias, tería todo o dereito do mundo. Porque é o dereito individual. Outra cousa é o dereito colectivo, pero o dereito individual recoñece a propia Constitución. É a norma superior que existe. Pode gustarnos ou non, pero é a norma superior. Polo tanto, se calquera persoa nestes momentos quixera falar xa en galego ou en castelán nunha materia, distinta do que son as materias lingüísticas, xa o podería facer. Outra cuestión é a separación por cuestións idiomáticas. De feito en Cataluña, Comunidade Valenciana e País Vasco teñen modelos separados precisamente porque ese dereito llo ampara a Constitución. Se o levara á última instancia esa persoa acabaría gañando. Todos os informes de asesoría xurídica así o manteñen.

Normalmente os rapaces son esponxas e reproducen comportamentos miméticos dos profesores. Se unha materia se dá en galego o estudante rematará por facelo en galego, seguindo o que o mestre lle indica. Indícalle, pero non lle impón. Ademais, a propia lei





marca que o rapaz ten que levar a cabo o proceso de inicio á lecto-escritura na súa lingua materna, e este período dáse na segunda etapa de Infantil, non en Primaria. Cando nós estudabamos, e os vosos profesores, existía EXB e naqueles anos o proceso de lecto-escritura dábase aos 6-7 anos, pero agora xa se comeza con 4-5 anos, de maneira que moitos cando chegan a Primaria, xa levan ese proceso consigo. Se a propia lei che indica que a introdución na lecto-escritura ten que ser na túa lingua materna, como di o Decreto ou anteproxecto introducindo a segunda lingua cooficial e na medida do posible poder xogar xa coas linguas estranxeiras, pois perfecto.

Se un rapaz que provén dunha zona galegofalante, a súa familia é galegofalante desde fai xeracións e chega a unha cidade con 6 anos, pódesele xa o primeiro día obrigarlle a falar castelán porque así o determina o profesor? Eu penso que non.

Pois o mesmo dereito temos outras persoas nese sentido. Se un rapaz é castelánfalante, e se atopa nun núcleo de castelánfalantes, cando chega a Primaria penso que non é bo o primeiro día exercer a autoridade de cara a impoñerlle o galego, e si darlle pautas e darlle fórmulas flexibles para que vaia acadando, de maneira que ao finalizar esa etapa, si teña esas competencias en galego. Esa competencias téñense que garantir porque por primeira vez nun decreto vai haber unha proba de avaliación. Estamos tan convencidos de que se van a adquirir que nós mesmos nos poñemos esa mesma proba. Se non estivera seguro non o faría para non caer na miña propia trampa. Do mesmo xeito pensamos que as fórmulas flexibles son boas para eliminar certa conflictividade, que en moitos centro de Galicia non teñen, pero noutros centros e familias si se xeraron. Temos que procurar con total neutralidade que esa desconformidade por parte dalgunhas familias, profesores, que ata algúns se denunciaban por cuestións lingüísticas, vaia desaparecendo.

Eu son profesor, son funcionario público e, como tal, teño que acatar as normas e as leis que en cada momento están vixentes, sexa do partido político que sexa. É a nosa obriga e temos que traballar para que vós teñades un futuro mellor, e tratar de trasladarvos eses

coñecementos que nós temos, e eses valores de respecto, de solidariedade, convivencia, do coidado do medio ambiente, dos nosos maiores...

A educación pode ser ideoloxía, pero nunca política na aula.

Que gaña Normalización Lingüística deixando a Consellería da Presidencia e pasando á de Educación?

Ben, iso son decisións meramente políticas. A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten que ser unha área transversal, polo tanto podería estar baixo a Consellería de Presidencia, baixo Función Pública... Podería estar en moitas áreas e este goberno considerou que era bo que estivera baixo a estrutura da Consellería de Educación. Se me preguntas que gañaría estando noutro lado, pois tampouco nada porque ao final teñen que desenvolver toda unha serie de políticas transversais. Trabállase cos sectores económicos e produtivos. Trabállase coas empresas para que poñan páxinas web en galego. Trabállase con empresas para que fagan a etiquetaxe en galego. Trabállase coa prensa para que traballen e fagan cuestións tamén en galego. Neste momento estamos traballando cos corpos de seguridade do Estado proporcionándolle cursos á xente que vén destinada aquí para que falen galego. Trabállase coa Maxistratura e co sector médico para ter dicionarios en galego. Ao final podería estar, repito, colgando dunha ou doutra área, porque o seu traballo é moi transversal, pero, tamén é certo que ten unha parte moi importante de educación e por esa razón se adscribiu á Consellería de Educación, pero o seu traballo abrangue todo. Tamén traballan coa Igrexa para desenvolver actividades en galego e promover o uso do galego dentro do ámbito da Igrexa. Ben, en todos os ámbitos. Podería estar tamén perfectamente baixo a Consellería de Cultura. Pero non se trata de que gañe ou perda. Entendemos que, debido





a unhas circunstancias concretas, era bo que estivera baixo a tutela da Consellería de Educación.

Que clase de compromiso ten a Consellería de Educación co Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado polo Parlamento galego?

Diríache que moito. Neste momento, só no ámbito de Educación, estamos a desenvolver máis de 30 medidas do Plan Xeral de Normalización. Ben, non está o Secretario Xeral e podo caer nun renuncio, pero se caio nun renuncio penso que é por abaixo. Se temos en conta as outras áreas do Plan Xeral de Normalización ás que faciamos referencia, desde que nós entramos no Goberno, estanse a poñer en marcha máis de cen medidas relativas a ese Plan. É certo que hai outras cuestións que se deben tratar de poñer en marcha, e probablemente haxa outras cuestións, nas que haxa que ir dando pasiños moito máis lentos para que non se xere conflictividade ou rexeitamento por parte dunha parte da poboación.

Ademais do reforzo da lingua inglesa nos plans de estudos, que outras medidas se adoptarán para afondar na comunicación entre os cidadáns europeos?

Pois mira, é gracioso porque... ben, supoño que estas preguntas viñan xa preparadas desde antes de que estivera aquí a Comisión de Educación e de Cultura Europea de Bruxelas, que chegou onte aquí e permanecerá ata mañá, e xusto onte, por iso dicía que é graciosa, na xuntanza que tivemos toda a tarde con eles, falamos dese tema. Había representantes españois, tamén había unha persoa galega, da provincia de Pontevedra, e despois estaban de Alemaña e doutros países. E alí se falou de todas estas preguntas e de todos estes temas. Pois mira, hai dúas cuestións, que xa están en marcha, porque, por exemplo, xa hai medidas de cara a que na ESO se poida favorecer a mobilidade dos estudantes. Pero si que é certo que se pediu, cando menos, un maior

esfuerzo para que os proxectos xa existentes se xeneralicen, tipo Erasmus universitario. É bo favorecer que os alumnos se movan porque, cando alguén viaxa, aprende a ser máis tolerante, a respectar, a convivir, a coidar e a comprender e, polo tanto, non prexulgar nunca os seus compañeiros. Esa foi unha das cuestións tratadas, traballar con rapaces a partir de 10-12 anos. Tamén se falou doutro tipo de valores a nivel europeo, aínda que iso xa eran propostas deles porque existe un descoñecemento sobre as institucións e o papel que xoga a Unión Europea en educación e valores. Tamén se insistiu en que hai que tratar de promover o Erasmus Mundi, porque aínda que existe é a nivel moi baixo, pero especialmente con toda Sudamérica, porque entendemos que hai unha colonia moi importante de galegos alí. Ademais sería bo que este vello continente, que sempre foi berce do coñecemento, o siga sendo. Se vén xente de países subdesenvolvidos, que non están como deberan estar, isto supón investir para que cando esa xente retorne, preparada, poida axudar a facer un mundo moito máis xusto, países moito máis xustos, máis democráticos, máis solidarios e máis comprensivos, entre os propios cidadáns que conviven e co resto de cidadáns do mundo.

Nós sabemos que a xente da nosa idade mostra un grande interese en viaxar polo estranxeiro. Cre que contamos con suficientes axudas institucionais?

Non, non hai suficientes axudas institucionais. Tería que haber moitísimas máis, evidentemente. Hai que facer un maior esforzo, moitísimo maior. Pero a situación económica nestes momentos é difícil. Estamos moi lonxe do que sería o verdadeiro esforzo de apoio ás familias, porque hai moita xente que se está a quedar fóra. Incluso cando se dan as bolsas para estadias no estranxeiro, ás veces, xulgase por uns límites con base á renda, pero eses límites poden resultar ficticios na medida en que, unha persoa que gaña máis de certa cantidade, pode mandar o seu fillo ao estranxeiro? Pois ao mellor non. Evidentemente en moitos casos non, pero queda fóra de poder acadar esas bolsas. Entón habería que tratar de ampliar todas esas posibilidades, favorecer que houbera outros criterios como a propia capacidade do alumnado, as propias ganas do alumnado... Hai moitas outras cuestións, pero rotundamente non. Habería que investir





moito máis en educación e favorecer a mobilidade dos estudantes.


As axudas para a inmersión lingüística no estranxeiro víronse reducidas por mor da crise económica global?

As axudas víronse reducidas porque na partida presupostaría hai un recorte que nos afectou, por un lado por parte de Europa, e por outro lado a nivel nacional. Estamos xogando cunha situación económica das máis difíciles. Ás veces parécenos que a situación económica só lle afecta ás familias, á xente, pero as administracións, o Estado, a administración económica, ten tamén moitos problemas. Se ti vas tomar unha Coca-Cola, o 70% reverte de novo ás arcas públicas. Por un lado reverte ao concello e ao Estado porque ese bar paga impostos, pero a propia empresa xa pagou impostos no seu momento, polo tanto, ao final dunha soa Coca-Cola saen moitos cartos. Se a economía vai mal, caen os cartos para todo o mundo. Se a xente está no paro, ao final quen paga as consecuencias maioritariamente é a Administración Pública. Mira que levamos sufridas crises xa! Pero esta é a primeira vez, desde que hai un Estado democrático e desde que hai autonomía en Galicia, que caen os presupostos, a primeira vez. Por primeira vez o Estado recorta entre un 10 e un 12% o que nos manda a Galicia e a Unión Europea sobre un 7%. Polo tanto, hai un recorte moi importante. De todos modos, independentemente diso, hai momentos e hai cuestións que hai que valorar. Nós fixemos o maior esforzo posible e incluso introducimos actividades novas. Por primeira vez, haberá un pequeno grupo de alumnos que vaian no mes de setembro a Gran Bretaña e a Canadá e que convivan durante todo o mes, xa non só como programa de inmersión senón para que convivan nas propias aulas durante todo un mes e participen no propio sistema educativo. Entón hai cuestións pioneiras que se tratan de valorar. Evidentemente decidimos retirar outro tipo de axudas porque, nun momento no que hai que ser moi eficiente e tes que xogar moito co euro, se tes para isto non podes ter para aquilo. Tratamos de ver como acadar unha situación na que, con menos, facer cando menos igual, con menos cartos poder facer case o mesmo, ou

incluso máis. De feito este ano accederán máis persoas aos cursos. É certo que accederán moitos máis aquí en Galicia, pero tamén é certo, por exemplo, que o mesmo curso que se viña facendo xa anteriormente en Salamanca, sae moitísimo máis barato aquí en Galicia. Por tanto, estamos traballando para que se desenvolvan aquí actividades, cun menor custo, e non levar esa inversión fóra de Galicia. Por outro lado, tamén están os cursos de inmersión noutros países estranxeiros.

Vostede está a favor dos programas de inmersión lingüística en linguas estranxeiras. Por que non en galego?

Porque a sociedade o rexeitou, sinxelamente. Porque a sociedade dixo que non. E ao final a sociedade é a que decide e, se nos equivocamos, a sociedade decidirá dentro de 3 anos, nas eleccións. Non estou dicindo que o plan A ou o plan B sexa bo ou malo. Creo que o equilibrio é a forma que tivo sempre Galicia de manternos unidos e que nos levamos ben e non provocar discrepancias entre a xente. Eu non digo que non sexa bo. Pero se eu, como cidadán, digo que para ti querer un programa de inmersión en galego, ti negaríasllo a unha persoa que quixera un plan de inmersión en castelán, totalmente, ao 100%? Se os dereitos son para uns, son para todo o mundo. Entón, se nós neste momento estableceramos un modelo de separación por cuestións de linguas, sería imposible de levar a cabo. Se nós asumisemos un modelo, por exemplo, catalán ou vasco, onde hai inmersión nunha lingua, inmersión completa noutra lingua ou *fifty-fifty*, ao mellor non houberamos levantado esta polémica e cada persoa decidiría. Pero nós aquí tiñamos un modelo de convivencia que, nun momento dado, se leva cara a unha inmersión en galego, que aínda que non se acadara o 100%, ao mellor tardaríamos tres, catro, dez anos, pero o propósito ía nese sentido. Se a sociedade o rexeita ao final temos este problema. E cando ti lle dás uns dereitos a unhas teslle que dar os mesmos dereitos a todo o mundo. E os pais tamén teñen algo que dicir porque forman parte do sistema educativo. Pero isto non o digo eu só, sendo dunha cor política. O ministro tamén o di e é doutra cor política. E, hoxe por hoxe, o mesmo modelo que nós estamos formulando aquí, estao formulando a Comunidade de Valencia. E a Comunidade do País Vasco, sendo doutra cor política, vai a poñer en marcha, xa este ano, 40 centros plurilingües.



Evidentemente con diferenzas. Que non se fai a consulta? Perfecto. Que o modelo parte dun 20% en éuscaro, un 20% en castelán, un 20% en inglés e deixa un 40% á Comunidade para que reparta ese 40% de maneira que os centros o leven cara ao castelán, cara ao éuscaro ou cara ao inglés? Perfecto. Pero máis ou menos estamos xogando coas mesmas variantes. E firmemente digo, porque así o penso que os dereitos teñen que ser para todos os cidadáns iguais. Hai unha serie de normas que temos que cumprir, a Lei de Normalización Lingüística do ano 83, o Estatuto de Galicia e a Constitución Española. E temos que cumprir esas normas. Os dereitos están para todos os cidadáns. A partir de aí, temos nós que procurar axudar a aquela persoa que se queira desenvolver na súa vida cotiá, na súa vida diaria, en galego? Pois evidentemente. Teremos que procurar que haxa cine en galego, prensa en galego... para que te poidas desenvolver precisamente como ti realmente queres. Pero cando un modelo de inmersión é rexeitado por unha parte da sociedade e rexéitano porque a eles non se lles ofrece o mesmo, no outro sentido, pois evidentemente aí empeza a confrontación.



Pódenos adiantar algún novo proxecto europeo do que nos poidamos beneficiar como alumnos?

A nivel europeo non. Estamos traballando nun plan de bibliotecas, moi interesante, que imos poñer en marcha. estamos traballando nun plan contra o absentismo que tamén vai ser moi importante e que vai necesitar da cooperación e colaboración doutras administracións locais e doutras consellerías, porque hai que implicar á toda a sociedade. E trataremos de conseguir tamén un plan de plurilingüismo, que penso que é moi atractivo, de cara á comunidade educativa ao que imos denominar Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras.

No noso instituto estamos a participar nun proxecto europeo Comenius xunto a Lituania e Polonia e está resultando moito mellor do esperado. Como intervén a Consellería nun proxecto desta indole?

Precisamente foi un aos que se fixo referencia onte na reunión que tivemos coa Comisión Europea. Sabendo



dos bos resultados entendíamos que habería que tratar de incrementalalo. Pero pasa o mesmo que coas axudas ao proxecto Erasmus, por falar dun tipo de bolsas máis coñecida e que está moi estendida... Que son insuficientes. E hai moitas diferenzas dunhas comunidades a outras con respecto ao que son as axudas directas ás familias. Para moitas familias, e máis nestes momentos, é un *handicap*. Por moi pouco que gasten sempre hai un gasto moito maior ao estar fóra da túa casa, aínda que vaias baixo uns acordos ou uns convenios, que se estiveses na túa propia casa. Polo tanto, a implicación a nivel económico, de participación e de proxección deses proxectos tería que desenvolverse moitísimo máis alá do que actualmente está. E vós sodes afortunados por ter este proxecto.

Coidan que o sistema educativo debe ser un instrumento da integración europea?

Si. O sistema educativo debe formar parte da cohesión social, pero ten que formar parte dentro e fóra das nosas áreas de influencia. A educación, entendida como conxunto de coñecementos e de valores, na medida en que a pluralidade, a multiculturalidade... se integren, pois, evidentemente, o que vai suceder é que esas fronteiras que aínda existen e que seguen a provocar moitas veces enfrontamentos humanos moi desagradables, van desaparecer. Ao final retornamos ao punto de partida: a importancia de que a xente poida saír, ver, coñecer, compartir con outra xente e, canto máis distintos, mellor. Porque con ese coñecemento virá a tolerancia e virá o entendemento de por que unhas persoas se comportan dunha maneira, por que outras persoas poden levar ou portar outro tipo de indumentaria... Ben, todo nesta vida ten unha explicación e hai que ser moi comprensivo e hai que ser co-partícipe dese sistema ao que facía referencia.



Jesús Vázquez tivo algunha vez ocasión de viaxar a Polonia ou Lituania?

Tiven a ocasión, pero non o fixen. Nós temos convenios e cando era decano, nós potenciamos iso e, de feito, creei unha figura que era a persoa de relacións internacionais. Anteriormente estivera noutros países e xusto o ano no que pasei á política xa tiña concedida unha bolsa de intercambio coa Universidade de Ansbach, que é a capital da zona de Baviera onde está Nuremberg, que como ben dixestes ao principio é o lugar onde nacín. Só pasei alí o meu primeiro ano de vida, en concreto, os meus primeiros nove meses, e non tivera oportunidade de volver a coñecer a cidade. E entón tiven esa opción. E non pensedes que dentro do profesorado universitario somos moi dados a viaxar fóra e a participar nos modelos educativos. Cando participas nestes proxectos de ámbito universitario como profesorado tes unhas obrigas, evidentemente, e salvo en contadas ocasións lles interesan, porque teñen módulos de castelán alá. Normalmente cando viaxas a outros países as conferencias que impartes ou as clases nas que participas son en inglés. Ás veces pasa o mesmo que co alumnado, quedan desertas, incrivelmente, pero quedan desertas prazas para viaxar e ir unha vez ao ano a eses lugares. Estiven tamén en Praga nunha universidade coa que tiñamos relación, e alí permanecín unha semana dando clases.

Gustaríalle facelo?

A min encántame. Penso que viaxar é a mellor universidade do mundo. É a que che ensina a ser unha persoa cordial no sentido de entender, comprender, razoar coa xente...Pero ademais é riqueza. Eu sempre lle digo á miña nai a modo de broma que non entendo por que me trouxo con 9 meses, cando despois eles volveron. Probablemente, como todo emigrante galego cando marcha, sempre se marcha coa idea de retornar, por esa morriña que nós temos. Aínda que o digo como broma, o certo é, que se houbese estado alí ata os seis, sete anos, non sei se tería cambiado a miña vida substancialmente, pero ao mellor tería certo coñecemento de alemán, que desta maneira non teño. Polo tanto, é un empobrecemento.

Que ideas previas ten deses países?

Intento non facerme ideas previas nunca. Intento non prexulgar nin ter ideas preconcebidas dos países. Entendo que cada país é distinto. Forman parte de Europa, desa Europa que quere dar pasos moito máis adiante, dar pasos decididos, que quere ir cara a esa Europa do coñecemento. Creo que están nunha situación similar á que podemos estar nós. Evidentemente con toda unha serie de diferenzas culturais que afectan ás tradicións, á propia cultura, ao folclore... Pero, repito, non me gustan as ideas preconcebidas. Entendo que son países europeos que queren avanzar para situarse en posicións de economía de benestar.

En que linguas estranxeiras pode defenderse nunha conversa Jesús Vázquez?

Agás inglés... Podo entender algo de francés, pero non o falo porque o esquecín. Eu estudei francés e, de feito, fixen ata 4.º na Alianza Francesa cando estudaba en Vigo. Podo entender cando alguén me fala pero só me atrevería a falar e, en certa medida, en inglés. Sería un atrevemento que dixera que podo entenderme en italiano porque nós entendémonos, pero eles falando en italiano e nós falando en castelán. Pasa o mesmo que cos portugueses. Nós falamos en galego, eles falan en portugués e entendémonos. Pero como lingua que poida utilizar cando saio fóra, evidentemente en certa medida, en inglés.



Nese ámbito considérase un froito do noso sistema educativo?

Ben... todos somos froito do noso pasado e do noso presente. Eu estudei sempre en centros públicos e podería recordar case a totalidade de todos os meus profesores, para ben ou para mal, pero maioritariamente para ben. Recordo incluso, e estamos falando de hai máis de 35 anos, case 40, a unha persoa que nos ensinaba a un grupiño de rapaces que nacemos no ano 67 e que era unha profesora xubilada, dona Delfina. Ensinounos os números e as letras nos encerados, pero nos orixinais, non nestes que son cadradiños, senón, naqueles que cortaban, e con xices e nunhas banquetinas pequenas. Todos somos froito do

sistema educativo. Grazas ao labor deses docentes hoxe estamos onde estamos todos. O mundo progresa grazas ao sistema educativo, á educación e ao I+D, que non deixa de ser unha parte tamén do sistema educativo, que se desenvolve cando un sistema educativo é forte.

Din que os españois en xeral amosan dificultades para avanzar na aprendizaxe do inglés. A que cre que se debe esa limitación?

Tanto en Galicia como en España cometéronse erros moi importantes, incluso na propia planificación educativa. A aprendizaxe das linguas nunca foi un punto de referencia, de atención prioritaria por parte de ningún goberno. E o feito de que todo se nos dea traducido, ás veces, é un problema porque non nos obriga a esforzarnos. Asociamos "película de versión orixinal" case sempre con película non introducida no circuío comercial e subtitulada. Nese sentido supuxeron un atraso. Evidentemente temos a mellor industria de dobraxe. Pero tamén é certo que, ao ter a mellor industria de dobraxe moitos de nós pagamos as consecuencias. De feito, é curioso como nun país como Portugal, a xente nova ten unhas capacitacións, uns coñecementos do inglés que nós non temos aquí, comparando a nivel global, non personalizando. Hai unha serie de cuestións que responden á tradición, pode que á falta de implicación dos gobernos durante estes últimos 35 anos, que fai que a aprendizaxe das linguas non fora un punto esencial na política educativa.

Un dos obxectivos do noso proxecto europeo ten que ver coas novas tecnoloxías e a información. Cales son as prioridades neste ámbito para o seu departamento?

Esas son moi bonitas. Ese é o proxecto Abalar. No prazo

2010-2013 imos procurar que 85.000 rapaces, ao mellor algúns máis, son cifras orientativas, e a situación económica non é moi boa e xogas con estimacións, poidan utilizar unha serie de *hardware* nas súas aulas. Este ano si que o temos claro, son 14.500 rapaces. Esperamos comezar en setembro cunha pequena parte de contidos. Logo é necesario dispoñer de contidos e aplicacións, primeiro porque os rapaces teñen que ver esa situación como favorable e teñen que acabar preferindo traballar con contidos de Internet, con contidos dixitais que con contidos en papel. Por outro lado, o profesorado tamén ten que proceder a un cambio no modelo de ensinanza e aprendizaxe. Terán que facer un pequeno esforzo nese sentido, e xa se están dando pasos desde hai anos, pero tamén teñen que percibir que non é unha complicación para o seu traballo, senón unha nova facilidade coa que poder incluso atender a diversidade e establecer unha educación diferenciada dentro da aula, dependendo das propias capacitacións e do propio nivel e esforzo do alumnado, das súas propias posibilidades. Por outro lado, tamén as familias teñen que ser conscientes de que isto supón un cambio. Polo tanto, temos un modelo moi bonito pero que necesita moita implicación. Pode que estes próximos anos probablemente sexa aquí onde vaia a maior parte do investimento da Consellería de Educación, pero entendemos que pode dar os seus froitos. Non estamos falando só dos ordenadores, senón que é un proxecto moito máis amplo. De feito, os ordenadores non serán dos alumnos, nin das familias, senón que serán propiedade da Administración Educativa e dos centros onde estean. Iso require ter contratos, ter un servizo de posta ao día... porque estamos falando de case cen mil ordenadores e encerados dixitais. O mantemento de



préa e que cambia tanto é difícil, pero é algo que axudará tamén a participar do plurilingüismo e as propias TIC teñen que ser unha ferramenta que nos leve cara a ese plurilingüismo.

Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, que logro lle gustaría conseguir como Conselleiro?

Recorrendo ao tópico fácil, ter cero por cento de abandono e fracaso escolar. Aí quedarían implicadas as tres partes, o alumnado, que estaría formado e, polo tanto, estaría nunha mellor posición para acadar un posto de traballo; o profesorado, que estarían superfelices porque verían que o seu traballo está ben feito -non hai maior felicidade para un profesor que ver os seus alumnos rematar en condicións favorables-; e as familias que, por suposto tamén estarían felices. Polo tanto, digamos que, baixo ese obxectivo, teríamos comprometidas as tres partes máis importantes do sistema educativo: alumnos, profesores e país. Pero, evidentemente, iso é moi difícil. É moi difícil e nestes momentos estamos intentando baixar a un 10% para o ano 2020. Ese é un dos obxectivos que se están fixando no Pacto pola Educación a nivel nacional e oxalá poidamos cumprilo. Sería xa unha demostración de que Galicia, e España en xeral, avanza cara a Europa.

Como lle gustaría ser recordado despois do seu paso pola Consellería?

Non me gustaría ser recordado, ha, ha, ha!. Dada a presión que tes cando es conselleiro, o que máis boto de menos é a intimidade. Polo tanto, e sen que se me mal interprete, o día que deixe de ser conselleiro gustárame correr unha cortina e... Jesús Vázquez Abad nunca foi Conselleiro de Educación. Non por mal, non é que queira esquecer o que fixen ou deixei de facer nesta etapa, pero sinceramente, o que peor levo é a falta de intimidade, non ter vida privada. Nalgúns casos a xente acércaseche para felicitarte e noutros casos recibes insultos. Non é doado. Non quero que se me recorde como unha persoa boa, no sentido de bondade, senón como unha persoa xusta, equilibrada. Todo nesta vida ten un principio un final e, repito, o día que deixe este labor como Conselleiro de Educación, ou cando deixe a política, gustárame que esa etapa fose parte do pasado e entón vivir de novo o presente de cara á docencia e á investigación na universidade, ou no novo destino que teña. É coma se agora me preguntas como me gusta que me recorden os meus alumnos. Non penso niso. Hai ex-alumnos que están no Facebook, pero... son puntos de unións. Gustárame ter máis vida privada e que me recoñeceran pola rúa. Iso é ao que me refería.

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero que nunca lle preguntaron aínda?

Creo que me preguntaron todo nesta vida. Desde cuestión persoais e de total intimidade ata opinións relativas a outras persoas, á oposición... Outra cousa é que eu responda a esas preguntas feitas con total indiscreción, para o meu asombro. Pero a vida política é así e, moitas veces, optas por non dar resposta cando se refiren á túa vida persoal e íntima. Non se pode mesturar a túa vida persoal coa política. E con respecto á vida política intento escapar sempre de facer comentarios e dar opinións do resto da xente e, polo tanto, case nunca entro a valorar.



Iván Raña

Entrevistamos a

Iván Raña Fuentes naceu o 10 de xuño de 1979 en Ordes, A Coruña. Con 10 anos pasou a formar parte do Club Natación Santiago e con 15 trasladouse a vivir a esta cidade, deixando o fogar familiar para asumir unha rotunda aposta polo deporte. Neses tempos iníciase na práctica do Tríatlón e, desde a categoría Junior, forma parte da Selección Española desta disciplina, participando en todos os campionatos do mundo. Conseguiu unha espectacular proeza facendo historia no deporte español ao converterse no seu primeiro atleta gañador do Campionato do Mundo de Tríatlón en Cancún, México, no ano 2002.

Iván Raña experimentou unha gran progresión deportiva que se consolidaría á altura dos Xogos Olímpicos de Atenas, aínda que alí quedase nunha discreta posición por culpa das lesións. Tamén foi Diploma Olímpico en Sydney. Nos Xogos Olímpicos de Pekín 2008 logrou un meritorio 5º posto.

Os seus esforzos fixérono merecedor no ano 2003 da Medalla de Prata de Galicia que outorga A Xunta.



Iván RAÑA: campeón do mundo en triatlón

Data entrevista: 13 de maio

Preguntas - entrevista:

Daniel Núñez Sánchez
Andrea Ariño Vilarinho

Asesoría:

Anxo Fernández Otero

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
Mª Isabel Mato Torres
Ana Mª Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

Mª Isabel Mato Torres

Transcrición ao galego:

Daniel Núñez Sánchez
Andrea Ariño Vilarinho

Supervisores transcrición galego:

Mª Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

Mª Isabel Mato Torres

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya

Contacto co entrevistado:

Anxo Fernández

Deseño gráfico:

Rosa Mª Maceiras Mián

A primeira vez que competiu tivo que ser emocionante para vostede. Que lle pasou pola cabeza neses momentos? Lembra a súa primeira vitoria?

Si, lémbroa. Foi nun cursiño de natación en Ordes cando era moi pequeno. Cando xa me dedicaba en serio, con 14 ou 15 anos, foi nun triatlón en Celeiro e foi emocionante, e duro tamén, porque case non a acabo. É curioso que nun deporte que agora xa domino un pouco, a primeira carreira acabeina andando, practicamente. O recordo que teño é a dureza da novidade, do que non dominas ao principio.



Supoñemos que gañar unha competición é algo único e irrepetible, ata que se gaña outra, e outra, coma no seu caso, pero, hai algunha da que se sinta especialmente orgulloso?

Teño varias que sempre gardo na memoria. O campionato do mundo absoluto é a que máis lembro e con máis cariño porque, cando empecei no triatlón con 14 ou 15 anos, os comezos foron moi duros e soñaba con intentar ser campión do mundo. Levoume 8 anos poder conseguilo, así que gañar o mundial en Cancún foi un día moi importante, xa non só a nivel profesional e de traballo como triatleta, senón a nivel persoal. É un día que recordarei sempre. Pero hai outras carreiras, como en Cancún no 99 na que me clasifiquei para os Xogos Olímpicos de Sydney, das que tamén teño un recordo moi bonito.

O triatlón era un deporte descoñecido para moitos, ata que, grazas a vostede, se deu a coñecer a nivel nacional a finais dos 90. Pero a súa traxectoria coma triatleta comeza antes. A que idade se somerxe nesta disciplina olímpica?

Foi aos 14 anos cando empecei a adestrar o triatlón de maneira seria, pero antes xa facía natación e participaba en carreiras populares por toda Galicia cos rapaces do colexio. Acórdome de correr na carreira

popular de Santiago con 9 anos, cando só se podía a partir dos 10 anos, pero deixáronme o dorsal dun rapaz maior e acabei a carreira. Empecei así, facendo un pouquiño de todo como calquera rapaz daquela época. Aos 14 anos foi cando vin para aquí, para Santiago a adestrar triatlón xa de maneira un pouquiño máis planificada. Tamén estudaba, aínda que estudaba pouco. Non sei se podó dicir iso, pero era mal estudante e, nunha época tiven que decidir se deixaba de estudar ou se seguía, ou se me poñía a traballar, ou se adestraba máis en serio. Aí foi cando decidín adestrar, no ano 98/99, para intentar clasificarme para os Xogos Olímpicos de Sydney, que foi onde notei un pouquiño de impulso tras o bo resultado, porque quedei 5.º, e logo xa tiven os apoios de bolsas, algún patrocinador... o que me permitiu ser profesional desde aquel día ata agora.

A partires das Xogos Olímpicos de Atenas (nos que partía coma un dos grandes candidatos ao ouro olímpico) tivo algúns problemas físicos que lle impediron estar ao nivel que a vostede lle correspondía. Que sente un deportista e competidor do seu nivel cando se lesiona e non dá visto a luz ao final do túnel?

Lesionarse ou pasar malos momentos é algo que tes que vivir, todo o mundo os vive. Un traballador, un soldador, un cocineiro... todo o mundo, en todos os ámbitos vai ter momentos malos. Un deportista é o primeiro que ten



que aprender, porque os momentos malos creo que superan aos momentos bos. Moitas veces, cando estás con malas sensacións e tes problemas físicos, soñas con ese bo momento de chegar á carreira en boas condicións e esqueceste un pouquiño das penurias que vas pasando polo camiño. Cando tes un momento malo nunha carreira que preparaches con moitas ganas, no meu caso en Atenas, que cría que podía gañar e ao final quedei 23.º, é un *chasco*, pero tamén che ensina moito para o futuro, como afrontar as carreiras que veñen. Agora mesmo chego á carreira e non estou, como antes

de Atenas, con esa tensión, con esas ganas de levar todo ao milímetro; agora estou moito máis relaxado na carreira e iso fai que, aínda que non gañe, e chegue 5.º ou 10.º, disfrute igual que se gañase.



Que fai no seu tempo libre? Reserva algún tempo para os libros? Cales son as súas preferencias lectoras?

Pois si, reservo algo de tempo para os libros. Como dixeran antes, eu era mal estudante, e agora empecei a collerlle un pouquiño de gusto á lectura, a aprender cousas, porque o vexo de diferente forma. Antes cando ía ao colexio, aínda que foi máis no instituto cando choqueei co tema da ensinanza. Custábame centrarme na clase. Era un rapaz que necesitaba moita actividade e non aguantaba estar sentado nun sitio. Entón agora mesmo, aos trinta anos, empezo a valorar un pouquiño máis as cousas, a poder ler un libro tranquilamente nun avión, por exemplo. Encántanme as novelas, as de acción ou históricas. Aproveito para ler cando viaxo a algún país, como agora que fun a Seúl ou cando estiven en Sydney. Leo algo sobre o país, sobre a cidade, os habitantes que ten, o traballo que hai, polo que é coñecida... Creo que iso mo dou o viaxar, abríñ un pouquiño a cabeza porque antes era moi cerrado.

Que supuxo para vostede estar na elite do ciclismo cando, en principio, o seu deporte é o triatlón?

Para min hai unha cousa moi importante que é ter unha vida con retos, que te motive, ter algo cada día, levantarte cunha ilusión. A miña ilusión de pequeno era ser ciclista. Sempre que o vía na tele ou cando pasaba a volta ciclista por Ordes, eses momentos, nos 10 ou 15 segundos que tardaba en pasar o pelotón, non vivía, estaba alí atento a todo o que ocorría no pelotón. Acórdome que nos anos 89/90 pasaba a volta por alí, con Álvaro Pino, Perico, con Indurain, desde aqueles

días dicía "eu quero ser ciclista". Foi 20 anos despois cando conseguín ser profesional do ciclismo. É un soño cumprido.

Das tres disciplinas do triatlón, destacarías algunha en especial? En cal se sente máis forte?

Na que mellores condicións teño, eu creo, é para correr a pé, pero agora mesmo o que mellor domino seguramente é a bicicleta, polo ano que estiven facendo só ciclismo. Domino máis a bici, pero claro, tamén perdo un pouco máis nadando, ao estar un ano sen nadar e sen correr. Pero a bici é a que máis sensacións me transmite, porque non hai un compoñente físico, simplemente, como correndo que só necesitas estar forte, e podes *machacarte* adestrando e poñerte como un tiro e xa está. Pero en bici hai un factor de risco tamén porque podes caer a 50 ou 60 km/h, e vas cunha tensión moi grande no corpo. Tamén a maneira de colocarse nun pelotón conta moito, taparte do vento, nótase moitísimo ir detrás dun ciclista porque non che pega o vento e entón rodas moitísimo máis fácil. Ser listo, e un pouquiño pillo neses momentos, é o que che dá a vida para logo correr rápido.

Tamén fixo algunha incursión no mundo do motor, pensa competir nalgún rally?

Si, xa fixen un par deles. É algo que teño tamén na cabeza. O día que corrín o rally foi un soño que puideran facer realidade. Este ano gustárame volver a probar ao final de tempada, cando acabe as miñas carreiras. Porque agora mesmo, se quixese correr nun rally, os meus patrocinadores e a Federación diríanme "Que fas rapaz, que fas ti a 180 km/h por aí por un camiño de cabras?" Creo que non é compatible. Pero ao final de tempada, máis relaxadamente, si que farei algún, máis para pasalo ben que para competir.



O adestramento dun atleta de elite coma vostede, ocupa toda a súa axenda o ano enteiro? Adestra todos os días? Cantas horas? Ten que aumentar o ritmo cando se achega unha competición importante?

Si, adestro todos os días. Ultimamente o que fago é descansar un día á semana para darlle un respiro ao corpo. Antes adestraba todos os días, igual só paraba unha vez cada dous meses, pero agora si que descanso un día á semana para que o corpo descanse, que tamén hai que coidalo. Agora o que fago é hora e media de natación, tres horas de bici e unha hora a pé, de media. Logo, 3 días á semana vou ao ximnasio. Cando hai moitas competicións non fago moito ximnasio e tamén diminúo os quilómetros de bici e de correr, porque a competición xa che vale de adestramento. A nivel de intensidade tamén. Cando es máis novo igual fas menos intensidade, porque tes máis "explosividade" de forma natural, es mozo e tes moitas ganas. Á medida que vas tendo máis anos, tes que adestrar máis agresivo, con máis series curtas, máis series de forza e máis series de ritmo de competición.



Supoñemos que competir nun deporte con tres disciplinas lle fará planificar o adestramento dunha maneira especial ou, polo menos, distinta. Como divide as sesións preparatorias das tres probas? Non ten medo a chegar nalgunha das disciplinas falto de forma ou sobrecargado?

Si, esa é un pouco a esencia do triatlón e tes que andar coa báscula sempre. Se metes moita natación, ao mellor quedaste curto correndo, e se corres moito igual na bici non vas tan ben, porque correr dáche moito ton nas pernas e para a bici hai que ter outro tipo de ton muscular. Entón sempre estás buscando a maneira de traballar ben e chegar ben á competición. O que dis ti, ás veces quedaste curto e, ademais, os triatletas estamos moi obsesionados co tema do adestramento, porque canto máis fas, máis queres. Ata que rompe o saco. E acaba rebentando, como me pasou en Atenas, por exemplo. Entón cos anos tes que aprender a levantar o pé e saber chegar ao día a tope. Iso é o difícil do conto.

Que papel xoga a alimentación nun atleta coma vostede? Ten unha dieta moi estrita?

A alimentación é algo fundamental, sobre todo coa idade. Cando es novo parece que todo vale, o adestramento, a comida... podes comer catro hamburguesas e correr aos quince minutos e non pasa nada. Pero xa con máis idade, máis nivel competitivo, en competicións de nivel, tes que coidarte moitísimo na comida. Iso non significa pasar fame, pero é saber comer. Creo que neste país comemos moito. Cando estou na casa, veña lentellas, cocido, empanada por todos lados, tortilla con chourizo... iso é unha festa todos os días. Creo que non fai falta tanta comida, comemos moitísimo máis do que o corpo necesita. Se ti ao corpo lle estás dando comida a fartar, ao final o que fai é acumular, é como mal crialo. Entón tes que darlle o que ten que comer. Eu intento evitar os fritos, as graxas saturadas, as sobremesas é raro que as toque, pero a veces si, cando pillas unha *pájara* na bici, que vas medio mareado, si que tes que intentar tomar algo doce. Pero eu creo que nos deberían educar un pouquiño máis e ensinarnos a comer, porque hai moitos problemas de saúde, xa non falando de deporte, hai problemas de saúde por non ter conciencia do que estás comendo.



Algúnha vez pensou en deixar o deporte de alta competición e dedicarse a outra cousa?

Si, despois de Atenas dicía " Mi madriña querida! isto... se só consigo ser 23.º...!" Noutro deporte podería ser profesional, pero no triatlón, e ademais en España, era moi difícil. Pero non foi só esa competición, senón o ano seguinte, que non daba arrancado, tiven mononucleose, rompín o nariz e logo torcín un nocello... levaba moitos meses lesionado e non daba visto a luz ao final do túnel. Entón empecei a preguntarme que podía facer, pero nunca foi de maneira moi seria, simplemente o pensaba. Agora si que o estou pensando, porque vexo que xa non é como cando tiña 20 anos, que me

quedaban 10 ou 15 anos por diante de carreira deportiva, agora terei 5 ou 6, ou 4. Non sei. E tes que ir empezando a enfocar onde queres acabar.



As probas da Copa do Mundo de triatlón (ITU) desta tempada 2010 van desde Australia a Estados Unidos, pasando por México, Xapón, Holanda, Hungría, Suíza e Corea. Pensa participar, se as lesións o respectan, en todas as probas desta tempada?

En todas non, porque senón virían as lesións, seguro. Pero polo menos as do campionato do mundo, que son sete, si que as vou facer todas. Logo farei o campionato de España, un par de carreiras aquí en Galicia co meu club, o *Arcade Inforhouse*, e logo algunha máis que haxa por aí. Unha en Estados Unidos, que dan un premio altísimo, creo que son 200 000 \$ ao primeiro. É como o mundial, vai todo o mundo a tope, ninguén se perde esa carreira. A esa si que lle teño ganas. É despois da de Madrid, á semana seguinte da de Madrid. Entón serían 12 ou 15 carreiras.

Despois dun ano e medio no dique seco a nivel internacional, participou en varias probas valedoiras para a Copa do Mundo, desde Mooloolaba, na que acadou en 7.^a posición ata Seúl, onde quedou 14.^o. Que significa volver á alta competición?

O de "dique seco" vouno cambiar por "estar apartado do triatlón", porque estaba co ciclismo e foi o ano en que máis traballei en plan adestramento e de sufrir enriba da bici. Logo, volver á competición é un pouco estraño ao principio. Cando empezas a adestrar tes que volver a coller a rutina do adestramento, pero unha vez que estaba en carreira... era como a miña casa. Levo 15 anos facendo isto e todo era moi familiar. Xa coñecía á maioría dos corredores, aínda que hai xente que vén nova, digamos que ao 70 ou 80 % da xente xa a coñecía perfectamente doutros anos. Estar alí na carreira era como estar na casa. En ciclismo iso non o tiña, non coñecía a tanta xente e estaba un poucoño

máis apartado.

Sabemos pola súas declaracións aos medios que ten unha grande ilusión por competir na seguinte proba en Madrid. Que supón esta proba para vostede?

En Madrid é correr na casa. Correr unha carreira na casa dáche outra alegría. Sabes que vai estar alí a túa familia, os amigos, os colegas cos que adestras cada día... entón é unha motivación que non teño noutras carreiras. Agora, cando fun a Seúl a semana pasada, viaxei só, estiven alí na habitación só. Logo coincidín con Gómez Noya alí, pero non había españois. Ben, si que teño aos colegas das copas do mundo, que somos sempre os mesmos, sempre o mesmo circo. Pero non é o mesmo que estar na casa, rodeado da túa xente. Ademais, creo que de Ordes vai ir xente a animar! Isto dáche outras ganas de competir, outra agresividade na carreira.

Que obxectivos se marca a curto e a longo prazo?

A curto prazo, intentar estar outra vez ao nivel que estaba antes disputando carreiras. Ese é o obxectivo máis importante que teño. Creo que nun par de meses, ao mellor en Madrid ou nas seguintes, xa podo intentar estar preto do podio. E a longo prazo, os Xogos Olímpicos. É unha carreira para á que xa empezo a mirar. Quedan dous anos pero... xa hai que ir empezando a motivarse.



Participar nuns Xogos Olímpicos ten que ser algo moi especial para calquera atleta. Que supuxo para vostede?

Home, para min Sydney supuxo moito. Creo que foron os xogos que me deron a coñecer a nivel de prensa, a nivel mundial. Iso repercutiu en que xa podía ter algún patrocinador, xa non tiña que comprar eu as bicicletas, xa me daban as bicicletas, xa me daban as rodas e iso era un alivio: poder usar material que non tes que pagar ti.

Sobre todo iso. Logo a ilusión coa que afrontas a primeira carreira. Eu aí tiña 21 anos! Chegar alí e ver ese ambientazo! Entrar no comedor olímpico e sentarte alí cos atletas negros estes de 2 metros da final dos 100, ou cos chineses, ou cos alemáns... iso era unha festa, chapurreando inglés, ruso... e de todo. Ademais a xente está de moi bo humor porque é como se fosen as festas da vila. Alí todo o mundo estaba a pasalo ben. E logo despois da carreira... iso mellor non o conto porque... iso non parecía deporte, era todo festa, pero festa de saír pola noite ata as tantas! A xente está moi estresada coa competición e cando esta acaba... é coma un desafogo.

Como é a vila olímpica? Como vos levades entre vós os atletas?

Ben, en teoría ben. En teoría ben, pero sempre hai algúns roces. Sobre todo o típico, que en carreiras sempre quere gañar, ese sempre vai ter problemas... Non coma outros que tanto se gañan coma se quedan 20.º, 30.º, ou de 1.º lévanse mellor. Pero hai xente que é moi competitiva e pronto se cabrea. Pero o normal é levarse ben, pero sempre con algún tipo de distancia.

Ten pensado participar en Londres 2012?

Si, si, é un dos obxectivos dos que falabamos antes: estar nos Xogos Olímpicos e intentar estar aí diante de todo.

Como se define Iván Raña a si mesmo? É o mesmo de cando comezou a súa andaina deportiva?

Non, non, creo que non. Antes era moito máis desastre. Agora intento organizarme mellor, creo que adestro



máis, intento coidarme un pouquiño máis... e antes, cando empezaba, era un pouco máis rebelde. Ás veces facía carreiras moi boas pero outras... igual nin sequera ía á carreira e prefería quedar cos amigos adestrando! Creo que agora teño máis sentido da profesionalidade, do que teño que facer, e non me salto a planificación.



Antes non é que non adestrarse pero, por exemplo, se había un campionato do mundo de dúatlon que non me interesaba moito, pois igual non ía, e estaba seleccionado! e ía a un campionato galego de contrarreloxo. Ía cos amigos de aquí e pasáboo mellor. Nese aspecto si que cambiei un pouco.

Que tal é a súa relación coas novas tecnoloxías?

Regular. O móbil que teño non o entendo, case. Pero estou intentando poñerme un pouquiño ao día. Necesítoo moito. Teño unha páxina web e, un día ou dous á semana, escribo algún artigo para que a xente que quere saber de min estea un pouco informada. Tamén para os patrocinadores e para os amigos. Entón téñome que adaptar, sobre todo cando estou por aí nun hotel, sempre co meu ordenador, teño que poñerme un pouquiño ao día, senón estou perdido.

Cando vostede estaba a estudar, que linguas estranxeiras se cursaban daquela? Fala algunha? Pensa que o inglés é necesario no deporte de alta competición?

Si. É moi importante poder comunicarte. Se non te comunicas non vas conseguir nada. Nun deporte como o triatlón agora, que parece que os anglosaxóns son os que o dominan, incluso desde a Federación Internacional parece que hai coma un guión do que é un triatleta-tipo: inglés, americano, ou incluso australiano, que fala inglés perfectamente, que nas entrevistas fala alí *a lo loco*... E chegamos nós alí, *chapurreando*, e parece que xa non nos dan tanto bombo. É a verdade. Ti intentas falar inglés. Aínda que nunca vas falar coma un nativo, si que che serve para comunicarte e cando te comunicas ben tes moito máis apoio a nivel mediático e a nivel de patrocinadores. Creo que é moi importante. Hai outros deportes como o ciclismo onde vexo corredores que falan cinco idiomas e outros que falan só español porque teñen tradutores. Pero aquí non funciona así. Viaxas moito só e tes que aprender algún idioma. E o mellor é o inglés, claro.



O noso instituto, nestes momentos está a participar nun Proxecto "Comenius" con Polonia e Lituania. Existían programas deste tipo nos seus tempos de estudante?

Creo que si, algún habería, pero moita cousa non, creo. Había a excursión de fin de curso a Madrid. Acórdome das excursións de fin de curso nas que te levaban a algún museo... Nós fomos a Toledo, a Madrid... Pero para un rapaz que pensa que a excursión de fin de curso é carallada e cando chega alí o meten nun museo, acabas un pouco aburrido. Creo que a vosa é unha boa iniciativa. Ter comunicación co exterior é o que che fai crecer. Se non te podes comunicar co exterior, ao final ti só... acabas estancándote. E para os rapaces nesta idade de 16-18 anos é moi, moi importante, o teu carácter estase acabando de formar e, se es unha persoa capaz de comunicarte, de ter amigos doutros sitios e non ter medo a estar con xente, isto vaiche abrir as portas no futuro.

Cre que estes proxectos son un bo método para mellorar o inglés dos estudantes? Pensa que tamén axudan noutros aspectos?

Axuda no aspecto de falar, de ter coñecemento da lingua, pero tamén na facilidade de viaxar e comunicarte. Hai xente que, como algúns amigos

meus, que teñen carreiras, pero cando van de viaxe... miña nai! Esquécete! Non chegan a casa xa! Non saben, se teñen un problema non saen del, enceréllanse. Non obstante, se ti, desde novo, te sacan da casa ves cousas diferentes, estás só, tes que buscar amigos e darte a entender nun idioma que non dominas, iso está dándoches unha habilidade social que non che dá estar sentado diante dun libro só.

Estivo ou viaxou algunha vez a Polonia ou Lituania por motivos deportivos ou de lecer? Ten pensado facelo?


Polonia, creo que si, pero non me acordo moi ben. Sei que hai triatlón en Polonia e, de feito, algúns dos que compiten na Copa do Mundo son de alí. Creo que é un sitio bonito, pero agora non vou ir correr máis por alí porque as carreiras do Campionato do Mundo lévanas a cidades moi emblemáticas, tipo Sydney, Seúl, Madrid, Hamburgo... En Polonia creo que non hai ningunha, así que quedaremos sen ir xa.

Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, ata onde desexaría que chegase a súa carreira deportiva?

Ata os 38-40 anos gustaríame ser deportista de elite e seguir conseguindo resultados, claro. Gustaríame ter unha carreira deportiva longa tendo resultados desde o primeiro ano ata o último. É complicado. Cada ano tes que coidarte máis e adestrar cada ano un pouquiño máis agresivo. Ao final acabas saturado, por iso a xente acaba deixando o deporte de elite

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero nunca llo preguntaron?

Non sei. O que vexo é que, en cuestión de deporte, preguntan sempre o mesmo "Prepárate ben? Adestras ben?" Todo perfecto, non? Iso non existe. A xente está equivocada. O que existe é estar motivado e ter ganas de traballar. Si que precisas unha boa planificación, pero, ás veces, aínda que poida soar raro e penses que estou tolo, para un rapaz é mellor ir coa moza a dar un paseo que ir a adestrar. Non obstante,





para os adestradores e a xente da Federación iso é dar unha mala imaxe, non o asumen, e teñen que asumir que non todo está cuadrículado nun ordenador nunha planificación perfecta. Creo que iso había que cambialo. Non se pode enganar a xente. Hai que ensinalle a gozar e dicirlle “Mira, rapaz, hoxe non adestras máis e vai por aí, incluso de festa, que che vai sentar ben para logo competir”. E na maioría das entrevistas tes que dicir que adestras moi ben, que te estás cuidando, que vai todo moi ben... pero seguramente se estás gañando carreiras é porque estás moi motivado e tes o apoio moi importante da túa familia, ou da túa moza que che fai estar a gusto. Pero iso nunca se di. Sempre se vai por “Esto está super estudiado, desde la Federación ponemos todos los medios...”. Todo mentira. Os rapaces teñen que estar contentos e motivados.



Alberto Bouzas

Entrevistamos a

O doutor **Alberto Bouzas Mosquera** naceu hai 33 anos en Ordes, A Coruña, lugar no que vive na actualidade. Estudou Medicina en Santiago de Compostela e leva 8 anos a traballar como cardiólogo no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). No pasado mes de febreiro a prestixiosa revista *The Lancet* elixiu como mellor artigo do ano o seu estudo sobre a eficacia dunha proba sinxela, inocua, barata e segura para predicir infartos e outras doenzas do corazón.

O *Journal of the American College of Cardiology*, auténtica biblia para os cardiólogos, publicou esta investigación, que tamén quedou finalista no premio **Young Investigators Award** do Congreso Europeo de Cardiología, e dedicoulle un editorial en que destacaba que o seu estudo podería cambiar a técnica de diagnose que hoxe en día se aplica para determinar se unha persoa cunha dor torácica ten ou non unha enfermidade coronaria e, polo tanto, pode sufrir un infarto ou algún episodio cardíaco agudo.



ALBERTO BOUZAS: cardiólogo

Data entrevista: 3 de maio

Preguntas - entrevista:

Claudia Martínez de la Iglesia
Laura Manteiga Regueiro

Asesoría:

M^a Carmen García Romalde

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

M^a Isabel Mato Torres

Transcrición galego:

Claudia Martínez de la Iglesia
Laura Manteiga Regueiro

Supervisión transcricción galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

Carmen Piñeiro Fuentes

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya

Contacto co entrevistado:

M^a Josefa Soler Monsalved

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán

Que lle fixo decidir-se a estudar Medicina e logo á investigación?

A verdade é que desde pequeno sempre quixen ser médico. Penso que é un tema de vocación. A medicina é unha profesión moi bonita e, desde logo, se tivese que volver a elixir, escollería de novo a medicina. Non me arrepiño da elección.



Como consegue unha persoa tan nova coma vostede destacar tanto no seu campo?

Ben, en gran parte influíu, evidentemente, a sorte. Non é nada fácil destacar na medicina en ningún sentido porque realmente xa hai moito avanzado. Os pasos que se dan son moi pequenos de cada vez. A sorte tivo que ver, pero a sorte tamén a hai que buscar.

Sempre investigou en Galicia? Gustaríalle investigar fóra de España?

Non, non sempre investiguei en Galicia. Estiven seis meses en Londres traballando nun hospital relativamente importante. Pero si que me gustaría seguir investigando en Galicia. Agora mesmo non teño ningún interese en investigar fóra de España.

Que nivel ten o Complexo Hospitalario da Coruña como centro de investigación a nivel mundial?

Penso que é moi alto. Tanto dentro de España coma dentro de Europa, o Complexo Hospitalario da Coruña é un hospital moi importante. Quizais, en canto á investigación, non está á altura dos grandes hospitais de Estados Unidos, que é o país máis importante nese sentido, pero penso que se está avanzando e se están facendo as cousas nunha boa liña, na boa dirección.

Cre que hai en España unha tecnoloxía cardíaca punteira?

Hai moitas tecnoloxías cardíacas punteiras, tanto en España coma noutros países do noso contorno. No que nos ocupa a nós, levamos desenvolvendo unha técnica desde hai 15 anos. De momento, tal e como a facemos nós, non se emprega noutros hospitais, é a **ecocardiografía de exercicio**, que nos permite detectar a orixe cardíaca das dores de peito. Esa é a técnica coa que estamos a traballar.

Podería describirnos dun xeito sinxelo, sen tecnicismos, en que consiste a investigación pola que o premiaron?

O que fixemos foi estudar a 4.000 pacientes que viñeron á consulta por dor torácica. A proba que se realiza habitualmente é unha proba de esforzo que consiste en poñer a camiñar o paciente nunha cinta e rexistrar se ten dor torácica ou cambios na actividade eléctrica do corazón. Entón o que fixemos foi investigar a 4.000 pacientes que, ademais de consultar a dor torácica e de someterse a unha ergometría, foron sometidos a unha ecografía do corazón, que nos permite valorar como se contrae o corazón durante o exercicio. Eses pacientes non desenvolveron dor torácica nin cambios no electrocardiograma, na actividade eléctrica do corazón. Se só se tivesen sometido a unha proba de esforzo, que é a proba que se realiza normalmente, terían sido dados como normais. Non obstante, observamos que un 16% deses pacientes presentaban alteracións na contracción do corazón durante o exercicio, polo tanto, tiñan un peor pronóstico, é dicir, tiñan máis eventos durante o seguimento, máis infartos e máis morte.

Que lle achegou o premio?

Para nós foi, evidentemente, un grande honor e un orgullo que unha revista tan prestixiosa como *The Lancet*, que está entre as tres primeiras en canto á medicina (non só en cardioloxía), publicase unha investigación nosa... foi un verdadeiro honor.



Como se sente ao quedar finalista, con ese mesmo traballo, para gañar o premio Young Investigator Award do Congreso Europeo de Cardioloxía?

Esa foi a primeira sorpresa de todas, que o noso traballo chamase a atención nese Congreso. E tamén foi unha gran satisfacción que saíse elixido entre os finalistas para ese premio, que é moi prestixioso.

Cre que ten unha importante difusión o seu traballo? En que revistas lle gustaría que o publicasen?

Xa temos publicado, non só eu, senón outra xente do noso grupo, traballos de investigación nese campo, na ecocardiografía de exercicio, en revistas moi importantes dentro da cardioloxía. A nosa idea é continuar nesa liña, seguir investigando porque quedan moitas cousas por descubrir.

Podería dicirnos en que está traballando agora?

Estamos seguindo esa liña de investigación. Agora mesmo estamos comparando esa mesma técnica realizada en cinta rodante, co paciente camiñando, coa técnica tradicional, que se fai en bicicleta. Queremos comprobar se a nosa técnica é igual, máis efectiva ou menos efectiva, para o diagnóstico e para a valoración dos pacientes con dor torácica.

Tivo que dar malas noticias aos familiares ou aos pacientes en moitas ocasións?

Si, moitas máis das que me gustaría. É unha cousa moi desagradable pero é parte do noso traballo.

Como se vive esa situación?

É unha situación na que se empatiza coa familia e tes que intentar acostumarlos porque é parte do teu traballo. Pero nunca te acostumamos de todo.

No campo da investigación nótase a crise económica?

Moitísimo. Ata hai un par de anos había axudas moi importantes que se tiveron que suspender. Realmente é unha pena, porque é unha motivación para facer unha cousa pola que non se nos remunera. Aos médicos non se nos remunera pola actividade investigadora. É algo que facemos no noso tempo libre



e non temos asegurado nada a cambio desa actividade.

Pensa que algún día poderíamos substituír o corazón por algún aparello tecnolóxico?

Si, pero non algún día, porque iso xa é posible agora. Non é moi frecuente pero hai xente, pacientes, que andan pola rúa cun corazón artificial, que non é o seu. Iso é unha cousa factible.



Pensa que coa clonación poderíamos substituír o órgano danado por outro san?

Si, o que pasa é que para chegar a ese punto fan falta anos de investigación. Aínda non chegamos a ese punto pero, sen dúbida, iso chegará.

Hai predisposición xenética ás enfermidades cardíacas?

Si, para a maior parte das enfermidades cardíacas hai unha clara predisposición xenética. Algunhas é unha cousa moi evidente, herdada, cun tipo de herdanza mendeliana directamente dos pais, e noutras hai unha certa predisposición, que non é exactamente unha herdanza como dicía Mendel. Na inmensa maioría das enfermidades, especialmente nas cardiovasculares hai unha clara predisposición. É dicir, os pacientes que teñen familiares de primeiro grao con antecedentes de infarto teñen máis probabilidades de ter un infarto.

Que nos aconsella para coidar o noso corazón?

Hai moitas medidas para coidar o corazón. En primeiro lugar, está unha dieta sa, equilibrada, baixa en colesterol, baixa en graxas de orixe animal, rica en froitas e verduras... Pasear todos os días, facer exercicio de forma regular, recoméndanse 30 minutos ao día, se é posible, e para a xente que ten factores de

risco cardiovascular, con hipertensión, colesterol ou diabete, hai que coidalos. E quizais a medida máis importante para a xente que fuma é deixar o tabaco.

No noso centro estase a realizar un proxecto educativo de cohesión europea Comenius con institutos de Polonia e Lituania. Que lle parecen estas iniciativas de traballo cooperativo internacional?

Paréceme unha iniciativa fantástica. Estiven comentando coa vosa profesora que me parece unha iniciativa increíble. Oxalá cando eu estudaba houberse iniciativas deste tipo!

Ten algún compañeiro de Polonia ou Lituania?

Non, non coñezo a ninguén de Polonia ou Lituania.

Algunha vez tivo algún contacto con Lituania e Polonia?

Non, nunca estiven neses países.

Vostede ten familiares vivindo no estranxeiro?

Que eu saiba non. Meus pais estiveron oito anos vivindo en Londres. De feito eu nacín alí, cerca de Londres, pero regresaron a Galicia cando eu era novo. Agora mesmo non teño ningún familiar no estranxeiro.

Viaxou por moitos países? Gustáronlle as súas culturas? E a comida?

Si, viaxei bastante porque o meu traballo obriga a viaxar. Se queres estar un pouquiño na punta do coñecemento médico tes que ir a outros países e coñecer outras formas de pensar, outras formas de traballar, e outras persoas que se dedican ao mesmo ca ti. E a min gústanme moito outras culturas. Estiven en Alemaña, Suecia, Inglaterra, Estados Unidos..., que son países con culturas moi diferentes, pero todas teñen algo positivo.

Cando vostede estudaba coma nós, que linguas estranxeiras cursaba? Era bo estudante?

Estudei inglés como 1ª lingua estranxeira, pero tamén estudei francés dous anos no instituto. Non sei se agora ocorre igual, pero daquela era unha materia optativa. E aínda que estea mal que o diga, non era mal estudante.

Para a súa investigación necesita utilizar idiomas estranxeiros?

Si, en medicina hoxe en día fálase o inglés. O inglés é a lingua universal. Non hai ningún

médico que poida publicar un artigo medianamente bo en ningunha lingua que non sexa o inglés.

Como se define a si mesmo Alberto Bouzas?

Difícil pregunta. Son unha persoa bastante tímida, pero creo que bastante amigable, amigo dos meus amigos... Ben, en xeral, creo que non son mala persoa.

Algunha vez viu calquera serie referida á medicina, de tipo House, Hospital Central...?

Si, si. Gústame moito a serie *Urxencias* que se emitía hai uns anos, pero agora xa non a botan e son fan de *House*.

Cre que se axustan á realidade?

Urxencias axustábase bastante ben á realidade. *House* xa non, pero gústame vela de todos modos.

Gústalle o deporte? Practica algún? O deporte é bo para o noso corazón?

Si, sen dúbida o deporte é bo para o corazón. A min gústame moito xogar ao tenis e andar en bicicleta cando teño tempo. Pero non é que teña moito tempo libre, que digamos.

Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, que descubrimento lle gustaría facer?

Así de súpeto, non sabería dicirche. Hai moitas cousas que quedan por descubrir na medicina, na cardiología... creo que eliminar o cancro, por exemplo.

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero que nunca lle preguntaron?

Pois mira, gustaríame que me preguntádeses se merece a pena, realmente, dedicarlle tantas horas a unha actividade como á investigación, pola que non se recibe ningunha remuneración económica. Realmente hai moita recompensa en canto á satisfacción persoal, así que merece a pena. *É a guinda* ao teu traballo.



Entrevistamos a Ángel Carracedo

O científico galego **Ángel Carracedo Álvarez** é natural do municipio coruñés de Santa Comba onde naceu en 1955. Exerce a docencia na Universidade de Santiago de Compostela dende 1977. É catedrático e director do Instituto de Medicina Legal de Santiago e da Fundación Galega de Medicina Xenómica, así como vicepresidente da Academia Internacional de Medicina Legal.

Foi galardoado na edición de 2009 co premio **Rey Jaime I** na modalidade de Investigación Médica polo seu traballo pioneiro no que usa as novas tecnoloxías no eido da xenética aplicada, particularmente no da identificación forense e na xenética de poboacións. Participa de xeito destacado no **Proxecto Xenoma Humano** dirixindo un equipo interdisciplinar de máis de cen investigadores de distintas especialidades: biólogos, matemáticos, etc. Forma parte do equipo que investiga os xenes relacionados coa transmisión da esquizofrenia. Os seus traballos saen á luz nas publicacións máis prestixiosas como *Nature*. Entre as súas tarefas de investigación sobresaen a análise dos restos de Cristovo Colón e a dos fósiles do xacemento paleolítico de Atapuerca (Burgos).



CARRACEDO: científico de medicina legal

Data entrevista: 16 de abril

Entrevista:

Christian Rodríguez Freijeiro
Paula Martínez Díaz

Preguntas:

Sofía G. Rodríguez Duarte
Nuria Suárez Uzal
Lorena Carneiro Lozano

Asesoría:

Leopoldo Fernández Gasalla
M^a Carmen García Romalde

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos: M^a Isabel Mato Torres

Transcrición galego:

Sofía G. Rodríguez Duarte
Nuria Suárez Uzal
Lorena Carneiro Lozano

Supervisión transcrición galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

M^a Isabel Mato Torres

Supervisión versión inglesa:

Marisol Liste Noya

Contacto co entrevistado:

Sara Fernández Souto

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán



Cando era un neno, pensou algunha vez que o seu propio traballo chegaría a ser tan necesario e tan valorado?

Ben, non estou seguro de se é moi necesario e valorado o meu traballo. Simplemente trato de traballar sempre e de facer as cousas ben. Nunca pensei cando era un rapaz que me ía dedicar ao que me dediquei, para nada. Nin antes nin agora penso na importancia, na transcendencia do que facemos; eu simplemente traballo e vivo con ilusión a vida. Nada máis.


Sempre soubo o que quería facer ou aconteceu algo na súa vida que o impulsou a realizar eses estudos?

Pois, nunca o tiveren moi claro, nunca souben ben o que quería facer ata moito máis adiante. Cando era un rapaz gustábame todo. A xenética xa me gustaba cando tiña a vosa idade, porque me parecía unha cousa moi complicada de entender, custábame traballo entender qué era aquilo. Pero sabía que alí estaban as claves de cousas moi misteriosas como, por exemplo, que dunha semente dun piñeiro nacera aquela árbore, ou dun chícharo nacera unha planta de chícharo, ou dunha pataca nacera unha pataca. Como era aquilo? Entender o porqué era bastante misterioso, e era máis misterioso aínda porque non había quen o entendera. Eu creo que isto foi o principio de que me empezara a gustar aquilo un pouco. Logo, máis adiante, fixen Medicina, tamén non sei moi ben por que. Creo que para que meus pais estivesen contentos, porque a min moito non me gustaba, pero como tiña moi boas notas e era o mellor da clase... seguramente foi por iso. Pero a min, realmente, gustábame todo absolutamente: historia, literatura, bioloxía... todo! Non tiña, para nada, unha vocación concreta. Logo, ao finalizar a carreira, descubrín que, a min, isto da enfermidade, en

realidade, o que me gustaba era investigala, traballar no laboratorio, pero custábame moito traballo comunicarlle unha mala nova a un doente. Imaxinádevos dicirlle a un pai "Mira, é que o teu fillo ten cancro e vai morrer en dous meses". Iso para min era imposible, empezaba a chorar eu máis que o pai e non durmía en vinte días. Foi por iso polo que ao final tiven unha certa crise profesional e case acabo traballando nun faro. Dediqueime a pescar case un ano enteiro. Pero ao final reconducín a miña vida pola vía da investigación e da xenética e, afortunadamente, creo que foi polo bo camiño, non sei se para os demais, pero eu, traballando nesas cousas, aprendín moito e disfrutei moito. E, aínda que traballo moito, tamén o estou pasando moi ben.

Dise que comezou a interesarse pola investigación xenética tras a lectura dun libro do seu avó (xa interesado pola antroploxía)?

Tedes investigado moito, eh? Isto é algo que sabe moi pouca xente. Os meus avós galegos eran labregos, pero miña nai é de Valladolid e un dos meus avós era catedrático de Dereito Penal e daquela había unha teoría, a principios do século XX, de que os criminais tiñan todos unha forma física determinada. Chamábase a Idea Lombrosiana e moita xente era perseguida por ter esa forma física. Un disparate absoluto! E o meu avó loitou moito contra aquilo; ata fixo uns aparatos para medirlle á xente a forma da cara, do nariz... e publicou un libro dicindo que todo aquilo era unha trapallada, que el tiña medido a criminais e a persoas normais e non atopaba diferenza ningunha. Foi un dos primeiros antilombrosianos e loitou moito contra unha idea que acabou levando despois os problemas xenéticos á Alemaña nazi e todo o que foron os terrores do fascismo. A min iso apaixonábame, e por riba vendo estas cousas feitas polo meu bisavó, non o meu avó,



pois impresionoume moito. Aínda teño as caixas con todos os instrumentos que mandou facer para medir todas estas cousas!

Tivo que sacrificar moitas cousas para chegar ao lugar onde está hoxe?

Igual tedes moi idealizado o lugar onde estou hoxe. Eu son una persoa normal que fai o seu traballo. Pero si, na miña vida sacrifiquei cousas porque traballo moito. Isto é certo. Gustaríame ter máis tempo para pescar, para andar en bicicleta, para ir ao mar... para moitas cousas, e sobre todo, ter máis tempo para estar cos



meus fillos. Aínda que, para min, eles seguen sendo unha prioridade e estou con eles tempo abondo. Pero gustaríame aínda ter máis tempo para eles. Pero é certo que traballo moito e moitas cousas que me gustaría facer quedaron un pouco comprometidas. Pero compensa, senón non o faría, seguramente.

Resulta gratificante ver como o traballo de tantos anos ao fin dá os seus froitos?

O máis bonito para min nesta etapa son dúas cousas. Cada etapa da vida ten unhas ilusións, unhas ambicións e uns sentimentos. Na parte do traballo o máis bonito é ver e ter a sorte de estar rodeado de xente nova boísima, que máis que coñecemento o que lles transmito é a ilusión por facer as cousas, unha maneira de entender a vida, de entender a investigación e de entender o traballo. E aprendo deles continuamente. Isto é o máis gratificante, estou rodeado dun grupo de xente que non poden ser mellores e que merece a pena calquera esforzo que faga por eles. Pero eu traballo polo menos tanto como o que máis. Dá gusto velo e, para min, iso é a satisfacción máis grande. Logo ver tamén como as cousas que facemos de investigacións son publicadas nas mellores revistas e, sobre todo, teñen moitas veces unha aplicación práctica para solucionar os problemas dos demais, na medicina, na xustiza... e iso é gratificante, ver como podes dar una resposta a un problema que lle afecta á xente. Facemos una investigación moi aplicada e,



como o podemos trasladar moi ben a problemas da vida, pois resulta moi gratificante.

Por que decidiu vostede dedicarse á investigación ao rematar a súa carreira de Medicina?

Xa cho contei un pouquiño antes. O tema era que a medicina clínica non me gustaba. A ver, gustábame teoricamente, entender o porqué das enfermidades, pero non me gustaba o resto. Por iso admiro os médicos. A miña muller é médico intensivista, que é o máis vocacional que pode haber no mundo, pero eu non tiña esa vocación e non tiña, sobre todo, esa capacidade de aguantar o sufrimento de comunicar dor. Psicologicamente era difícil para min. Sabía que a investigación... sempre me gustara moito porque sempre me preguntei o porqué das cousas. Afortunadamente tiven a enteireza, nun momento determinado, de loitar polo que me gustaba, non polo que me conviña. Seguramente foi unha boa decisión na miña vida. Aínda que isto é moito máis difícil. Podía ter a vida solucionada facendo calquera especialidade e isto é moito máis complicado porque o futuro é incerto. Decidín intentar facer o que me gustaba realmente. Foi unha boa decisión, e importante, na miña vida.

Como definiría, en termos xerais, o seu labor investigador?

Investigar é preguntarse o porqué das cousas. Como dicía, traballamos en problemas da vida diaria para solucionar problemas de enfermidades e para solucionar problemas da xustiza. Sabemos cales son as preguntas, pero moitas veces non temos resposta. Investigar é poder dar respostas ás preguntas. Se eu toco aquí nesta mesa, e isto é importante para solucionar un crime, hai que desenvolver métodos para poder ser quen de quitar ADN de aquí e poder dar unha información, hai que facer investigación. Nós facemos esa investigación, dirixida sempre a problemas da vida real. Se hai un grupo de doentes que teñen unha enfermidade que ten unha base xenética e non se sabe nada dela, que hai máis bonito que investigar que pasa alí para poderlles axudar, para poderlles dar un consello xenético, ou para poder facer medicamentos para que poidan ter unha esperanza de futuro?. Isto é investigar.



Na súa traxectoria conta con numerosas experiencias no mundo da investigación e especialmente na xenética forense (investigación da paternidade, criminalista, biolóxica...), se tivese que decantarse por unha, cal sería? Por que motivo?

Tamén é moi complicado porque, igual que cando era neno, gústame todo. Teño un problema na miña vida que é grave. Non vos podo dicir cal é a que máis me gusta, porque sigo tendo o mesmo problema que de neno. Tendo á dispersión continuamente. Afortunadamente agora teño tanta xente arredor, que podo ter a uns dedicados a unha cousa, outros a outra... polo cal me divirto moito máis. Que é o que máis me gusta agora, neste momento? Xa vos digo que todo. Pero se tivese que escoller unha cousa, neste momento o que máis me apetece das cousas que facemos é ver a causa máis fonda, máis molecular, das enfermidades psiquiátricas. Sabedes por que? Primeiro, porque é un misterio que non hai quen o entenda. Segundo, porque afectan a moita xente. A moita máis da que pensamos. Miramos para outro lado moita veces en enfermidades que están un pouco estigmatizadas. Non sabemos realmente a canta xente lles pasa. Estamos falando só en Galicia de enfermidades psiquiátricas que sofren dúcias de miles de persoas. Que son moitas! Miles e miles que están sufrindo. Non é necesario entón facer investigación para que poidan estar mellor tratadas e que poidan ter máis esperanza? Moitas familias están sufrindo. Neste momento o que máis me motiva é isto. Pero xa vos digo que gozo de case calquera cousa que facemos.


As mostras que recibe na Universidade de Santiago para a súa análise xenética, de onde proceden?

Aquí no noso grupo temos dous laboratorios. Este que é máis pequeniño onde se fai a parte forense, e un moi grande que está na Fundación Galega de Medicina Xenómica no Hospital Clínico.

Aquí faise xenética forense, no outro, faise xenética clínica. Aquí, as mostras forenses que recibimos veñen, ás veces, de España, pero tamén doutros lugares do mundo. Normalmente os casos difíciles que non son capaces de resolver, tráennos para aquí. Non temos moita rutina. Neste laboratorio non facemos moitísimos casos, a policía de Madrid fai cen veces máis, ou mil veces máis. Nós, ademais dalgúns casos que nos mandan de por aquí, o que facemos son casos aos que outros laboratorios do mundo non son capaces de darlle resposta. Eses veñen para aquí. É poden ser de calquera sitio. Hai pouco estaba aquí Scotland Yard. A semana pasada a policía norueguesa. Pode ser de calquera parte do mundo. Casos que os outros laboratorios non son quen de darlle unha resposta. Nós, como somos moi punteiros en investigación no campo, e temos moitas novas ferramentas desenvolvidas e en proceso de desenvolvemento, igual podemos darlle unha resposta. Non sempre, pero moitas veces si. Entón acoden a nós laboratorios con mostras de todo o mundo. Cando digo todo o mundo é desde EE. UU. a Australia, Austria, Reino Unido... De calquera parte.

Que se pode descubrir con estas análises sobre o perfil dunha persoa?

Tamén te refires á parte forense. Neste apartado cada vez somos capaces de dicir máis cousas, tendo ADN. O ADN pódese quitar de calquera cousa, xa vos digo que se collo a arma dun crime, aínda que lavase as mans antes, xa deixo aí bastante ADN para ser identificado.



Pero moitas veces, que pasa? Para a policía, se hai un acusado, é fácil. Colles o ADN e miras se coincide co perfil do acusado. Pero, se non se sabe quen foi? A xenética forense hoxe en día tamén pode servir para darlle algunhas pistas á policía na fase investigadora dun procedemento para dicir cousas.

Por exemplo, podemos dicir cada vez mellor a orixe xeográfica da persoa que deixou esa mostra de ADN. No caso do 11-M, nós tiñamos unha serie de mostras e non se sabía de quen eran os perfís de ADN porque

non eran de ningún dos terroristas, nin da xente da policía, que tamén podía contaminar a cousa... e podemos dicir que a mostra era probablemente dun norteafricano, e case seguro, dun alxeriano e por iso puideron estreitar o rango de sospeitosos e coller un que era alxeriano. Podemos dicir tamén a cor dos ollos, a cor da pel, a cor e forma do pelo. Hai moita xente que está traballando en características físicas, para que a partir dun trazo mínimo de ADN poidamos dicir máis cousas que axuden a policía e os xuíces a perseguir mellor os delitos. Isto parece ciencia ficción pero é a verdade. Tamén hai que pensar nas consecuencia éticas que pode ter. Isto é unha cousa normal en toda a xenética.



Coñece vostede o seu perfil xenético?

Non, non teño nin idea, absolutamente. Nunca mo fixen nin teño o menor interese. Nin sequera a tentación de dicir “Teño esta enfermidade e vou ver como van os xenes que están detrás disto”. Non é por descoído de min mesmo, que tamén son bastante descoído, senón porque non ten moito sentido, non é unha pregunta que me faga a min mesmo e que me resulte de interese. Recordo cando foi o das vacas tolas. A xente que comía carne que estaba contaminada polas vacas que tiñan encefalopatía esponxiforme bovina podían transmitir unha enfermidade, pero non a calquera, unicamente á xente que tivera unha mutación determinada no seu xenoma. Non todos nós, aínda que comeramos carne de vaca tola, podemos ter a enfermidade de Creutzfeldt-Jakob, que era como se chamaba. Toda a xente do laboratorio empezou a facerse as análises para saber se eles podían comer carne a gusto.

Daquela había moita histeria. Eu fun dos que non me fixen absolutamente nada, e comín carne con máis gusto que ninguén. As cousas hai que relativizalas sempre.

Existen en Galicia máis enfermidades xenéticas que noutras partes de España?

Non. Non en termos xerais. Pero é certo que somos un pobo que vivimos aquí desde hai moitísimos anos, pero tivemos moi pouca inmigración, moi pouca achega xenética doutros pobos. Isto, desde un punto de vista xenético, fainos un pouco máis propensos a ter unha serie de peculiaridades. Hai moitas enfermidades xenéticas aquí que só as temos nós, polo que se chama un efecto fundador. Os primeiros que estaban aquí tiñan a posibilidade de ter algún xene alterado, e como non diluímos todo o noso conxunto de xenes con máis xente que viñera de fóra, o que pasou foi que agora temos enfermidades que unicamente están aquí. Esas son as enfermidades que se chaman por efecto fundador. Por exemplo, o cancro de mama hereditario non é aquí moito máis frecuente que noutras partes do mundo.

Un pouquiño máis tal vez, pero pouco máis. Pero si, o cancro de mama hereditario nunha porcentaxe moi alta das mulleres que o padecen, ou dos homes, que tamén o poden padecer, ten unha mutación determinada que unicamente existe aquí. Estas son peculiaridades xenéticas do noso pobo, que aparecen como consecuencia da nosa historia.

Que enfermidades hereditarias son as máis comúns?

Enfermidades hereditarias hai moitísimas. Pero hai que precisar, porque hai enfermidades hereditarias que se transmiten moi directamente de pais a fillos. Chámpanse mendelianas e transmitense de forma directa. Destas hai miles, e case todas son raras. Hai algunhas un pouco máis frecuentes como a fibrose quística, pero case todas son raras. O que pasa é que son moitas. Pero enfermidades hereditarias, ata certo punto, son case todas. A xenética, hoxe en día, xa non é importante para as enfermidades que se transmiten de forma clariña, como as mendelianas, senón tamén para as enfermidades comúns como a asma, a hipertensión, a diabete, a esquizofrenia, o

cancro, que teñen un compoñente hereditario importante. Cada vez é máis necesaria para facer diagnósticos e para poder saber o risco de padecela. A xenética pasou de ser de enfermidades raras que se transmiten de forma mendeliana simple a ser cada vez máis importante para saber o compoñente xenético das enfermidades máis comúns. De modo que esta é a resposta. As enfermidades hereditarias máis frecuentes son case todas, porque temos unha certa predisposición xenética para padecelas, as máis comúns, e cada vez é máis importante analizar ese compoñente, polo menos para entendelas mellor.

Que opina sobre a clonación humana?

A clonación humana está prohibida pola lexislación e a min paréceme ben que estea prohibida. Como vos dicía, en moitas cousas da xenética é importante pensar nos problemas éticos que poidan ser delicados. A min sempre me gusta ser moi cauto nas cousas e, aínda que é complicado poñerlle portas ao progreso, algunhas veces hai que limitalo, vendo as posibles consecuencias das cousas. A clonación humana xa foi inventada pola natureza hai moito tempo. Son os xemelgos univitelinos. Nunca sei se son os *mellizos* os que son iguais ou os xemelgos. Fágome unha lea. Pero facelo adrede buscando non sei que... non sei que se pretende facer con iso. Logo, a algo que non lle atopo ningunha utilidade, máis que un gran risco potencial de facer cousas raras, para min está ben prohibido.



E sobre as células nai, cre que poden ser a solución a moitas das enfermidades actuais?

Creo que teñen un futuro grandísimo na investigación, un futuro moi prometedor. E paréceme moi importante facer investigacións porque creo que teñen un potencial enorme. Nós non investigamos en células nai porque xa facemos tantas cousas! Sempre tiveren a tentación, pero non podo diversificar máis deixándome levar pola miña dispersión natural, non podo diversificar máis o grupo. Pero si que lle atopo moitísimo potencial. Tampouco creo que vaia ser tan doado controlar o potencial das células nai. Espero que non lle pase como lle pasou á terapia xénica hai moitos anos. A terapia xénica viña a dicir que, se temos enfermidades debido a unha alteración nos xenes, por que non corriximos iso? Por que non introducimos un virus non prexudicial pero que inclúa o xene defectuoso de modo que poidamos corrixir o defecto? Isto foi unha grande esperanza na medicina nos anos 80, pero ao final foi moi complicado poder controlar todo aquilo e serviu para moi pouquiñas cousas, de momento, porque é outra liña de investigación esperanzadora e que ten aínda moito potencial. Pero logo de trinta anos de traballar no tema non se conseguiron avances significativos. Eu ás células nai aínda lle vexo moito máis potencial, pero tampouco me parece que a cousa vaia ser tan fácil. Controlar como levar a célula nai a corrixir un defecto moi concreto é complicado e, ademais, igual que teñen moito potencial, tamén teñen outros potenciais malos, cancerixenos. Son células pluripotenciais. Logo o control de todo iso non vai ser cousa de coser e

cantar. Pero véxolle moitísima esperanza, é unha liña de investigación espectacularmente interesante. Pero hai que ir a modo. Non se pode esperar tampouco revolucións, non se poder dicir mañá xa curamos tal... Non. Hoxe en día a investigación é pouco a pouco... ir botándolle... facendo a casa pouco a pouco.



Cre que os alimentos manipulados xeneticamente, transxénicos, poden afectar a saúde e producir mutacións no noso ADN?

Non. A min paréceme que por comer un alimento transxénico aos teus xenes non lles vai pasar absolutamente nada. Estou absolutamente seguro. Teñen moi mal cartel. Por sorte nós non traballamos con transxénicos porque os que traballan nisto están nos infernos totais. Eu preguntome se de forma xusta... Non sei moito de transxénicos pero si escoito falar. Teño amigos que traballan con transxénicos e amigos que tamén están en contra dos transxénicos e divírtome moito escoitando as súas discusións. Por comer un transxénico non che vai pasar nada. De feito, deben ser os alimentos máis controlados do mundo a nivel sanitario e os de menos efectos. Os perigos potenciais poden ser por outras vías. Por exemplo, se facemos plantas transxénicas resistentes a pesticidas e logo botamos pesticidas a todo o que hai arredor para que unicamente esas plantas sobrevivan estamos causando un desastre ecolóxico. Ese si que é un perigo potencial. Ou plantas que teñan tales vantaxes adaptativas que invadan todo o medio. Eses son perigos potenciais que hai que controlar. A maior parte das cousas que se din sobre os transxénicos, para min, teñen pouco fundamento científico, non lle encontro ningunha sustentación, non me parecen que sexan malos *per se* en absoluto. E logo creo que poden

solucionar moitas cousas. Non son un antitransxenista radical para nada. Paréceme que teñen posibilidades, boas aplicacións e, como todo, hai que controlalo e saber como son os perigos potenciais, estudalos, limitalos, pero non deixar de investigar e facer cousas que poden ser boas.

Cantas persoas forman o seu equipo? Cantas mulleres?

Mulleres a maior parte, do que eu considero o meu grupo de traballo. Eu son o director de institucións que son moi grandes e hai máis dun grupo. Aquí no Instituto de Medina Legal está o meu grupo que somos os de xenética, pero tamén están os toxicólogos, patólogos forenses... Nunha parte da Fundación Galega de Medicina Xenómica está o meu grupo, pero tamén hai outra xente doutros grupos. No meu grupo directo, pero hai grupos independentes do meu, son sobre cen persoas que teñen moitas carreiras distintas, de moitos países e que son maravillosas. A maior parte mulleres, deben ser máis dun 70%. Máis ou menos como en medicina, que deben estar chegando ao 80%. O que me pregunto eu é onde están os homes. Pero iso é un misterio que teño que descubrir nunha investigación futura, ha, ha, ha!!

Dos logros acadados por vostede, cales cre que son os máis relevantes para o mundo da ciencia?

É complicado de dicir. Hai investigacións que teñen un impacto máis práctico e outras máis teórico. É moi complicado elixir. Son moitos anos traballando e facendo cousas. Podería escoller 15 ou 20 das nosas investigacións que a min me parecen moi bonitas. Algunhas teñen repercusións directas no traballo práctico e solucionan cousas. Outras contribúen a entender mellor as bases das enfermidades. Outras contribúen a entender mellor a nosa historia. Cada unha delas é bonita, apaixonante, interesante... non podería escoller só unha, non sería quen. Cando publicas nunha revista como *Nature*, ou como *Science*, -é moi difícil publicar aí- estes artigos teñen moitísimo impacto, pero algúns traballos nosos en revistas que non teñen ese impacto gústanme moitísimo e parécenme que contribuíron a solucionar problemas dunha forma eficaz. Non escollería unicamente os nosos traballos nos *top journals*, como nós lle chamamos.

En que está traballando nestes momentos? Cales son as súas próximas metas?

Ben, xa vos digo que temos un grupo moi grande. Cando empecei era eu nada máis, logo eu con dous, eu con catro... e agora con centos deles. E logo, con esa tendencia nosa á dispersión... Pero tamén é bonita, porque eu aprendín que podes facer unha torre e ser o mellor do mundo nun campo, pero é moito máis bonito facer unha cidade, e que outra xente nun futuro empece a facer torres. Esa é a miña ambición actual.

Nós traballamos en cousas diferentes. Traballamos en xenética forense, buscando novas cousas para dar resposta a casos difíciles, casos que non se poden resolver. Non só dar resposta, por exemplo, a casos de identificación, tamén á parte de patoloxía. A xente morre e moitas veces non se sabe de que se morre. Isto pode ser interesante, primeiro para saber de que se morre, pero tamén para previr outras mortes de xente que teña o mesmo problema. Facemos moita investigación de morte súbita. Tamén traballamos en moitas enfermidades diferentes, particularmente, no meu grupo investigamos moito en cancro, en cancro colo-rectal e cancro de mama. Agora estamos traballando moito en enfermidades psiquiátricas, particularmente en esquizofrenia e autismo. Estamos traballando moito en neuroxenética: enfermidades xenéticas con base neurolóxica, como as ataxias; tamén en doenzas comúns que lle afectan a xente, como poden ser as migrañas, dentro da parte neurolóxica. Traballamos moito tamén en farmacoxenética para ver como funcionan os fármacos, que, dependendo do tipo de fármaco, non funcionan sempre ben, e tamén producen efectos secundarios. Hoxe en día temos ferramentas para poder investigar este tipo de cousas, para ver cales son as bases xenéticas destas respostas aos fármacos, de modo que poidamos facer tests de ADN para que a xente leve o fármaco adecuado para o paciente adecuado. Isto



tuaregs, e descubrimos que, en gran medida, viñan do norte da Península ibérica! Cousas deste estilo son moi interesante e, ademais, convértense nunha ferramenta moi útil para os historiadores para saber que pasou nos tempos pasados. Que conste que a historia das migracións non é igual que a historia dos pobos. As migracións humanas son unha cousa biolóxica pero os pobos é unha cuestión cultural. Hai que entender ben as diferenzas.



chámase farmacoxenética e, para nós, é unha liña importante de investigación. Estes son os campos principais nos que estamos traballando. Tamén facemos algunha investigación básica no que chamamos xenética de poboacións humanas, que é algo máis lúdico, non tan práctico, pero que tamén é moi importante para o coñecemento: de onde vimos, como migraron as poboacións humanas, os galegos estamos aquí pero, desde cando? como? quen somos? Pasa igual con cada pobo da Terra. Sobre isto estamos facendo investigacións moi, moi bonitas. Onte veu no periódico un artigo de Antonio Salas, un membro do noso grupo que descubriu o enigma dos tuaregs, de onde viñan os

Actualmente a Universidade de Santiago está a traballar no desenvolvemento de chips de ADN para a análise de investigación criminal. Poderíanos explicar en que consiste exactamente esta investigación?

Os chips de ADN son unha ferramenta que se popularizou hai uns anos pero daquela ata hoxe... Os chips consisten en meter nun anaquiño de cristal un montón de anaquiños de ADN máis pequenos para poder facer análises máis rápidas. En medicina forense, aínda que empezamos con eles, agora xa non os estamos utilizando porque foron substituídos por metodoloxías máis eficaces. En medicina clínica teñen moitas utilidades, moitísimas aplicacións. Utilizamos chips de ADN para moitísimas cousas, por exemplo, para facer *screenings* de enfermidades xenéticas e, sobre todo, para ver cales son as causas xenéticas das doenzas máis comúns, porque teñen máis rendemento, pódense facer, rapidísimamente, millóns e millóns e millóns de análises.

O tipo de investigación que fai vostede, cre que está a un nivel máis alto en España ca en outros países de Europa?

Depende de cal. A xenética forense si. Somos o grupo de máis produción científica de Europa, e do mundo. En xeral España está moi ben. Seguramente en termos globais de produción científica, contando co noso grupo, debe estar case de primeira tamén, pero porque a produción do noso grupo é moi forte.

Noutras áreas non tanto. En xenética do cancro, aí estamos, pero hai outros países europeos que teñen moita máis produción: Reino Unido, Alemaña... En xenética de enfermidades psiquiátricas igual, aí estamos, pero ata Islandia ten máis produción que nós seguramente en termos de produción científica, e Reino Unido moitísimo máis. Depende do campo. Xa vos dicía que a miña idea neste momento é facer unha cidade, pero non nesta xeración, senón na vosa, vós, é dicir, sentar as bases para que, igual que agora podemos presumir de que en xenética forense somos o mellor grupo do mundo, dentro de trinta anos igual



outros poden dicir tamén que somos o mellor grupo en enfermidades psiquiátricas. Pero para iso hai que ir facendo as bases, ir facendo investigación entrando en consorcios... En investigación non se consegue ser o mellor ou ter a maior produción do mundo sen historia, sen tradición, sen interdisciplinariedade... é unha cuestión de moitos anos. Aquí o éxito da medicina legal non veu da miña xeración, vén de atrás, podemos dicir que empezou co profesor Concheiro, que se retira este ano e que, por certo, é de Ordes. El empezou con isto e, sen entender o que el fixo, non se podería entender o que fixemos nós. As cousas son así, pouco a pouco... hai que sentar as bases.

Neste momento, na televisión hai moitas series relacionadas coa medicina forense. Que hai de certo? cales son as diferenzas coa vida real, co seu traballo?

Pois mira, podedes crer que nunca vin na miña vida *CSI*? Teño pouco tempo pero debe ser ademais que non me interesa o máis mínimo. Ao contrario que á miña muller, que é intensivista e gústalle ver series de medicina. Eu non o entendo porque xa está todo o día con iso... pero gústalle. Non é o meu caso. Eu realmente teño pouco tempo, vexo pouquísimo a televisión. Gústame máis ler que ver a televisión, e nunca vin *CSI* na miña vida. Polo que me contan, pero só polo que me contan, dinme que non é tan diferente da vida real. Pero o que todo o mundo repite é que as cousas na vida real non se solucionan nunha hora. Igual o traballo de conseguir información de alguén que tocou aquí, nesta mesa, leva dúas semanas ou tres meses facelo, e con moita xente traballando. Non é chegar e dicir "este ADN coincide


con tal e ten os ollos azuis"... Non. Dá moito traballo, moito traballo de interpretación, de información... as cousas non son un capítulo dunha serie. Pero creo que o conxunto da estratexia e demais non é moi diferente da vida real. Polo que me contan!

Precísanse o inglés ou outros idiomas estranxeiros para o seu traballo?

Totalmente. Eu escribo o 98% en inglés, máis do 50% do que falo ao día é en inglés. Estou sempre de aquí para alá, todas as conferencias que dou normalmente son en inglés. Pero xa non é iso, no meu grupo un dos idiomas máis falados é o inglés, porque hai ingleses traballando con nós e eles non aprenden nin galego, nin castelán. Cústalles tanto, ou máis, traballo a eles aprender o noso idioma que a nós aprender o deles. Pero hoxe en día é o idioma da ciencia. No noso grupo hai que falar inglés. É básico, é o idioma da ciencia, mal nos pese. Eu aprendín francés, non inglés, cando era un rapaz alá en Santa Comba. Ben, a verdade é que alí nin francés nin inglés, ha, ha, ha!... pero máis ou menos fun aprendendo francés e, con moito esforzo, aprendín un bo francés. Pero logo, cando empecei a dedicarme á investigación, tiven que aprender inglés a cen por hora porque cando fun a Suecia, alí si que non falaban nin inglés, nin español, nin galego... nin nada que eu soubera, e os exames tiña que facelos en inglés, e tiven que aprender inglés a cen por hora. Agora tedes máis oportunidades e hai que aproveitálas. Tedes que aprender un bo inglés. É unha cousa moi importante, polo menos para quen queira dedicarse á ciencia.

Cre que a xente que sabe falar varios idiomas, ou polo menos o inglés, ten máis posibilidades cara ao seu futuro?

Clarísimamente. Hoxe en día a mobilidade é esencial, hai que moverse de aquí para alá. As posibilidades de traballo son infinitamente máis grandes se te podes mover. Aquí hai moito paro, pero en moitos países non hai case paro. Todo pasa pola capacitación profesional e polos idiomas. Hoxe en día a min paréceme dun valor básico.



É unha cousa que lle insisto moito aos meus fillos que teñen idades parecidas ás vosas. Sempre lles conto a importancia do inglés; eles veno diariamente porque ven que cos meus amigos que veñen á casa temos que falar inglés, e os fillos deles falan inglés. Se non queren estar alí a velas vir, non lles queda outra que aprender. Si que me parece unha cousa importantísima e que, polo menos o inglés, mal que nos pese... O meu rapaz maior, que ten 16 anos, di que é unha mágoa que non sexa isto o século XVI, que sería todo en castelán. Efectivamente é unha pena grandísima para nós, e unha sorte grandísima para os ingleses, ha, ha, ha!... pero é o mundo no que vivimos e non podemos facer nada, de modo que tedes que aprender inglés, que é básico.

Que saídas ten ao mundo laboral?

Penso que bastantes, sobre todo pensando nesa cousa chamada internacionalización. Toda a xente que traballou no noso grupo ou ben está traballando no noso grupo ou noutro lugar, pero ninguén está no paro. A xente do noso equipo cando queira, no momento que queira (quizais non hai traballo en España), pero cando queiran ir a calquera laboratorio de Europa e ter un posto de traballo, non teñen máis que pedilo, porque son moi queridos en todas partes. De modo que no noso grupo hai un futuro laboral bastante claro. Tamén é certo que na investigación pura hai un momento de crise grande, aquí en España, non tanto en Estados Unidos. Alí estiveron en crise hai uns anos, pero agora están subindo moito, recuperándose. Precisamente tendo en conta o internacionalizado que está todo, tamén aquí en España (non era así cando eu empecei) si que hai posibilidades de facer unha carreira investigadora. Non digo que sexa unha cousa fácil. Como todo, hai que traballar moito. Pero os que teñen ilusión e traballan moito, eu creo que non teñen problema con respecto ao seu futuro profesional. Pero hai que dedicarlle moito tempo, moita ilusión e traballar moito, que é a única variable na vida, non hai outra, hai que traballar desde o principio ata o fin. Facendo iso non haberá problema ningún. Digocho eu!


Cre que proxectos como o “Comenius”, no que o noso instituto participa xunto con Polonia e Lituania, constitúen unha boa ocasión para mellorar o inglés dos estudantes? Pensa que tamén axudan noutros aspectos?

Penso que axuda en máis aspectos que o propio do idioma. Como vos dicía antes, o idioma é unha cousa básica. É importantísimo para todo. Para a ciencia o máis importante neste momento é a internacionalización e a

mobilidade. Polo tanto, entender outros pobos, outras culturas, moverse, falar con xente doutros lados é básico, básico para o progreso e para a formación persoal. É unha das cousas máis importantes que existen. De modo que, falar con lituanos, con polacos, estar en proxectos comúns con eles é enriquecedor para todo o mundo. E para vós ten un valor formativo grandísimo. É importantísimo moverse, viaxar, entender outras culturas, entender outros problemas. Faite máis rico, podes entender o mundo moito mellor, e faite máis competitivo en termos laborais. Polo tanto, non é unicamente polo inglés, que é case o de menos. O importante é o feito de facer esas colaboracións que si ten hoxe un valor enorme. Isto é difícil de ver, pero para min, que xa son máis vello e vexo as cousas, ten un valor incalculable.

Coñecedores de que o seu labor investigador no campo da xenética se estende a un ámbito internacional (Estados unidos, Suecia, América, Asia, Xapón...), algunha vez traballou con Lituania ou Polonia?

Pois si, cos dous, tanto con Lituania coma con Polonia. Non creo que exista ningún país europeo co que non teñamos lazos de colaboracións. No meu campo da ciencia Polonia está facendo bastantes cousas desde hai bastantes anos, e moi ben feitas. Lituania tamén. Os xenetistas lituanos están entre os mellores do mundo en xenética de poboación. E medicina forense en Lituania está moi ben organizada. Eu tiven o gusto de ir alí dúas ou tres veces a dar conferencias e, a verdade é que me atopei cun país de xente encantadora, un país moitísimo máis rico do que eu pensaba. Toda a zona báltica realmente ten un futuro espectacular e un desenvolvemento impresionante. Parécese moito á zona sur de Finlandia e quedei gratamente sorprendido. De feito, teño previsto ir coa miña familia a un lago de Lituania en pouco tempo, para que a miña familia coñeza un país tan espectacular e tan rico, fundamentalmente no tema cultural e da xente, que é moi hospitalaria e encantadora. En definitiva, temos moitas colaboracións con ambos países.



Susana Seivane

Entrevistamos a

Susana Seivane naceu en Barcelona en 1976 no seo dunha familia de sona no mundo da gaita. Empezou a súa carreira musical con tres anos e, cando tiña 9 anos, ela e mais a súa familia mudáronse a Cambre, A Coruña, e pronto se gañou o respecto e a admiración de todos os do mundo da gaita e da música tradicional galega. Susana creou o seu propio estilo sintetizado co estilo dos vellos gaiteiros. Está rodeada dun grupo de músicos moi novos que achegan frescura e orixinalidade ao seu espectáculo.

En 1999 editou o seu primeiro disco *Susana Seivane*, baseado en temas tradicionais e composicións de artistas galegos, e que a levaron polos mellores escenarios de folk nacional e internacional, logrando moito éxito e inmensos eloxios da crítica. O disco foi editado en Europa, USA e Canadá. Co seu segundo álbum *Alma de Buxo* consolidouse como artista galega de referencia no panorama folk e introduciu instrumentos como a batería ou o baixo eléctrico e enriqueceu o disco coas súas propias composicións. No seu terceiro traballo, *Mares de Tempo*, dá un paso máis e introduce a súa voz nas composicións. En 2001 quedou finalista nos prestixiosos premios **Indie Awards** que a Asociación de Música Independente dos Estados Unidos (AFIM) outorga cada ano, na categoría de mellor artista de Música Contemporánea de todo o mundo.

Vexamos algúns comentarios da crítica musical xornalística:

- "A súa maneira de entender a gaita, lonxe de ser experimental ou aperturista, é reivindicativa da tradición" **El País**
- "Susana Seivane, gaiteira de casta: aínda que a tradición galega estivo sempre no centro da vida musical de Susana Seivane, esta musa das gaitas inxecta un sabor renovado e innovador ás súas cancións e discos. Susana Seivane é unha musa inspirada e inspiradora, sobre todo cando navega polos mares do tempo cos sons da súa gaita máxica" **World Music**

**SUSANA SEIVANE: gaiteira**

Data entrevista: 28 de abril

Entrevista:

Belén Picón Loucano
Sofía Guadalupe Rodríguez Duarte

Preguntas:

Lidia Martínez Castro
Raquel Martínez Pulleiro
Lorena Carneiro Lozano

Asesoría:

Antonio Sayáns Gómez

Supervisión preguntas:

Xosé Manuel Fernández Castro
M^a Isabel Mato Torres
Ana M^a Calvo Mariño

Gravación e edición audiovisual:

Xosé Manuel Fernández Castro
Raquel Rendo Martínez

Fotos:

M^a Isabel Mato Torres

Transcrición ao galego:

Lidia Remuiñán Rey
Lidia Sabel Blanco
Lorena Carneiro Lozano
Raquel Martínez Pulleiro
Lidia Martínez Castro

Supervisores transcrición galego:

M^a Isabel Mato Torres
Antonio Sayáns Gómez

Traducción inglés:

Marisol Liste Noya

Supervisión versión inglesa:

M^a Isabel Mato Torres

Contacto coa entrevistada:

Antonio Sayáns Gómez

Deseño gráfico:

Rosa M^a Maceiras Miñán



Como comezou nisto da música?

Pois comecei cando era moi pequeniña, cando tiña tres ou catro anos. Nun primeiro momento empecei por influencia familiar. O meu avó, Suso Manuel Seivane, comezou a construír gaitas no 36 e despois ese amor que el sentía polo instrumento, pola nosa cultura, pola nosa música... soubo transmitírllelo moi ben aos seus fillos (aos meus tíos e a meu pai) e a terceira xeración, na que estou eu. Así que empecei un pouco por influencia familiar, porque era algo que se vivía na miña casa. Pero despois o certo era que o levaba no sangue e, por iso, empecei a esta idade tan temperá. De feito, un dos meus xogos favoritos, á parte de xogar coas bonecas como todas as nenas, era escoitar moita música, música tradicional galega ou música popeira daqueles anos. Escoitaba moita música na radio, nos discos -que vós igual xa nin vos acordades- e collía a miña gaita e tocaba esas cancións. Tiña moi bo oído musical que foi algo que me axudou moito a empezar a esa idade tan pequeniña. E con esa idade non podía cunha gaita normal, cunha gaita estándar, entón a miña familia no meu cuarto aniversario fíxome unha gaitiña pequeniña, para que puidera tocar a gaita.

Considera que foi unha nena prodixio?

Ben, xa o teñen dito, porque o certo é que non se coñece a ninguén que empezara aos tres ou catro anos a tocar un instrumento que require moita fortaleza pulmonar. Hai unha anécdota que pasou

non hai moito, cando eu tiña 20 anos ou así. Chamaron á miña empresa de contratación dese programa de Teresa Rabal que facía con nenos de moitas habilidades e tal, e dixeronos "Dixéronnos que hai aí unha nena prodixio, que se chama Susana e que toca a gaita...". E desde a miña empresa dixerónlle "Sería nena prodixio antes, pero agora xa ten 20 anos" (ha, ha, ha!).

Aconsellárona os seus pais sobre a súa carreira?

Si, os meus pais e a miña familia. A ver, eu toquei a gaita toda a vida, pero para dedicarme a iso, digamos, profesionalmente, alá polo ano 97ou 98, a miña familia e a xente do grupo Milladoiro foron os que máis me apoiaron para que dera ese paso, que xa supoñía para min dedicarme profesionalmente á gaita. E, de feito, un dos fundadores de Milladoiro, Rodrigo Romaní, foi o produtor do meu primeiro disco e logo co-producimos o segundo disco e, dalgunha maneira, sempre estivo nos catro discos que levo editados. Si, si, a miña familia sempre estivo aí animándome para que me dedicara profesionalmente á gaita.

Que lle gustaría ser se non fose gaiteira?

De pequenos todos queremos ser moitas cousas. Eu de pequena quería ser detective, policía ou profesora. Sempre me gustou moito todo o tema relacionado coa docencia, e de feito, estudei Puericultura. Se non me dedicara á gaita, pero tiña todas as *papeletas* para dedicarme a ser gaiteira, seguramente sería algo relacionado coa docencia.

Como evolucionou Susana Seivane desde o primeiro disco, hai dez anos, ata este último?

O primeiro disco, que saíu no 99, empezamos a preparalo no 97, era un disco máis tradicional, digamos, referíndonos aos instrumentos que acompañaban a gaita. A medida que se foron sucedendo os discos foi evolucionando cara a un son máis moderno. O meu xeito de tocar a gaita non variou, pero o acompañamento dos outros instrumentos si. A partir do segundo e terceiro disco fun metendo instrumentos que lle dan moitísima máis forza e contundencia á miña música, como é a batería ou o baixo eléctrico. É un son máis contemporáneo e máis moderno, pero sempre dándolle moitísima importancia a instrumentos que son tradicionais galegos como a nosa percusión.

A mestura de estilos está presente nas súas composicións, por que?

É algo que me gusta e me chama facer a miña música así. Desde moi pequena bebin das fontes tradicionais,



sempre me fixei moito nos vellos gaiteiros, na súa maneira de tocar, no seu xeito de interpretar, e tendo como o meu máximo referente ao meo avó, Xosé Manuel Seivane. Pero hoxe en día, ao dedicarme profesionalmente á gaita e poder facer a música que quero, gústame mesturala con outros estilos musicais. Penso que é algo que enriquece a nosa música e por iso me gusta. Nos discos sempre se pode ver un achegamento a outros estilos coma ao pop, ao funky...

Que cre que lle achega cantar aos seus concertos?

Cantar é algo que tamén me gusta e que fago desde moi pequena. No primeiro disco cantaba moi pouquiño, facíalle a segunda voz á miña amiga Sonia Lebedynski, que é a cantante de *Fía na Roca*. A partir do segundo disco xa me fun animando máis a cantar polos ánimos que me daban as miñas compañeiras de profesión como Uxía Pedreira, Uxía Senlle, Guadi Galego, Mercedes Peón... Nos directos é algo que me gusta facer porque é moi agradecido. Non todo gaita. "Descansa" un pouquiño o oído mentres canto e pídlle ao público que cante comigo e resulta máis divertido.

Este último disco foi un proxecto no que fixo unha escolla entre moitos temas e contou coa colaboración de grandes profesionais. Como foi a experiencia?

Foi moi bonita. Este último disco saíu en xuño do ano pasado e chámase *Os soños que volven*. Dalgunha maneira quería que volveran eses soños, é dicir, esas melodías que me acompañaron desde os 3 anos ata hoxe en día, e que toquei durante toda a miña vida. Por iso digo que este disco é a banda sonora da miña vida, e case todos os temas que tocaba nese período son tradicionais. Apeteciame traelos ao día de hoxe para darlles ese toque máis contemporáneo e máis moderno. A verdade é que gocei moito facéndoo, todas esas melodías que eu tocaba de pequena... Mentres estabamos arranxando os temas estaba cos pelos crespos, coa pel de galiña porque me recordaban a miña infancia, Eu nacín en Barcelona e vivín alí ata os 10 anos porque meus pais coñecéronse alí, casaron alí e instaláronse alí, e alí nacemos miña irmá e mais eu. O disco recordábame todas esas sensacións da infancia,

a morriña que sentía por Galicia, porque viñamos pasar todos os veráns a Ribeira de Piquín, que é onde vive toda a familia de meu pai. A verdade é que *Os soños que volven* tróuxome moitas sensacións, recordos moi bonitos. É un disco que tiña moitas ganas de facer desde hai anos.

Como se aprecia a música galega fóra das nosas fronteiras? Hai diferenza entre os países que teñen ou non un pasado celta?

Pois a verdade é que nós onde máis tocamos é fóra das nosas fronteiras, e en todos os países nos que estivemos a aceptación é tremenda. Á xente gústalle moitísimo a música galega e non che sabería dicir ningún país no que estivera e que a nosa música lles soara rara, ou non lles gustara. Débelle parecer unha música moi exótica e gústalles moitísimo. En países como Francia, que é un dos países nos que máis concertos estou facendo nestes últimos seis ou sete anos, véndense un montón de discos e a afluencia de público aos concertos é espectacular. A música galega goza de moi boa saúde por aí fóra.

Como é a súa relación con outros artistas do folk galego?

Pois moi boa. De feito, nos catro discos que levo editados hai moitas colaboracións doutros artistas, como por exemplo, os que nomeei antes, as dúas Uxías (Uxía Senlle e Uxía Pedreira), Guadi Galego, Sonia, Olga Kirk; tamén colaborou xente de Milladoiro en varios dos meus discos e Rodrigo Romaní colaborou nos catro; xente de Berrogüeto, Pulpiño Viascón, a verdade é que teño a grandísima sorte de poder contar con todos eses amigos nos meus traballos.

Piratéanse moitos discos de música folk? Que opina desta práctica?

Ben, a práctica en si non me gusta, e o que menos me gusta son as grandes mafias que rodean a pirataría. Non me gusta porque é unha maneira de que a música corra perigo, de que vaia desaparecendo. De todas as maneiras, no folk non se piratea moitísimo porque, na miña opinión, o folk ten un público moi fiel e que está desexando que determinado artista saque o seu disco para ter o orixinal. Normalmente son discos moi traballados e coidando moitísimo os detalles do libreto interior con moitísima información, fotos do artista... e o público quere ter o orixinal. Eu penso que é un público máis fiel e que non piratea tanto coma noutros estilos de música.

Que papel representan as mulleres na música galega?

Pois as mulleres, como en case todos os ámbitos da vida, teñen un papel moi importante e, no caso da música galega, importantísimo. Antigamente non había moitísimas gaiterías, pero algunha si que había. O que pasa é que, nunha sociedade máis machista e diferente á de hoxe, estaba mal visto que as mulleres tocaran a gaita. Estaba mellor visto que tocaran a pandeireta e outros instrumentos de percusión. De feito, hai algunha anécdota como a dun grupo que ía polas vilas a recoller melodías antigas para aprendelas e tocalas eles, nunha vila de aquí, de Galicia, e dinlles que nunha determinada casa antigamente había unha muller que tocaba a gaita e que se dicía que aquela casa estaba embruxada. O papel da muller realmente si que foi moi importante. Houbo toda unha transmisión oral de xeración en xeración que foi moi importante para que hoxe en día teñamos este grandísimo patrimonio musical. Por exemplo, no caso da miña tataravoa, a avoa do meu avó, era unha muller que non tocaba ningún instrumento, nin a gaita nin nada, pero cantaba moi ben e era unha muller moi comprometida co folclore galego. E o meu avó aprendeu moitas cancións dela, cantándolle ela cancións tradicionais de música galega ou que aprendía ela, e meu avó aprendías na gaita.



Á parte da música tradicional, que outros estilos lle gustan? A música ten momentos?

Pois a música ten momentos. No meu caso, escoito moitos estilos de música diferente. E se te refires aos momentos do día, pois si, se estás máis triste

apetéceche escoitar un tipo de música e se estás máis alegre, pois outro máis festivo. Eu escoito bastante música, e o que máis escoito é música folk ou músicas do mundo, non ten por que ser galega. Dos galegos gústame moito Berrogüeto, Milladoiro, Budiño... hai bastantes grupos que me gustan... Espido... e de música



folk de fóra os meus grupos favoritos son La Bottine Souriante, Shooglenifty... que son grupos que teñen a base tradicional dos seus países pero despois mesturan con sons eléctricos, un pouquiño de música dance... pero se sons electrónicos, como no caso de Shooglenifty. Están moi ben, son grupos *cañeros* e, en directo, gústame moito. Tamén me gusta Killa. Despois outros estilos de música que escoito... gústame moito o rock, o funky, por exemplo, Alanis Morissette gústame moito e U2, que vou ir ao concerto que van facer agora en Donostia en setembro. Xa teño as entradas! Jamiroquai tamén me gusta moito. Escoito moita música diferente. Agora que vexo aí unha rapaza coa camiseta dos Beatles... si ti, ti ... Ha, ha, ha!! Teño toda a discografía dos Beatles. Ademais participei nun proxecto porque se vai celebrar o 40º aniversario da desaparición dos Beatles, e vaise facer un disco solidario. Os beneficios van ir para Médicos Sen Fronteiras e trátase de moitos artistas a nivel nacional, como Miguel Ríos, Paco de Lucía, Pereza, Guaraná, El Canto del Loco... xente moi coñecida que vai versionar temas dos Beatles. Quixeron contar comigo e versionamos o tema *Norwegian Wood*. E canto aí co meu "English" particular, pero quedou moi bonito, metémoslle unha gaita e ao final un valse tradicional galego para darlle o noso toque persoal ao tema dos Beatles, e a verdade é que quedou todo moi bonito. Sairá despois do verán.

Pódenos explicar por que ten a súa páxina traducida ao bretón?

Pois porque onde máis toco ultimamente é en Bretaña. Está en galego, castelán, inglés e non é bretón, creo que



está en francés, o que pasa é que o saúdo principal si que está en bretón, para facerlle un cariño á xente bretoa que me quere moito e traballamos moitísimo alá.

Que opina sobre o estudo das linguas estranxeiras? Por que lles custa tanto en xeral aprender inglés aos españois?

Eu penso que custa porque non se colleu a cousa desde pequenos. Eu, por exemplo, cando estudaba non había inglés. Eu empecei a estudar inglés cando ía en 6º de E.X.B con once anos ou así. Posiblemente era xa un pouco tarde. Para min o estudo dos idiomas é fundamental, é moi importante. Eu non me din conta ata que empecei a viaxar, polo meu traballo. É moi agradecido para a xente que está abaixo no concerto que poidas, aínda que sexa un pouquiño, falar no seu idioma e entendan o que lles queres dicir. Para min é moi importante. De feito, eu despois estudei inglés pola miña conta e un pouquiño francés. Non é que as controle demasiado, inglés un pouquiño máis porque foi o que estudei posteriormente no instituto, pero, a verdade, é algo moi importante. Tédeo en conta porque despois vos fará moita falta.

Vostede fala algún idioma estranxeiro? Foille útil para a súa carreira?

Falo un pouquiño francés e case o xustíño para presentar un concerto en Francia. Co inglés desenvólome un pouquiño mellor, porque foi o idioma que estudei, e permíteme presentar todo un concerto e incluso se xorde algo e teño que improvisar, tamén.

Participou sempre na defensa do galego, algo polo que gañou o Premio Xarmenta no 2008 no Bierzo, que significou para vostede ese premio?

Pois a verdade é que me quedei un pouco sorprendida porque non sabía que se deran premios por falar galego. Para min é algo moi natural. Aínda que nacín en Barcelona e vivín alí ata os dez anos, a miña educación sempre foi en galego. Meu pai educoume en galego, miña nai non porque é andaluza e tiña un pouco máis

difícil. Non teño absolutamente ningún problema en falar castelán, de feito, a miña familia materna son andaluces. Pero penso que a defensa do galego é primordial. Se outras linguas estranxeiras, potencialmente máis poderosas có galego é moi importante estudalas, eu penso que o galego é algo que está no noso sangue e no noso ser e que hai que loitar para que non desapareza.

O seu obradoiro familiar é o máis apreciado dentro do mundo da artesanía das gaitas, cal é o segredo?

Pois o segredo habería que preguntarllo á miña familia porque son os que fabrican as gaitas. Eu penso que o segredo está en moitísimos anos de traballo. Como xa dixen, meu avó montou o seu primeiro obradoiro de gaitas no ano 36, e desde ese ano ata hoxe son moitos anos de estudos, de investigación, para que a gaita evolucionara... Antigamente as gaitas eran moi rústicas, non afinaban ben... porque non había artesáns e, se un home tiña certas aptitudes como ebanista ou carpinteiro, pois facían as gaitas como podían e coas ferramentas que había daquela. Hoxe en día todo iso evolucionou moitísimo coas novas tecnoloxías. Por iso, a gaita agora pode compartir escenario, como no meu caso, con outros instrumentos como un acordeón, un piano, unha guitarra...

Entón o segredo está aí, na perseveranza, na investigación e sempre levantarse polas mañás e pensar por onde se pode ir para que o instrumento gañe en estabilidade. E eles son unhas persoas que sempre están aí dándolle á cabeciña.

Participa vostede nos labores de deseño e elaboración das gaitas?

Pois non, a verdade é que non. A terceira xeración, na que estou eu, dásenos máis pola interpretación que pola fabricación. Si que é certo que tamén traballei na empresa familiar, porque é bonito, non só tocar o instrumento senón tamén saber como vai construído, como funciona todo por dentro. Si que podo dar os meus consellos relacionados coa liña estética, os foles das gaitas, pero é algo que fan eles moito mellor ca min.



Estamos traballando no proxecto educativo “Comenius”, que é un proxecto de cohesión europea no que colaboramos con Lituania e Polonia. Existían proxectos similares na súa época de estudante?

Pois se non me fixerades esta pregunta, era algo que eu quería comentar porque me parece tremendamente interesante. Cando eu estudaba, non hai tantos anos, non tiñamos estas cousas. Realmente é moi interesante que poidades coñecer outras culturas, facer estes intercambios... Porque as clases de matemáticas, de inglés, de galego están moi ben e hai que facelas, pero tamén vos vai vir moi ben coñecer outras culturas e sociedades. Paréceme un proxecto moi interesante.

Cre que estes proxectos son un bo método para mellorar o inglés dos estudantes? Pensa que tamén axudan noutros aspectos?

Si. Nos aspectos de coñecer outra xente cunha cultura moi diferente á nosa. Se non coñecemos outras culturas pensamos que estamos só nós no mundo. Claro, tamén é moi interesante, sobre todo, para mellorar o inglés, que é no que falades cos outros rapaces.

Tivo ocasión de visitar Polonia ou Lituania por motivos laborais ou por lecer?

Pois por ningunha das dúas cousas. Se a miña xeografía non me falla, creo que o máis cerca que estiven de alí foi en Alemaña, a onde fomos facer unha xira hai anos. Así que, cando vaia, xa vos contarei, porque non fun aínda.

Gustaríalle facelo?

Si, claro que si. Todo o que sexa viaxar por aí e levar a miña música a países diferentes, creo que é moi gratificante, ver como outras xentes doutras culturas e países reaccionan coa música que lles levas.

Como cre que lles vai afectar aos polacos o recente accidente no que morreron o seu presidente e tanta xente importante do seu partido?

Pois paréceme que andan un pouco revoltos e que vai coller o mando o seu irmán. Realmente non sei como lles pode ir, en política internacional pillasme un pouco despistada.

Se puidese formular un desexo sabendo que se ía cumprir, ata onde desexaría que chegase a súa carreira como gaiteira?

Gustaríame seguir na liña na que estou, porque cando no ano 99 saquei o meu primeiro disco tampouco me podía imaxinar todo o que me aconteceu despois. Foi nun bo momento, cando vivimos ese gran boom que houbo da música folk, con aquela canción que se fixera tan famosa de Hevia, que fora a banda sonora da volta ciclista. Naqueles anos, a raíz de todo iso, houbo un grandísimo boom na nosa música, onde as grandes discográficas e multinacionais se empezaron a interesar por esta música, e claro, encontraron en Galicia unha auténtico *filón* de gaiteiros e gaiteras, pandeireteiras, cantantes e músicos en xeral. Despois de sacar o disco, deseguida viñeron as xiras internacionais. Sorprendeunos a todos bastante que tivera tanto éxito, que lle gustara tanto ao público, que tivera tan boa crítica musical nas revistas especializadas.

Estou moi contenta de como está indo a miña carreira e esperamos que siga así.

Permítanos a derradeira cuestión como principiantes no mundo da entrevista, hai algo ao que lle gustaría responder pero nunca lle preguntaron?

A verdade é que teño feito moitas entrevistas e téñenme feito preguntas rarísimas e de todo tipo, así que penso que todo está preguntado e todo está contestado.



INTERVIEW BY ...